

CONSELLO DA CULTURA GALEGA



PONENCIA DE ANTROPOLOXÍA CULTURAL



**TECNOLOXÍA
TRADICIONAL:
DIMENSIÓN
PATRIMONIAL
E VALORACIÓN
ANTROPOLÓXICA**


**Actas do Simposio Internacional
In Memoriam Xaquín Lorenzo**

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Ilustración da cuberta:


Gran Enciclopedia Gallega

CCG
1996
116



TECNOLOGÍA TRADICIONAL

Dimensión patrimonial. Valoración antropológica



TECNOLOXÍA TRADICIONAL

Dimensión patrimonial. Valoración antropolóxica

Ourense
13 ó 15 de outubro de 1994

Coordinadores
A. FRAGUAS FRAGUAS
X. A. FIDALGO SANTAMARIÑA



Consello da Cultura Galega
Ponencia de Antropoloxía Cultural

EDITA:

© **Consello da Cultura Galega**

I.S.B.N.: 84-87172-15-6

D.L.: C-1925-1996

Imprime:

Litonor

ÍNDICE

NOTA INTRODUCTORIA	9
LEMBRANZA DE DON XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ Antonio Fraguas Fraguas	13
A OBRA ETNOGRÁFICA DE D. XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ Xosé Manuel González Reboredo	21
ANTROPOLOXÍA E ETNOGRAFÍA Xosé Antonio Fernández de Rota y Monter	39
LOS CARROS PINTADOS EN CASTILLA Y LEÓN: TECNOLOGÍA, ARTE Y ESTATUS EN EL MUNDO RURAL José Luis Alonso Ponga	49
ÁREAS DE USO Y CAMBIOS TÉCNICOS. EL CASO DEL CARRO CHILLÓN EN ESPAÑA José Luis Mingote Calderón	67
O VESADOIRO: HISTORIA E FUNCIONALIDADE Araceli M. Liste Fernández	105
O CULTIVO TRADICIONAL DO "MIJO", MILLO MIÚDO, (<i>PANICUM MILLACEUM L.</i>) EN GALICIA Xosé Manuel Vázquez Varela	117
TECNOLOXÍA TRADICIONAL E TRANSFORMACIÓN: O EXEMPLO DOS FORNOS DE PAN DE CEA (SAN CRISTOVO DE CEA / OURENSE) Francisco Xavier Limia Gardón	127
OS DERRADEIROS BATÁNS, EN VÍAS DE DESAPARICIÓN Xosé M. ^a Lema Suárez	143

UN EXEMPLO DE COMO DESAPARECE UNHA CONSTRUCCIÓN POPULAR: OS HÓRREOS DO VAL DE ANCARES Clodio González Pérez	179
LA ARQUITECTURA TRADICIONAL DE LAS ERMITAS DE BIZKAIA Gurutzi Arregi Azpeitia	193
OLERÍA TRADICIONAL GALEGA. DUNHA TRADICIÓN RACIONAL A UNHA NOVA OLERÍA Luciano García Alén e María García-Alén García	211
EXVOTOS DE CERA: TECNOLOXÍA E FUNCIONALIDADE Xosé Fuentes Alende	227
VELLAS ACTIVIDADES ESQUECIDAS DOS CAMPESIÑOS OURENSÁNS Xosé Antón Fidalgo Santamariña	261
NOTAS PARA UNHA XÉNESE DA CULTURA MARIÑEIRA EN GALICIA Francisco Calo Lourido	283
LA LANCHAS DE RELINGA Y LA BUCETA. TRADICIÓN E INNOVACIÓN EN LA CARPINTERÍA DE RIBERA DE CALDEBARCOS Staffan Mörling e Xosefa Otero Patiño	295
LES TECHNIQUES VITICOLES TRADITIONNELLES ET LEUR MISE EN VALEUR MUSÉOGRAPHIQUE Claude Royer	313
SUR QUELQUES ÉLÉMENTS PROBABLES DES TECHNIQUES DE LA VIE RURALE EN GAULE, D'APRÈS LE LEXIQUE FRANÇAIS D'ORIGINE GAULOISE Jean-René Trochet	325
LE MOBILIER DE LA PETITE ENFANCE. DE LA CLASSIFICATION FONCTIONNELLE À L' INTERPRÉTATION DES PRATIQUES Denise Glück	335
A APRENDIZAXE DOS MESTERES Xosé Filgueira Valverde	349

NOTA INTRODUCTORIA

Coincidindo co quinto aniversario do pasamento do etnógrafo ourensán Xaquín Lorenzo Fernández (Ourense, 23-VII-1907, Lobeira, 19-VII-1989), a Ponencia de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega considerou oportuno convocar un Simposio Internacional de Antropoloxía no que participasen diversos estudiosos dunha temática moi querida por D. Xaquín, e á que lle dedicou o mellor do seu esforzo investigador: a tecnoloxía tradicional.

O volume que agora se edita recolle os textos dos relatorios presentados neste Simposio, que se desenvolveu arredor do tema: ***Tecnoloxía tradicional: Dimensión patrimonial e valoración antropolóxica***. A nosa pretensión era levar a cabo unha análise das principais cuestións que o tema abrangue, tentando presentalas novas achegas, feitas por un feixe de investigadores galegos e foráneos que, menos unha excepción, ofreceron os seus textos para a publicación das Actas que agora se presentan ó lector. Aínda que se procurou que os temas se abordasen desde as perspectivas etnográfica, etnohistórica e antropolóxica, que o investigador obxecto do simposio deixou practicado nos seus estudos, o resultado final é este que agora se ofrece ó lector.

Tal como aparece nas páxinas que seguen, tratouse de ser fiel ós textos dos distintos relatores de fóra de Galicia, respectando os textos orixinais que nos enviaron. Por outro lado, a pesar das dificultades que presentaban algúns orixinais, tratouse en xeral de ser fiel ós mesmos para non terxiversalo discurso dos distintos autores, o que xustifica certas deficiencias de estilo que, sen embargo, non afectan á súa comprensión.

Tocante ós contidos, o volume inaugúrase coas intervencións sobre a figura e a obra do investigador homenaxeado: o primeiro texto é da autoría de D. Antonio Fraguas Fraguas e o outro de D. Xosé Manuel González Reboredo. Seguen os textos das intervencións do profesor X. Antonio Fernández de Rota sobre a relación epistemolóxica entre Antropoloxía e Etnografía, e dous re-

latorios sobre o carro, apeiro agrícola imprescindible para o labrego, que constituíu un elemento ó que D. Xaquín Lorenzo lle dedicou o mellor do seu esforzo investigador; o de J. Luis Alonso Ponga versa sobre os aspectos morfolóxico, funcional e estético dos carros pintados en Castela e León, mentres que o texto de J. L. Mingote Calderón recolle a documentación iconográfica e histórica dispoñible sobre os carros "chillóns" en España.

A continuación aparecen os estudos doutros apeiros, técnicas agrarias e construcións populares. Araceli Liste Fernández fai un estudio sobre a historia e funcionalidade do vesadoiro; X. M. Vázquez Varela estudia o cultivo tradicional do "mijo", millo miúdo; F. X. Limia Gardón presenta un texto sobre os fornos de coce-lo pan de Cea; X. M.^a Lema Suárez analízanos os batáns de Mosquetín na parroquia de Salto (Vimianzo); Clodio González Pérez céntrase no estudio dos hórreos do val de Ancares; e Gurutzi Arregui Azpeitia na análise da arquitectura tradicional das ermidas de Biscaia.

Os oficios artesáns e habilidades tradicionais tiveron presenza no Simposio a través dos relatorios que se recollen a continuación, presentados por L. García Alén sobre os oleiros galegos, X. Fuentes Alende arredor da elaboración artesá e a funcionalidade dos tradicionais exvotos de cera, e de X. A. Fidalgo Santamariña sobre os vellos oficios e habilidades tradicionais dos campesiños ourensáns. Tamén a cultura e tecnoloxía mariñeiras foron estudadas nos relatorios titulados: "Notas para unha xénese da cultura mariñeira galega", presentado por Francisco Calo Lourido, e "A lancha de relinga e a buceta. Tradición e innovación na carpintería de ribeira en Caldebarcos" elaborado por Staffan Mörling e Xosefa Otero.

Os relatorios dos investigadores franceses Claude Royer, Jean-René Trochet e Denise Glück poñen o acento internacional ó simposio. O texto de C. Royer versa sobre as técnicas vitivinícolas tradicionais e o seu valor museográfico; J.-R. Trochet fai un estudio da procedencia dalgúns elementos das técnicas da vida rural gala; e a investigadora D. Glück ofrece unha interesante análise dalgúns elementos do mobiliario asociados á máis pequena infancia. Os textos do volume de *Actas* péchanse coa contribución de D. Xosé Filgueira Valverde sobre "A aprendizaxe dos mesteres", que durante moitas xeracións veu mantendo vivos estilos artísticos, técnicas de traballo e linguaxes especiais de oficio, dun numeroso colectivo de profesionais.


Aínda que, lamentablemente, non puidemos contar co texto do profesor S. Rodríguez Becerra sobre o tema: "Las haciendas sevillanas: significación tecnolóxica y valoración cultural", consideramos que os textos que agora se editan reflicten o máis salientable dos achados e contribucións sobre a temática central que ocupou os debates do presente Simposio.

Os coordinadores teñen que agradece-la decidida colaboración prestada pola Dirección do Ateneo de Ourense, que cedeu os seus locais para que alí se desenvolveran as sesións do Simposio. Tamén se senten na obriga de manifesta-lo seu agradecemento a tódolos participantes e ó persoal do Consello da Cultura Galega, que coa súa experiencia e colaboración facilitáronlles en todo momento ós coordinadores as tarefas de organización. Mención especial merece o presidente deste organismo, Excmo. Sr. D. Xosé Filgueira Valverde, que non só nos deu azos para levar adiante este Simposio, senón que participou activamente no encontro.

O falecemento de Don Xosé no mes de setembro de 1996, cando estaba ultimándose a publicación destas Actas, supuxo para tódolos seus amigos e colaboradores non só a perda dun erudito que deixou importantes contribucións etnográficas dentro da súa vasta obra, senón a desaparición deste mundo dun valedor dos estudos antropolóxicos. Sería inxusto reduci-la nosa lembranza do benquerido mestre a unhas poucas liñas neste limiar; por iso limitámonos a dar conta da triste nova e agardamos nun futuro non moi afastado renderlle a homenaxe que merece o seu dilatado labor nos eidos da cultura galega.

Esta publicación, por outra banda, constitúe o sexto volume de actas dos simposios de Antropoloxía organizados polo Consello da Cultura Galega nos últimos anos. Esta continuidade é unha mostra máis do interese pola Antropoloxía social presente no Consello da Cultura Galega, pero tamén se debe á constancia e dedicación dos membros da Ponencia de Antropoloxía Cultural, que converteron estas xuntanzas nun obxectivo principal do seu traballo, e nun acto de servizo á cultura galega e universal.

Antonio Fraguas Fraguas
X. A. Fidalgo Santamariña



LEMBRANZA DE DON XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

Coordinador da Ponencia de Antropoloxía Cultural do CCG

Don Xaquín Lorenzo Fernández naceu en Ourense o día 23 de San Xoán do ano 1907. Pola súa bondade e o seu afecto, tódolos compañeiros de colexio chamábanlle cariñosamente Xocas e quedou para el nome propio, para sempre, porque nin a morte o borrou.

Seu pai, D. Xosé Lorenzo Álvarez, era avogado, pero endexamais exerceu a avogacía. Estudiu en Santiago e foi un dos fundadores da revista *Café con gotas*. Humorista de primeira liña caracterízase por ser escritor cómico en prosa e verso, conseguindo premios, destaca o que convocou o xornal madrileño *El Liberal*, no que conseguiu o máximo galardón.

Asina os seus escritos co seudónimo "Tabarra", foi colaborador de *Madrid Cómico*, *Barcelona Cómica*, *La Saeta*, e na prensa galega.

Home culto e bondadoso, preocupado en primeiro lugar pola familia, foi un defensor da aldea e un dos máis eficaces orientadores das sociedades obreiras de Ourense.

O matrimonio tivo outro fillo, Xurxo, que morreu moi novo. Xocas estudiou o bacharelato en Ourense, onde tivo de mestre de Historia e Xeografía a D. Ramón Otero Pedrayo.

OS MEDOS

É mester falar dos medos que asustaban ós rapaces. Pasada a etapa do "Cocón" viña o "home do unto", que dormía preto do lugar para coller un ra-

paz ou mociña nova que entregaba ós boticarios. Aínda quedaban algunhas bandas de ladróns que foron desaparecendo pola defensa propia de pazos e rectorais. A cola do cometa Halley que dicían que ardería a terra no lugar onde chegara. Por fortuna pasou e non fixo mal, eu lembro algún veciño dicir en que lugar iría espera-la morte.

A chamada "guerra europea" puña medo polo alcance dos canóns, pero o medo máis grande foi o dos "gases asfixiantes" porque o aire podía traelos. Os rapaces oíamos falar na cociña dos adiantos nas terras de Francia e nas batallas da mariña nos Dardanelos.

Tamén puxo medo no seu momento a eclipse total. Estabamos na escola e, como non se vía, o mestre mandounos saír pero non dixo ren do fenómeno. Unha muller veu preguntar qué pasaba, que as galiñas ían para o galiñeiro e non era máis que a mañá.

Da guerra lembro o relato dun médico da mariña, que contaba que o barco de pasaxeiros no que ía, unha noite recibiu a visita dun submarino e déronlle cousas que xa levaban preparadas. Outro día puíden ver un mapa do tamaño dun folio, único que vin nos oito anos que fun á escola. Un veciño, o señor Bernardino, preguntoulle ó mestre por onde quedaba Verdún, que o bombardeaban moito os alemáns. O mestre díxolle: - "Agora lle mostro onde está". E sacou un papel do tamaño dun folio e colocouno sobre a mesa. Eu fun preguntar unha verba que estaba lendo e puíden ve-lo mapiña de Europa.

Os dous irmáns estudiaaron o *Foro de Lobeira*, traballo que me enviaron para que corrixise se había que corrixir e se despois se podería publicar. Para que non fose só a miña lectura, paseillo a D. Xesús Carro, e os dous comunicámoslles unha felicitación, é o que había que facerlles. O traballo publicouse en *Arquivos do Seminario*.

Rematado o bacharelato viñeron para Santiago e os dous foron colaboradores do "Seminario de Estudos Galegos" e da Facultade de Filosofía e Letras.

Na facultade estiveran Pericot en Prehistoria, Cotarelo en Literatura e Usón en Paleografía. Viñera D. Abelardo Moralejo, de Latín, que obtivera a cátedra en decembro de 1928, coincidindo coas vacacións foramos de excursión a Madrid e Toledo. Unha noite fomos saudalo ó café, non sei o nome, estaba en socalcos coma os viñedos nas ribeiras do Sil e do Miño. Por se-lo máis vello fun o primeiro en saudalo. Fomos moi amigos sempre, colaborou co Seminario asistindo á Asemblea que se celebrou en Pontevedra e presidiu na facultade o primeiro exame que se fixo en galego. No tribunal estabamos D. Abelardo, Sebastián González e mais eu.

Viñeron novos catedráticos. Era decano D. Ciriaco Pérez Bustamante e cubriuse Arte con Castillo Yurrita, e Historia Medieval con Viñas Mei e os dous Galindo. Os antigos auxiliares eran Luisa Cuesta Gutiérrez, Salvador Parga

Pondal, D. Ramón Gallego García, D. Luis Villar Somoza e D. Xoán Pérez Millán. Entramos por oposición, Pereira Rial, Alfonso Vázquez Martínez, Sebastian González García e un servidor, repito, os catro por oposición.

Comezan as inquietudes políticas. Na Universidade unhas conferencias en galego, unha das primeiras pronuncieina eu sobre "Notas do Folclore galego" na aula número 1 e Xocas foi pronunciar unha á Coruña: "A muller no Cancioeiro galego". As paixóns políticas collen posturas de aceptación, de aceptación e traballo, de indiferentes e de contrarios máis ou menos perseguidores. Nos catedráticos era seguidor Castillo e era perseguidor Viñas, a quen lle puxo freo Sebastián por unhas raras cousas que dixera. No primeiro claustro da Facultade, Sebastián censurou as manifestacións de Viñas, advertindo que non estabamos dispostos a tolerar semellantes censuras, porque traballabamos sen molestar a ninguén. Castillo felicítounos polo noso traballo e dixo que non se podía tachar de analfabetos a uns rapaces que publican traballos de investigación e pronuncian conferencias. Pero os irmáns Lorenzo Fernández tiveron que trasladarse a Zaragoza, onde morreu Xurxo. Serio investigador, paleógrafo, historiador e musicólogo.

A Guerra Civil mobiliza a Xocas, que foi ferido de gravidade nun brazo; despois da estadía no hospital veu para a casa, onde se xuntaban os amigos D. Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Cuevillas, Leuter e outros, que estaban fóra da guerra polos seus anos.

Hai que volver ós camiños da investigación. Percorre Xocas toda Galicia, o gran paseo campestre dálle material para a obra sobre Galicia: *Antropología. Cultura material*, que forma o tomo II da *Historia de Galiza*, dirixida por D. Ramón Otero Pedrayo. Xocas, guiado por Pericot e por Cuevillas, é un ilustre investigador de prehistoria e realiza escavacións en varios castros e mámoas, e vai recollendo material e lendas. Na súa casa, en Lobeira, foi xuntando cantigas.

Exerceu o oficio de ensinante, primeiro no Instituto e despois no Colexio Cardenal Cisneros ata a súa xubilación. En etnografía, **o carro** foi por onde empezou os traballos que non abandonou endexamais e non puxo punto final ata despois dunha serie de publicacións sobre xugos, rodas, nomes e ata unha película.

Foi un traballador constante e deixou magníficas monografías, podemos citar "Notas etnográficas da terra de Lobeira. O liño e a lá", publicada en 1933, cuns debuxos tan difíciles e tan perfectos que poderían poñerse en oposicións a cátedras.

Para ingresar na Real Academia Galega fixo o seu discurso sobre "A casa galega", e no ano 1943 publica en Hamburgo *Das Bauernbaus im unterem Limiabeckem. Prov. Orens. Spanien*.

Pero Xocas era o mestre gratuito de cantos tiñan algo que investigar; dende a súa estadía en Santiago foi un ansioso da formación dun Museo Etnográfico, do que fixáramo-los comezos no artesoado de Fonseca, no momento do traslado das cousas "museables" do "Seminario de Estudos Galegos", que fixemos nunha padiola, dende San Clemente a Fonseca.

En Ourense foi colaborador da Comisión de Monumentos e da formación do grupo "Marcelo Macías", e colaborou en xornais de Galicia, Portugal e América.

Estudou santuarios como Nosa Señora do Viso, pola que tanto se preocupou, pola emoción que sentía polas moitas atencións da Virxe e dos Santos. E podemos dicir que comezou polo Santo Cristo, que estudou en "La Capilla y el Santuario del Santísimo Cristo de la Catedral de Orense" en colaboración con Xesús Ferro Couselo, e que rematou na máis humilde ermidiña na illada carballeira.

Non deixou de anotar coidadosamente o casamento ou o entroido en Lobeira, tamén estudou canto hai de castros e lendas, e dos seus arredores ou proximidades; e entre os libros publicados figura *Vila de Calvos de Randín*, a onde mandaron destinado o mestre e ilustre poeta Noriega Varela dende Ribadeo. O libro *Vila de Calvos de Randín* publicouno en 1930 en colaboración con Cuevillas, e tamén con Cuevillas e Hermida publicou *Santa Marta de Velle*.

Estivo na escavación en Borneiro e publicou *As dornas do Porto do Son*; con Rubén García publicou *San Ginés de Francelos*. E tivo en conta o vello río, o grandioso Miño en *Vellas artes de pesca no río Miño*.

Unha das últimas cousas publicadas é *Cantigueiro popular da Limia Baixa*, valiosa obra con interesantes notas con variantes doutros lugares. E aínda publicou máis cousas: "El carrito en la Limia Baixa" no *Boletín Auriense*. Labor de primeira categoría foron as escavacións nos castros, dende os da zona marítima, organizadas no ano 1933, ata as realizadas por Ourense adiante durante toda a súa vida, rematando en Castromao.

En colaboración con Ferro Couselo publicou "O Combarrizo", no *Boletín del Colegio de Arquitectos de Galicia*.

Libro de tempo e de emoción é o que recolle o *Cantigueiro popular* nas terras que rega o río Limia nunha parte do seu percorrido, na Limia Baixa, "unha rexión natural perfectamente definida. Situada no SW da provincia de Ourense, comprende as terras que teñen por lindeiros a fronteira portuguesa polo leste e polo sul, e Ponte Liñares polo Norde e os montes de Baltar polo Nacente, abranguendo así o curso medio do río Limia e o Val do río Salas que se artella con el".

Dentro da unidade xeográfica hai un número grande de variantes en moitas cousas, "en moitos aspectos da vida das súas xentes, variantes que se

manifestan de cote nalgúns intres do vivir popular que podemos ollar nas nosas cantigas, non somentes pola localización dalgunhas en canto os seus temas, senón tamén polo leixico”.

“Pese o seu isolamento, as terras alleas influiron no idioma, especialmente Portugal, creando certas variantes que os indíxenas perciben e describen decindo que en Entrimo din *cenén*, en Lobeira *cenei* e na Fraga *ceei*. Polo demais -engade Xocas- no noso *Cantigueiro* atópanse vacilacións debidas a estas influencias ollándose *alguén* e *alguién*, *el* e *il*, *ceo* e *ceu*, *mañá* e *mañán*, *figueches* e *fixeches*, *sea* e *sexa*, *soma* e *sombra*, *segredo* e *secreto*, *estades* e *estandes*, *iste* e *este*, etc.”.

As cantigas están escritas tal e como as dixeron, e hai algunhas que xa foran publicadas, pero tamén hai que dicir que volveron ser recollidas nas moitas horas que pasou recollendo as que aínda se cantaban no fiadeiro e demais festas populares. E no recanto amoroso de lembrar aquí as persoas que recitaron entre tanto estaban ó redor do lume nas longas noites da invernía figuran, en primeiro lugar, os familiares que menciona por esta orde e con estas verbas:

En primeiro lugar, meu irmán Xurxo, que co seu corazón de poeta, cheo de agarimo da terra, soubo ir deprendendo as cantigas populares como quen vai collendo as froiñas da nosa campía. E logo, miña nai, co seu amor ás xentes do noso campo, que sempre atoparon nela consolo e agarimo, foi ouvindo e transcribindo as inxenuas composicións que lle recitaba a tía Margarida, que ós seus 90 anos presumía de enfia-las agullas sen traballo; a tía Balbina, namentras lle contaba as súas doenzas; a tía Avelina, vella fiadeira, que lembraba os seus anos mozos namentras petiscaba nalgunha lamberetada.

Logo todos aqueles que nas noites de inverno, no serán a carón da lareira, ian desenfiando as súas lembranzas en cantigas e máis cantigas. E Rosa, a moicña loira, cantadeira da Limia Baixa, berdeira dos poetas dos Cancioneiros Galaico-portugueses, cantoras dende fai xa anos, da gloria do Señor. A súa grande retentiva proporcionoume moitas cantigas, ás que compre engadir as feitas por ela.

E aquela outra que foi afondando no latexar da ialma do pobo e soubo zugar dela a mel do saber popular.

A Bieito Fernández Álvarez, que me regalou un fermoso mangado de cantigas de San Mamede de Grou.

E os meniños de entón, homes boxe, que 'figueron' as súas cantigas pra nos pedir aguinaldo cando viñan cantalos 'reixes'.

Seguro que inda quedan outros porque foron moitos os que proporcionaron cantigas.

Os cantares dos reis eran tamén clásicos noutros lugares. Xocas cita o día de noiteboa do ano 1933, estaba pasando con eles as vacacións en Lobeira o

entón estudante Hans Schneider, os veciños foron cantar “os reises”, botaron as gabanzas, “os vivas” e lembraron tamén o escolante forasteiro:

*Nos días da miña vida
xa vin un cacho de pan;
que por moitos anos viva
o señorito alemán.*

E o “señorito alemán” soubo agradecer tan afectuoso saúdo cun improvisado cuarteto:

*Nos días da miña vida
xa pasei por unha feira;
que por moitos anos viva
a xentiña de Lobeira.*

Corenta anos despois volveu Schneider a Galicia, estivemos con el pero a penas se lembraba das historias pasadas. Sempre pasa así, hai xente que sabe usar moi ben a sorna do esquecemento.

O *Cantigueiro*, recollido denantes do 1933 e publicado no 1973, ten un valor extraordinario porque a Guerra Civil trouxo as novas manifestacións artísticas e xa non fan falla as cantigas porque agora a xente non precisa cantar, non canta porque canta por ela o “transistor”, que canta na cociña, no balcón e no comareiro da leira e nos poucos agros que se cultivan.

O *Cantigueiro* amosa a vida por enteiro con tódalas preocupacións dende o nacemento ata a morte, que terá o seu canto triste e pedirá un rezo pola súa alma. O amor ten unha atención especial con manifestación de ben ou de mal e os finos e máis delicados sentimentos de entrega do corazón.

Están xulgados na cantiga os oficios con afecto ou con desprezo, precaución moi recomendada ás mozas cos canteiros, un eloxio para os carpinteiros e o medo polo perigo para os mariñeiros.

A cantiga tiña a súa aplicación nos casamentos, así facían na voda cando o cortexo chegaba á casa da noiva “pra xantar, ao se sentaren á mesa, a recén casada collía un ramo cheo de roscas e doces e dáballo ao invitado que tiña á súa dereita, iste, posto en pé botaba unha cantiga adicada a novo matrimonio e pasaba o ramo ao seu veciño, quen faguía o mesmo; de iste xeito o tal ramo daba a volta á mesa, deica chegar de novo ao comezo; entón os noivos desfaguían e repartían as lamberetadas, il antre os homes e ela antre as mulleres”.

Hai as cantigas de cego, este nas romarías percorría as mesas improvisando cantigas de loanza seguindo as indicacións da persoa que o acompañaba.

ba. Son composicións que se adaptan facilmente ós comensais polos modelos que o cego leva ben sabidos.

Non se poden esquece-las poesías de ilustres poetas que, aprendidas de memoria, eran cantadas nos fiadeiros, nas ruadas, sen saber quen fora o autor, iso pasou con moitas poesías de Valentín Lamas Carvajal. Igualmente hai que ter en conta que o *Cantigueiro*, este libro, é da Limia Baixa e as terras veciñas, pero as composicións poden vir doutros lugares onde as aprendeu algún mozo ou moza lonxe da Limia. Certas notas aclaran debidamente paralelos e lugares, pero hai que ter en conta que hai cantigas que son de toda Galicia.

Son moitos os traballos publicados por Xocas, faltábanlle algúns á colección que tiña na súa biblioteca. Había quen usaba o truco de pedir prestado e non devolvía, e Xocas explicoume un día que non sabía a quen lle deixara un folleto que non tiña cos compañeiros. Os libros ocupaban os espazos caseiros, e dicía que rematarían botándoo fóra da casa, tamén parece que prestara fotos que agora faltaban.

A xenerosidade deste ilustre investigador non tiña lindeiros e tanto deixaba un libro como unhas notas conseguidas con moito traballo, totalmente inéditas; sempre gran amigo estaría hoxe aquí, sentiríase feliz por falar na introducción e por estar, como especialista nos estudos do carro, no grupo de cantos falaban do carro.


Era home alto, delgado, fumador empedernido e saudoso cafeteiro. Crente fervoroso, tivo por guía a Nosa Señora do Viso; guiou a procesión ó compás da pregunta do sacristán: *¿Quen reanuda as chavellas?*, que vai facendo cada dez ou doce metros de camiño. escoita e loa o repenicar das campás e asiste á Santa Misa con filial devoción. Cando remata a festa lembra a promesa feita e sempre cumprida:

*Veño á Virxe do Viso
veño a cumprir unha obriga
teño de voltar ó Viso
miña Virxe, mentras viva.*

Lobeira era para Xocas o xardín dos seus amores, e cando se atopaba fóra sentía o fino mal de ausencia que moitas veces escorrentaba lembrando o cantar das ansias:

*Quen me dera en Lobeira
quen en Lobeira me dera;
quen me dera en Lobeira,
Lobeiriña, miña terra.*

E de Lobeira cambiou de morada pasando á mansión dos Benaventurados, que é unha mansión de Santos.



A OBRA ETNOGRÁFICA DE D. XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ

XOSÉ M. GONZÁLEZ REBOREDO

Membro da Ponencia de Antropoloxía Cultural do CCG

No ano de 1988, no que o Consello da Cultura Galega lembraba a figura de D. Ramón Otero Pedrayo, tiven unha das últimas oportunidades de escoitar a D. Xaquín Lorenzo, Xocas para os amigos, no marco do Pazo de Trasalba, cedido polo "Patronato" para pechar un Simposio de Antropoloxía. Compartía D. Xaquín mesa con D. Xosé Filgueira e D. Antonio Fraguas, afortunadamente -e que sexa por moitos anos- aínda presentes entre nós. Moderaba o querido amigo o Dr. Calo Lourido, que fixo unha fermosa introducción comparando, a xeito de vidas paralelas, as tres personalidades que compartían estrado.

Efectivamente, D. Xaquín, como Fraguas e como Filgueira, son homes con abondosas coincidencias na súa singradura vital. Nados os tres na primeira década do presente século, profesores os tres de Ensino Medio, compartiron unha teima común que poderíamos resumir así: o amor por Galicia e a súa cultura. A eles tres queremos dedicar esta nosa intervención, aínda que, como é lóxico, centrarémola na figura de D. Xaquín, a quen este Simposio está dedicado.

Algunhas figuras da Antropoloxía tēñennos dito por escrito e con claridade o nacemento da súa vocación. Ben coñecida é a forma en que o fai Lévi-Strauss en *Tristes Trópicos* (LÉVI-STRAUSS, C., 1970, 39 e ss.), nun memorable capítulo. A figura galega de Vicente Risco deixounos pistas que nos permiten descubri-la súa conversión ó estudio da cultura galega -como a de Otero ou Cuevillas- no ensaio *Nós, os inadaptados*. No caso de D. Xaquín Lorenzo tamén contamos cunha confesión persoal na que podemos constatar unha

nacente inclinación polos estudos etnográficos. Nunha pequena nota publicada na *Homenaxe* a Fl. L. A. Cuevillas, do ano 1957, lembranos como, sendo un rapaz de dezaseis anos, decidiu durante as vacacións estudiantís na súa querida Lobeira facer unha maqueta do carro típico da zona e recolle-los nomes das distintas pezas; de volta en Ourense para iniciar un novo curso académico, tivo a oportunidade de contactar con Florentino Cuevillas e amosarlle o froito das súas pescudas. Co maxisterio desinteresado, que era unha característica dos homes da Xeración Nós, Cuevillas facilitoulle bibliografía e deulle unha especie de consigna: que estudiáse o carro galego. Así naceu o etnógrafo Xocas, mantendo ó longo da súa vida unha fonda fidelidade a esta incipiente vocación, que alternou con traballos de Historia e Arqueoloxía (LORENZO FERNÁNDEZ, X., 1957).

Para entende-la obra de D. Xaquín Lorenzo como etnógrafo é preciso ter en conta o ambiente en que se formou, os influxos que puido recibir e, en definitiva, a corrente intelectual na que se encadrou. Neste sentido repetiremos, con algunhas matizacións, o que xa dixemos anteriormente doutros compañeiros de inquietudes, como foron Taboada Chivite -outro ourensán egrexio- e Fermín Bouza Brey, dos que nos ocupamos en anteriores simposios (GONZÁLEZ REBOREDO, X. M., 1993 e 1994).

Os homes da Xeración Nós, que renaceron para a cultura galega na segunda década do século presente (Risco, Otero, Cuevillas, Castelao) e tamén os investigadores que comezaron a traballar no "Seminario de Estudos Galegos" a partir de 1923 (D. Xaquín, Bouza, Fraguas, Filgueira, Martínez López, o sempre chorado Xurxo Lorenzo, irmán de D. Xaquín, etc.) recibiron unha herdanza do século XIX coa que trazaron os alicerces teóricos do seu traballo, pero tamén incorporaron novas formulacións froito das correntes imperantes en Europa na primeira metade deste século. Como fixemos cando nos ocupamos de Taboada Chivite e de Bouza-Brey, parece necesario lembrar neste caso estas bases intelectuais para entender mellor a obra de Xocas.

A HERDANZA DO SÉCULO XIX

Do século XIX (con precedentes xa no XVIII, que omitimos para non alongar esta exposición) os investigadores do Seminario recibiron unha ampla bagaxe procedente de escritores e estudiosos anteriores que podemos agrupar así:

A) A contribución que á restauración cultural de Galicia fixeran os escritores do Rexurdimento. Rosalía, Curros, Pondal e outros moitos creadores literarios, sen ser etnógrafos, nin historiadores, nin arqueólogos, divulgaron

unha idea posromántica de Galicia que achegou fondas esencias á afirmación da identidade galega. O amor pola Terra e polas xentes, derivado da súa obra, froito esta dun idealismo refrescante e anovador, deixará fondas pegadas en tódolos estudiosos que estamos a mencionar; recentes investigadores, como Vázquez Varela (VÁZQUEZ VARELA, X. M., 1994) chamaron a atención sobre isto, e tamén o profesor Rodríguez Campos fala en escritos seus dunha "Antropoloxía romántica" (RODRÍGUEZ CAMPOS, X., 1994).

B) Costumistas-agraristas, que afondaron con agudeza etnográfica na nosa cultura rural, aínda que non fosen etnógrafos no sentido literal do termo. Un exemplo témolo en Alfredo Vicenti, que publicou un feixe de artigos baixo o título xenérico *A orillas del Ulla* a partir de 1875 (DURÁN, J. A., 1984, 37 e ss.). Os artigos de Vicenti resultan cumpridos cadros do vivir aldeán nos que se pasa revista con afinada descrición a temas de cultura tradicional como as festas do ciclo anual, feiras, vida familiar, crenzas, etc.

C) Tratadistas de dereito consuetudinario, algúns xa na alborada do século XX, como García Ramos ou Nicolás Tenorio, que nos deixaron obras nas que aínda hoxe o estudioso pode atopar datos para as súas investigacións (GARCÍA RAMOS, A., 1912; TENORIO, N., 1982; DURÁN, J. A., 1984, 227). As páxinas de *La aldea Gallega* de Tenorio ou a *Arqueología jurídico-consuetudinaria-económica de la región gallega* de García Ramos son mostra dunha corrente en que plana a preocupación polas prácticas consuetudinarias do pobo presentes noutras grandes figuras da época, como Xaquín Costa.

D) Algún estudioso de corte positivista ó que tamén se acudirá para atopar información máis que para segui-las súas pautas, como o médico lucense D. Xesús Rodríguez López, autor, entre outras cousas, dun libro reiteradamente reeditado, *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares* (RODRÍGUEZ LÓPEZ, X., 1970).

Ata o presente citamos antecedentes decimonónicos que influíron en certa medida en D. Xaquín e os seus compañeiros. Pero non cabe dúbida de que os grandes precursores seus, os que máis pegada van deixar neles, pertencen a outra orde de inquietudes.

Cómpre citar, en primeiro termo, o labor levado a cabo pola Sociedade "El Folklore Gallego". Despois da introducción do Folklore en España por obra de Machado y Álvarez (santiagués de berce e aveciñado sevillano dende temperá idade), fúndase a Sociedade "El Folklore Gallego" na Coruña en decembro de 1883, pronunciando o discurso inaugural a súa presidenta, a Condesa de Pardo Bazán, o 1 de febreiro de 1884. Neste discurso sinálase o obxectivo básico da sociedade, que era o de "salvar esas tradiciones que se pierden, esas costumbres que se olvidan y esos vestigios de remotas edades que corren peligro de desaparecer para siempre" (PARDO BAZÁN, E., 1884, 9). Estamos

dian­te dun proxecto inocuo en principio, cen­trado na recollida de datos, que aspi­raba a salvar testemuños o mesmo que o documentalista aspi­ra a conser­var e transcribir docu­mentos deixan­do para outros, ou para posteriores fases, a análise dos con­tidos. A Sociedade, a pesar da súa curta vida, deixou asen­ta­do en Galicia o con­cepto de Folclore e mesmo che­gou a elaborar un cues­tionario moi com­pleto no que, ó longo de VIII apartados, se pre­gun­taba por temas como a literatura popular, costumes, festas, crenzas, artes populares, etc. (FRAGUAS FRAGUAS, A., 1974; GONZÁLEZ REBOREDO, X. M., 1990, 9). A moda decimonónica de recadar datos a partir dunha en­quisa ou cuestionario seguirá par­cialmente vi­xente nos homes do "Seminario de Estudos Galegos", e diso temos unha mostra directamente relacionada con D. Xaquín; o noso ho­menaxeado elaborou cuestionarios como un sobre embarcacións, correspon­dente ó ano 1933 (LORENZO, X., 1933), leva un pequeno prólogo de Vicente Risco e consta de 115 items referidos a embarcacións, aparellos de pesca, or­ganización social, crenzas dentro dos barcos, administración económica, etc. Non eran xa os tempos de D. Xaquín momentos en que as enquisas se con­si­deraran como única e principal fonte de información, pero tam­pouco renun­ciaron a elas os homes do Seminario, man­tendo así unha forma de traballo herdada do século anterior. O desexo de salva-lo documento etnográfico da desaparición ou do esquecemento, presente xa no século XIX, seguirá sendo unha teima dos etnógrafos do noso século, o que provocou frecuentemente unha falta de propostas teórico-analíticas dos materiais, tarefa que se deixaba para futuras sínteses.

Amais da citada influencia, no Seminario vai pesar fonda, decisivamente, a tradición do historicismo decimonónico, especialmente a representada por D. Manuel Murguía, o gran historiador do Rexurdimento. Precisamente un dos cabezas de fila da época de formación de Xocas, Vicente Risco, dedicoulle a Murguía un intenso estudio no que podemos atopar todo un programa que en boa parte presidirá as investigacións dos etnógrafos de Galicia ata mediados do século XX. Segundo Risco, a obra de Murguía foi un sistema cohe­rente que tiña os seguintes puntos básicos:

1. Unha idea central: a nacionalidade galega.
2. Unha demostración étnica, xeográfica, idiomática e histórica desta idea.
3. Un corolario: a restauración política, económica e cultural de Galicia (RISCO, V., 1976, 27-28).

A idea de salvar ou arquivar, propia da Sociedade do Folclore, anchéase en Murguía ata atinxir aptitude para afondar no pasado histórico en procura daqueles horizontes do pasado nos que se constituíu a etnia galega, a esencia dunha alma galega que, sen renunciar ó progreso e sen pecharse a in-

fluencias novas, mantén unhas constantes pluriseculares que a distinguen das propias doutros pobos. As concepcións baseadas neste principio, moi vixentes na Europa da época, levaron a cuñar termos ben coñecidos como o xermano de "volksgeist", e mesmo influíron decisivamente no desenvolvemento de teorías como a da "psicoloxía dos pobos".

A asunción desta tradición supuxo para Risco, para Xocas e para os demais membros da súa xeración a asimilación dun credo historicista actuante en disciplinas que xurdiron no século XIX, como a Antropoloxía, na que figuras como Morgan, Tylor e máis tardiamente Frazer tentaban facer unha reconstrución dos estadios culturais polos que pasara a Humanidade seguindo os modelos postos de moda polos evolucionistas biolóxicos ou polos evolucionistas sociais como Spencer. En todos eles as culturas diferentes da occidental-contemporánea, consideradas localmente como "menos evolucionadas", manteñen formas de vida que corresponden a estadios pretéritos, polo que a súa observación pode ser de utilidade no labor de elaboración dunha historia do desenvolvemento da humanidade. Neste contexto a nosa propia sociedade occidental podía tamén achegar datos para a tarefa, pois, encistadas aquí ou acolá, quedaban prácticas que, postas en relación con datos do pasado, ancheaban o discurso histórico e aclarábano moitas veces. A diferenza entre os antropólogos universalistas e os etnógrafos e folcloristas europeos, centrados nos seus respectivos pobos, estriba en que estes fixeron fincapé nos elementos diferenciais dos grupos que estudiaban, namentres que os antropólogos destacaron máis intensamente os aspectos comúns da evolución da humanidade. En moitos casos tamén os folcloristas e os antropólogos acabaron descubriendo que moitos fenómenos culturais non se debían á evolución directa senón ó espallamento de formas culturais duns pobos a outros, xurdindo así un nacente difusionismo que cobra gran pulo unha vez comezado o século presente. Pero, en calquera caso, existe en todos, evolucionistas, difusionistas, universalistas ou localistas un lugar común, a saber: no presente etnográfico e folclórico existen "supervivencias" que nos permiten completa-los datos da historia. A teoría das supervivencias foi un principio básico da Etnografía europea e vinculou frecuentemente os estudos etnográficos cos referidos ás etapas máis remotas da humanidade, é dicir, ás de Prehistoria. Tomando o modelo epistemolóxico de paleontólogos como Lyell, xa en 1865 o gran prehistoriador Lubbock destacaba a utilidade de estudar trazos dos primitivos como forma de explicar algúns aspectos da vida dos homes prehistóricos. En suma, estamos diante dunha postura na que o esforzo se centraba en reconstruír. Reconstruír para coñece-lo pasado, pero tamén para rexenerar e identificar un pobo diferenciado no caso dos investigadores galegos e de moitos outros lugares de Europa. En certa medida esta "reconstrución" convértese nunha for-

ma de explicación que non debemos desprezar, en tanto que os feitos de cultura teñen tamén unha dimensión de proceso histórico que cómpre coñecer, sempre e cando isto sexa posible.

NOVAS PERSPECTIVAS DETECTABLES A PARTIR DO SÉCULO XX

Como xa dixemos, a data de 1923 (fundación do "Seminario de Estudos Galegos") é a que nos pode servir de referente para enmarca-lo nacemento dunha nova Etnografía en Galicia, da que foron artífices o Xocas e os seus compañeiros de xeración, todos eles con Risco á fronte como mestre e teórico. Esta nova etapa non supón, nin moito menos, unha ruptura co anterior, existindo unha nidia continuidade que se reflicte en feitos como seguir considerando a Etnografía e o Folclore como ciencias que anchean e completan o discurso histórico, ou en principios programáticos básicos como o de que o pobo galego ten unha alma específica e diferenciada que se proxecta nas súas creacións culturais. As novidades que atopamos agora, nembargantes, non se poden pasar por alto. Resumirémolas así:

1. Un afán por achegarse máis intensamente ó obxecto de estudio. Se o labor dos estudiosos decimonónicos era as máis das veces indirecto -agás excepcións-, manexando datos de segunda man obtidos de informes illados ou de enquisas que se converten no método predominante, agora comeza a producirse con certa frecuencia unha observación directa, no campo, dos fenómenos ou feitos a estudar. Non se trata (insistiremos unha vez máis nisto, aínda que xa o temos dito en varias ocasións) dunha observación participante ó estilo da propugnada por Malinowski, que aspiraba a ter unha visión global da cultura, senón dunha recompilación *in situ* de datos illados e/ou insólitos que permitisen establecer unha relación temática ou formal co pasado ou con paralelos do presente en áreas consideradas de base cultural común. Pero, a pesar disto, o método etnográfico gaña agora en efectividade e rigor.

2. Un reforzamento da interdisciplinariade. Aínda que xa os investigadores decimonónicos -o citado Murguía é exemplo- utilizaron datos procedentes de disciplinas diversas para construí-las súas interpretacións, o certo é que os investigadores do Seminario, logo continuado polo "Instituto P. Sarmiento", trazaron programas de investigación con equipos de especialistas diversos que deron algúns froitos maduros, como a ben coñecida obra *Terra de Melide* (VV.AA., 1933).

3. A asunción primaria de trazos da corrente histórico-cultural xermana, especialmente nas formulacións iniciais de figuras como Frobenius. O afán de facer unha historia cultural da humanidade a partir da teoría dos Círculos cul-

turais que está presente neste movemento etnolóxico resultaba en certa medida próximo ó desexo que tiñan os nosos etnógrafos de reconstruí-lo noso pasado dentro dunha provincia etnográfica determinada e dentro tamén do Círculo da Civilización Occidental-Atlántica. Isto non quere dicir, por suposto, que a nosa Etnografía dos anos vinte, trinta, corenta e cincuenta seguise con fidelidade os postulados histórico-culturais; pero si resulta evidente que algún dos criterios dos nosos etnógrafos coincide plenamente cos propostos por esta corrente etnolóxica, especialmente o de forma, que tiña un grande arraigamento en ciencias como a Prehistoria ou en actividades como a museoloxía etnolóxica. Segundo este criterio, formas semellantes podían indicar unha orixe común e eran un indicio para segui-lo espallamento dun trazo cultural nunha área determinada, independentemente da súa funcionalidade aparente.

En resumo, se tivesemos que sintetiza-las directrices fundamentais que marcaron o labor de Xocas e os demais etnógrafos galegos do seu tempo poderíamos facelo dicindo que as dúas cousas que pretenderon foron: RESCATAR OU SALVAR DOCUMENTOS ETNOGRÁFICOS e, posteriormente, RECONSTRUÍ-LO PASADO DA CULTURA GALEGA. E estas dúas preocupacións supe-ditábanse sempre a un fin último: A AFIRMACIÓN DA PECULIARIDADE GALEGA. Estiveron sempre abertos a novas tendencias foráneas, asumiron total ou parcialmente novos credos, pero nunca se afastaron deste obxectivo final. Por iso pouca, mellor ningunha, influencia exerceron sobre eles outros enfoques coetáneos como os representados pola Antropoloxía anglosaxona ou pola corrente socioloxista francesa, tan invocadas como alicerce polas correntes antropolóxicas actuais.

PRINCIPIOS PRESENTES NA OBRA DE DON XAQUÍN

Se as misións fundamentais do etnógrafo eran recompilar e reconstruír, podemos dicir que en xeral D. Xaquín Lorenzo centrou o seu esforzo, a parte máis importante e abondosa da súa obra, na tarefa de RECOMPILAR. Neste sentido podemos consideralo como un continuador da vella proposta da Sociedade do Folclore de recolle-los feitos etnográficos denantes de que esmorecen. Aínda que na mera descrición sempre podemos atopar unha carga teórica subxacente ou un eco das ideas do autor, moitos dos seus escritos teñen pouca ou ningunha dimensión interpretativa; son basicamente un esforzo minucioso, ben documentado, encamiñado a coñecer polo miúdo facianas da cultura tradicional galega pouco ou nada descritas anteriormente. Varios exemplos podemos aducir neste sentido, tomados da súa vasta obra.

Descrición minuciosa dun aspecto da vida social, centrada como moitas outras na terra de Lobeira, témola no artigo que, en colaboración con seu irmán Xurxo, publicou no núm. 58 da Revista *Nós*, no que se describe un casamento en Lobeira (LORENZO, X. / LORENZO, Xurxo, 1928). Na mesma revista, no núm. 108, publica 29 cantigas recollidas en Borneiro (LORENZO, X., 1932b). Informe etnográfico, que abrangue diversos aspectos como a casa e construcións adxectivas, o arado e outros trebellos de traballa-la terra, o carro, os muíños, a arte popular e o cancionero, é un interesante escrito seu titulado "Notas etnográficas de la parroquia de Borneiro", que veu a luz no *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense* (LORENZO, X., 1941-42). Moitos anos despois continuará con este afán descritivista a través de numerosos artigos e notas misceláneas. Algunhas recollen datos de toda Galicia, como sucede no artigo "El carro en el folklore de Galicia" (LORENZO, X., 1974a). Outras son sinxelas notas moi puntuais, como a dedicada a un torno de carpinteiro da Terra Chá lucense e publicada no *Boletín Auriense* (LORENZO, X., 1975), outra sobre unhas máscaras de Entroido chamadas os "escabicheiros" (LORENZO, X., 1982), e mais outra sobre a "ramboia" (LORENZO, X., 1984). Afán recompilador atopamos tamén no libro titulado *Cantigueiro popular da Limia Baixa* (LORENZO, X., 1973b), no que recolle 2547 cantigas, 9 composicións en verso, 5 desafíos, 10 parrafeos, 7 oracións e 6 romances, acompañados de notas que establecen paralelos ou aclaran a súa comprensión, pero que non aspiran a dar unha interpretación global dos materiais recollidos nin a integralos nunha teoría xeral da sociedade e cultura nestas terras.

Con frecuencia véñse dicindo -nós fixémolo nalgunha ocasión- que D. Xaquín Lorenzo é un etnógrafo centrado especialmente na cultura material. Sen ser isto totalmente certo, pois cultivou tamén temas de sociedade e do mundo simbólico-ideacional, a verdade é que boa parte da súa obra xira arredor desta temática, abrangendo aspectos como a arquitectura popular, embarcacións, apeiros de labranza e moitos outros temas de tecnoloxía rural. Xa vimos como a súa incipiente vocación etnográfica xermolou en torno a un trebello que seguirá estudiando ó longo da súa vida: o carro.

Pois ben, tamén nesta parte da súa produción atopamos unha gran cantidade de artigos complementados con moi boas ilustracións -era bo debuxante- nos que a intención descritiva, o desexo de dar a coñecer con minuciosidade obxectos e construcións, é predominante ou exclusiva. Aduciremos algúns exemplos que xustifican as nosas afirmacións:

- No ano 1934 publicou nos núms. 126-127 da Revista *Nós* un artigo sobre as dornas de Porto de Son, podendo afirmar que se trata da primeira descrición detallada que temos deste interesante tipo de embarcación característica das Rías Baixas (LORENZO, X., 1934a). Consciente D. Xaquín da relación

que existe entre os obxectos e os homes, non se limita aquí á tecnoloxía das dornas, senón que tamén describe o traballo dos mariñeiros que nelas navegan e as relacións sociais que a pesca xera.

– Un segundo exemplo, centrado na pesca fluvial, é o artigo titulado “Artes de pesca no río Miño” (LORENZO, X., 1966). Describe aquí o chamado barco de dornas, típico do curso medio e baixo do río Miño, e tamén os anzois de madeira utilizados polos pescadores fluviais desta zona.

– Pero a súa gran obra, decisiva neste eido e en xeral en toda a produción de D. Xaquín, é a monografía dedicada á Cultura material e publicada nos anos sesenta no Tomo II da *Historia de Galiza* dirixida por R. Otero Pedrayo (LORENZO, X., 1962). Trátase dun xigantesco esforzo de síntese descritiva dos aspectos tecno-económicos da cultura tradicional galega. Ó longo de máis de setecentas páxinas traza 5 grandes apartados dedicados respectivamente á arquitectura, a actividade agraria e mariñeira, os oficios, o traxe e a mantenza, e o camiño e o carrexo. Creo que se pode asegurar sen marxe de erro que a súa síntese permite ter unha visión completa do que era a vida material dos nosos labregos, mariñeiros e artesáns, sendo un esforzo pioneiro non só en Galicia senón en toda a Península, a pesar de que nalgún apartado se limite a recolle-lo xa dito por outros investigadores. Soamente será ampliada posteriormente por outros estudos sectoriais polo que a Galicia se refire, e hai que agardar algún tempo para atopar sínteses doutras terras de España e Portugal que poidan superala. A descrición de Xocas, aínda que o parece, non é totalmente inocua, pois nela podemos ver grandes facianas dun sistema cultural que, se ben está en relación con outras cousas semellantes das culturas tradicionais europeas, no seu conxunto permite debuxar un inconfundible cadro de galeguidade fonda sen saír da descrición. Sabedor como era de que os obxectos están en íntima relación co home, o seu texto non se limita a enumerar cousas, senón que tamén nos dá abundosa información sobre o seu uso, o réxime de propiedade, as características das labouras feitas cos trebellos, etc. O vello criterio de forma, que pretende establecer tipos e o seu espallamento xeográfico, está presente, por exemplo, nos mapas de distribución dos tipos de xugo que puido detectar nos seus estudos de Galicia, e noutros apuntamentos sobre espallamento de formas materiais semellantes ó longo do territorio galego.

PALABRAS E COUSAS

Calquera lector atento da produción do investigador hoxe lembrado pode descubrir un bo feixe de artigos seus de grande interese e nos que existe unha fonda preocupación polo léxico. Evidentemente, como el mesmo nos di nalgunha ocasión, D. Xaquín non pretendía ser lingüista; pero si estaba fondamente interesado por detectar variantes non só nas formas dos trebellos que estudiaba (variantes, por exemplo, no xugo ou no carro), senón tamén na nomenclatura correspondente ás distintas pezas que os compoñían. Resulta distinto que na súa obra atopamos unha tendencia a asocia-las "cousas" (obxectos) ás verbas coas que eran designados.

Unha mostra desta inquietude témola en escritos como o titulado "Notas lingüísticas gallegas" (LORENZO, X., 1948), no que recolle un vocabulario da Limia Baixa. Tamén está moi presente nun dos seus máis completos artigos, titulado "Nomenclatura del carro gallego" (LORENZO, X., 1956). Trátase este último dun detallado estudio no que recolle numerosas variantes da terminoloxía do carro en Galicia a partir de datos procedentes de 203 localidades, que lle permiten elaborar varios mapas de distribución dos termos, dos que inclúe a etimoloxía nalgúns casos.

Esta curiosidade polo léxico rural acerca a D. Xaquín a unha corrente de investigación que adquiriu gran pulo nos anos vinte e trinta do presente século, sendo a súa metodoloxía aínda nos nosos días utilizada por algúns lingüistas. Referímonos á por veces chamada etnolingüística de maneira xenérica ou, con máis precisión, o método "Palabras e Cousas", que pretendía asocia-los obxectos coas verbas que os significaban, buscando ademais a orixe etimolóxica dos denominativos e tamén a orixe histórica dos obxectos.

Ben sabido é que en Hamburgo nos anos vinte xurdiu un importante feixe de lingüistas xermanos especializados en linguas románicas que, dirixidos por Krüger, fixeron importantes estudos sobre o léxico do Noroeste peninsular asociando as verbas ós trebellos por elas significados. O propio Krüger estivo por estas terras e publicou algunha monografía de gran fuste que interesa tanto ó lingüista como ó etnógrafo, tal a que lle dedicou a Sanabria (Hamburgo, 1929) ou a titulada *El léxico rural del Noroeste ibérico* (KRÜGER, F., 1947). Ademais de Krüger investigaron aquí discípulos seus, como Ebeling ou Schneider. Boa parte das investigacións do Seminario de Hamburgo viron a luz na prestixiosa revista *Volkstum und kultur der Romanen*. Pois ben, é precisamente aquí onde reaparece a figura de D. Xaquín, que estableceu contactos con estes investigadores, cos que coincidía en certas inquietudes. Efectivamente, el publicou na citada revista, en versión alemana de Schneider, dous artigos, un dedicado ós sistemas de freada do carro galego que se complemen-

ta cunha nomenclatura de tódalas pezas do carro, e outro dedicado á arquitectura popular da Limia, no que reaparece a súa curiosidade polas variantes léxicas (LORENZO, X., 1938 e 1942-43). Como era de esperar, D. Xaquín non podía deixar de colaborar nos tomos de Homenaxe a F. Krüger publicados pola Universidade de Cuyo (Mendoza-Arentina) a partir de 1952, onde atopamos un escrito seu sobre o tema "Cierres de fincas en el S. E. de Orense", no que volve combina-la descrición etnográfica co léxico correspondente (LORENZO, X., 1952).

SUPERVIVENCIAS E HORIZONTES HISTÓRICOS

Deixaremos dende este momento a análise do aspecto descritivo da obra de D. Xaquín Lorenzo para falar un pouco de escritos seus nos que aventura interpretacións ou fai análises comparativas das que extrae conclusións. Entramos, pois, na parte da súa produción na que se nos amosa como etnógrafo vinculado á corrente historicista que citamos na primeira parte da nosa exposición. Como entón dixemos, o aproveitamento dos datos etnográficos para completa-la historia, ou a utilización da historia para explica-la razón de ser dos mesmos, baséase fundamentalmente no principio das "supervivencias". De supervivencias fala don Xaquín de pasada en varios dos seus artigos, dos que aduciremos algún exemplo.

Xa nun artigo titulado "Notas etnográficas da terra de Lobeira. O liño e a lá", que se publicou no tomo VI de *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, incorpora a idea estendida entre os seus compañeiros de que moitas celebracións actuais encerran a lembranza dun pasado pagán. Estas son as súas verbas con respecto a iso:

O desexo dunha boa colleita, a satisfacción do produto adequerido, a sementeira, etc., son ocasións que se prestan ás manifestacións relixiosas, manifestacións hoxe cristianizadas na súa totalidade, mais que na súa orixe foron pagáns, e que conservan aínda o seu carácter básico pese ás influencias estranas recibidas... Así fóronse conservando os costumes antigos, transformándose e adaptándose ós tempos presentes, mais deixando ve-la erdume primitiva sobre a que a superstición popular as foi tecendo (LORENZO, X., 1933-34, 31).

En parecidos termos se expresa no traballo dedicado ó "tardo", especie de diaño burlón de Galicia, e publicado en *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*, onde afirma que "a alma esencialmente pagán dos nosos campesiños non podía prescindir en absoluto de todas aquelas forzas misteriosas (das que o trasgo sería unha lembranza) e, a pesar dos esfor-

zos do cristianismo, conserva aínda moitas formas da vella relixión" (LORENZO, X., 1934b, 285). Estas verbas serían subscriptas, seguramente, por grandes estudiosos do folclore en Europa nos séculos XIX e XX, como Saintyves, Sébillot ou Dontenville, pois tamén eles vían en todas estas crenzas e prácticas un eco do pasado.

A partir dos anos 40 empeza a detectarse entre algúns dos etnógrafos da xeración de Xocas unha influencia tardía de Frazer a partir da lectura máis ou menos intensa da súa obra *The Golden Bough*, traducida por entón ó castelán (FRAZER, J. G., 1944). Xa apuntamos esta influencia cando nos ocupamos da figura do noso querido mestre F. Bouza-Brey e agora repítese, aínda que con moita menos intensidade, en Xocas. Frazer é un brillante antropólogo anglosaxón considerado como evolucionista. Seguidor a distancia de Comte, aceptaba que a humanidade pasara por tres estadios evolutivos que eran o da maxia, o da relixión e o da ciencia. Como bo evolucionista recoñecía o feito de que algunhas culturas quedaran ancoradas en estadios pretéritos e tamén que na cultura occidental quedaban supervivencias dos mesmos, polo que fará uso nos seus escritos de numerosos exemplos tomados das tradicións do campesiñado europeo. Non podemos dicir que D. Xaquín fose un frazeriano "à la lettre", pero hai que recoñecer que este tipo de propostas cadraba moi ben co credo historicista e defensor das supervivencias no que el militaba. Un exemplo xa da última etapa da súa produción neste sentido é o escrito titulado "O espírito da més en Lobeira" (LORENZO, X., 1973a), onde describe a tradición propia de Lobeira na que se fai un feixe con tres ataduras coa última palla da malla, ó que chaman "a raposa". No ano seguinte este feixe desfáise e mestúrase co gran da sementeira, enterrándoo con este. O feito de chamarse raposa, típico animal-espírito da sega en Frazer, faille pensar a D. Xaquín que estamos diante da lembranza dunha crenza neste "espírito", que se correspondería cun horizonte cultural animista-máxico, é dicir, cun nivel moi antigo, prehistórico, dentro do esquema evolutivo denantes citado.

Agora ben, ¿cómo é posible que o pobo manteña plurisecularmente estas prácticas máis ou menos deturpadas? Para entendelo D. Xaquín, como os seus compañeiros de traballo, bota man de vellas teorías, aceptando a existencia dunha alma popular colectiva que caracteriza a un pobo e que pervive ó longo dos tempos, marcando co seu selo peculiar as creacións dese pobo no seu decorrer histórico. Esta idea, de raíz claramente romántica e que xa comentamos no comezo da nosa exposición, está expresada de maneira xenérica nalgún dos escritos de Xocas, especialmente na primeira parte da súa produción. Así, en "A arte popular nos xugos de Galiza" asegura no remate que os tempos novos traerán modificacións dos motivos por el estudados e que outros se perderán, pero tamén engade que nesta evolución "permanecerá,

non obstante, íntegra e pura a ialma popular que preside todo o progreso do pobo..." (LORENZO, X., 1935, 230). A expresión podería ser perfectamente de historiadores decimonónicos como o citado M. Murguía, que tamén fala do home como "ser progresivo", pero sempre recoñecendo a especial marca que cada etnia -como el dicía, cada "raza"- lle imprime constantemente ás súas creacións.

O principio das supervivencias está presente nalgún outro escrito de D. Xaquín que omitimos para non alonga-la nosa exposición. De tódolos xeitos non queremos pasar por alto que en ocasións o principio non se enuncia como algo xenérico, senón que se intenta, a xeito diríamos arqueolóxico, separalos distintos estratos históricos acumulados nunha tradición. Velaquí un exemplo. No ano 1945 publicou D. Xaquín en colaboración con Vicente Risco un escrito dedicado á festa do tres de maio en Laza (RISCO, V. / LORENZO, X., 1945). Non sabemos cal dos dous foi o mentor das conclusións, aínda que consideramos acertado pensar que os dous compartiron as ideas alí expresadas. Percorrendo os diversos elementos da festa, que son o MAIO-ARBRE, as figuras de ADÁN E EVA, a escena do SACRIFICIO DE ISAAC, a DANZA executada por homes, e, finalmente A PELEXA ENTRE UN MOURO E UN CRISTIÁN, conclúen que nesta celebración se mesturan tres elementos de distinta orixe, que son :

- Un rito agrario de orixe prehistórica (a árbore, por exemplo).
- A lembranza dun misterio medieval (Adán, Eva, Isaac).
- Unha representación sacro-popular de mouros e cristiáns (posiblemente posterior ó anterior).

Neste caso, pois, o método de análise non só permite chegar a un horizonte prehistórico xenérico, senón tamén descubrir estratos culturais posteriores que incidiron na festa. Posteriormente Risco rectificaría esta secuencia cultural, poñendo en dúbida a reminiscencia prehistórica detectada na festa, pero mantendo os outros horizontes culturais.

OUTROS ASPECTOS DA OBRA ETNOGRÁFICA DE D. XAQUÍN

Todo o dito ata o presente non esgota a variada gama de matices que pretendemos destacar na produción de Xocas. Exemplos de combinación da historia documental e da arte coa etnografía aparecen en escritos seus como o dedicado á romaxe de Nosa Señora do Viso (LORENZO, X., 1983). Como membro que era do "Seminario de Estudos Galegos" e, polo tanto, defensor da interdisciplinaria, colaborou en estudos de certas localidades dende a múltiple perspectiva arqueolóxica, histórica, xeográfica e etnográfica, do que

son exemplo obras como *Parroquia de Velle* (LÓPEZ CUEVILLAS, F. / LORENZO FERNÁNDEZ, X. / FERNÁNDEZ HERMIDA, V., 1936), na que, xunto con investigadores como Fernández Hermida, aparece sempre o gran Cuevillas, patriarca da nosa Prehistoria e introductor, como xa vimos, de Xocas na Etnografía. Ademais de preocuparse por recoller literatura popular, por veces intentou D. Xaquín facer un estudio interno dos contidos para extraer valores e principios actuantes na cultura estudiada, tal e como fai no artigo "A muller no cancionero galego" (LORENZO, X., 1932a), no que trata de achegar datos para unha concepción da muller na cultura tradicional a partir da imaxe dada polas cantigas populares. Aberto a calquera insinuación de culturas tradicionais non galegas, etnógrafo "urbi", pero tamén "orbi" se a ocasión se presentaba, deixounos un artigo sobre arquitectura popular de Villacañas (Toledo) (LORENZO, X., 1949), no que utiliza datos obtidos durante unha breve estadía en terras toledanas en 1936. Finalmente, indicaremos que en artigos como o titulado "El carrito en la Limia Baja", (LORENZO, X., 1974b) fai fincapé nun pretendido sentido comunitario que teñen moitos traballos no noso mundo rural, o que está en relación coa vella preocupación por este comunitarismo presente en moitos xuristas que seguiron os pasos de teóricos como Xaquín Costa.

PERSONALIDADE

Rematarémo-la nosa exposición achegándonos á personalidade de D. Xaquín e facendo unha valoración da súa ética como investigador. Era Xocas home afable. Era tamén fondamente relixioso, como nos indica nalgún escrito seu de paso, aínda que, como lle pasaba a Risco, a Cuevillas ou mesmo a Otero, tiña un sentido da relixión que el cualificou ás veces como "panteísta" -sempre, por suposto, sen negalo dogma-. Nunca tivo a oportunidade de se formar no seo dun Departamento de Universidade rimbombante. Pero si tivo uns mestres excepcionais en homes que traballaron fóra do estamento universitario, mais que exerceron un maxisterio innegable en Galicia, tal os citados Otero, Risco e Cuevillas. Deles herdou, como os seus compañeiros de xeración, unha ética específica que se baseaba en sumar vontades e fomentar nacentes vocacións sempre "sen pago nen botafumeiro". Estendeu, iso si, o seu maxisterio docente, o mesmo que Fraguas, que Filgueira, que Taboada, ós seus alumnos de Ensino Medio, formando parte dunha cohorte de profesores que exerceron neste nivel en Galicia, ós que lles debemos nalgún aspecto máis que á Universidade. O "Seminario de Estudos Galegos", o seu sucesor o "Instituto de Estudos Galegos", ou Museos como os de Ourense e Pontevedra deron ó longo dos anos unha lección indubidable neste sentido, lección afasta-

da de rixideces ás que nos teñen acostumbrados algúns investigadores que conciben a súa área de traballo como disciplina dogmática.


No mundo que corremos, a Antropoloxía parece estar definitivamente instalada na Universidade e non é difícil -coas sempre eloxiables excepcións- tropezar con ríxidos dogmatismos, como se rexese o principio de que fóra da Academia non hai salvación. A dicotomía profesional/amateur actúa moitas veces como un arma arreboladiza dos que entran na primeira categoría contra os que están na segunda. Hai algúns anos tiven a ocasión de escoitar nun Congreso de Arqueoloxía a un eminente representante desta disciplina no mundo universitario; aludiu el a Florentino Cuevillas como un amateur meritório. Non podo negar que esa expresión soou mal nos meus oídos, pois o Cuevillas Licenciado en Farmacia e funcionario de Facenda fixera no seu tempo unha sistematización da Prehistoria de Galicia que tardou moito tempo en ser superada e que aínda hoxe pode servir de referente en máis dun aspecto.

Diante de figuras como a citada ou como Xocas cómpre mellor adoptar a postura do respecto e da admiración. Se nos limitamos a aceptar que a actual Antropoloxía galega e peninsular arrinca só do momento en que chegaron aquí novos modelos importados do mundo anglosaxón ou en menor medida de Francia, Don Xaquín non podería ser cualificado *stricto sensu* como antropólogo. Mais, se temos en conta que na nosa terra, baixo os nomes de Etnografía, Folclore ou Etnoloxía, se desenvolveron saberes de grande interese para entende-la nosa cultura, Don Xaquín entraría de cheo dentro da historia da Antropoloxía no noso país. Tacha-lo seu discurso, como o do resto dos seus compañeiros de época, de deficiente porque se centra exclusivamente na identidade parece eliminar de maneira radical a posibilidade de que tamén dende a identidade se pode facer un discurso cientificamente válido sobre a cultura. Sería torpe non recoñecer que na obra de D. Xaquín hai algunhas inxenuidades e mesmo prexuizos; tampouco podemos seguir hoxe facendo un discurso igual ó elaborado por estes homes hai máis de medio século -aínda que as súas propostas renazan periodicamente con certo brío na investigación extrauniversitaria-. Pero, en todo caso, D. Xaquín e os demais etnógrafos e folcloristas galegos escribiron páxinas da Antropoloxía peninsular que non debemos esquecer, o mesmo que fixeron figuras como Hoyos Sáinz, Barandiarán, Amades, como o segue facendo Xulio Caro Baroja ou como podemos atopar nas páxinas de investigadores do irmán Portugal, tal Pires de Lima, J. Días ou Santos Junior por citar algún exemplo. A todos eles, e de maneira especial a Don Xaquín neste día e nesta súa querida Ourense, dámoslle-las gracias.

BIBLIOGRAFÍA

- DURÁN, J. A. (Ed.) (1984): *Aldeas, aldeanos y labriegos en la Galicia tradicional*. Madrid, Ministerio de Cultura/Xunta de Galicia.
- FRAGUAS FRAGUAS, A. (1974): "La Condesa de Pardo Bazán y el Folklore". *Revista del Instituto "José Cornide" de Estudios Coruñeses*. A Coruña. Ano X-XI, pp. 55 e ss.
- FRAZER, J. G. (1944): *La Rama Dorada*. México, Fondo de Cultura Económica.
- GARCÍA RAMOS, A. (1912): *Arqueología jurídico-consuetudinaria-económica de la región gallega*. Madrid, Establecimiento Tipográfico de Jaime Ratés. (Hai reedición facsímile do Consello da Cultura Galega. Santiago, s.a.)
- GONZÁLEZ REBOREDO, X. M. (1990): "Introducción". En *Nacemento, casamento e morte en Galicia*. Santiago, Consello da Cultura Galega, pp. 7 e ss.
- (1993): "Xesús Taboada Chivite, etnógrafo". *Actas do Simposio de Antropoloxía. Lindeiros da galeguidade II*. Santiago, Consello da Cultura Galega, pp. 15 e ss.
- (1994): "Don Fermín Bouza-Brey, etnógrafo e folklorista". *Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía "in memoriam" Fermín Bouza-Brey*. Santiago, Consello da Cultura Galega, pp. 25 e ss.
- KRÜGER, F. (1947): *El léxico rural del Noroeste ibérico*. Madrid, CSIC.
- LÉVI-STRAUSS, C. (1970): *Tristes Trópicos*. Bos Aires, Eudeba.
- LOPEZ CUEVILLAS, F. / FERNÁNDEZ HERMIDA, V. / LORENZO FERNÁNDEZ, X. (1936): *Parroquia de Velle*. Compostela, Ed. Seminario de Estudos Galegos.
- LORENZO, Xaquín / LORENZO, Xurxo (1928): "Un casamento en Lobeira". *Nós*. Ourense. Núm. 58.
- LORENZO FERNÁNDEZ, X. (1932a): "A muller no cancionero galego". *Nós*. Ourense. Núms. 98-99-100, pp. 26, 43 e 66.
- (1932b): "Do cancionero de Borneiro (Cabana)". *Nós*. Ourense. Núm. 108, pp. 229-230.
- (1933): "Notas para un cuestionario de Etnografía. Embarcacións". *Nós*. Ourense. Núm. 111, pp. 49 e ss.
- (1933-34): "Notas etnográficas da Terra de Lobeira. O liño e a lá". *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*. Compostela. Vol. VI, pp. 27 e ss.
- (1934a): "As dornas de Porto do Son". *Nós*. Ourense. Núms. 126-127, pp. 109 e ss.
- (1934b): "O tardo". *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*. Porto. Vol. VI, fasc. IV, pp. 285 e ss.
- (1935): "A arte popular nos xugos da Galiza". *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*. Porto. Vol. VII, fasc. IV, pp. 209 e ss.
- (1938): "Die Bremse am galizischen Wagen". *Volkstum und Kultur der Romanen*. Hamburgo. Vol. XI, pp. 282 e ss.
- (1941-42): "Notas etnográficas de la parroquia de Borneiro". *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*. Ourense. Tomo XIII, pp. 183 e ss.
- (1942-43): "Das Bauerhaus im unteren Limiabecken". *Volkstum und Kultur der Romanen*. Hamburgo. Tomo XV, pp. 276 e ss.
- (1948): "Notas lingüísticas gallegas". *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*. Madrid. Tomo IV, cad. 1, pp. 79 e ss.
- (1949): "Los silos de Villacañas (Toledo)". *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*. Madrid. Tomo V, cad. 3, pp. 420 e ss.

- (1952): "Cierres de fincas en el S. E. de Orense". *Homenaje a Fritz Krüger*. Mendoza (Argentina). Vol. I, pp. 175 e ss.
- (1956): "Nomenclatura del carro gallego". *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*. Madrid. Tomo XII, cad. 1-2, pp. 54 e ss.
- (1957): "Cuevillas etnógrafo". En *Homenaxe a Florentino L. A. Cuevillas*. Vigo, Galaxia, pp. 135 e ss.
- (1962): "Etnografía: cultura material". En OTERO PEDRAYO, R. (Dir.); *Historia de Galicia*. Vol. II. Bos Aires, Ed. Nós. (Hai edición facsímile de Akal Ed., Madrid, 1979).
- (1966): "Vellas artes de pesca no río Miño". *Revista de Etnografía de Porto*. Vol. VII, tomo 2, pp. 289 e ss.
- (1973a): "O espírito da mes en Lobeira". *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Santiago. Tomo X-VIII, fasc. 86, pp. 345 e ss.
- (1973b): *Cantigueiro popular da Limia Baixa*. Vigo, Galaxia.
- (1974a): "El carro en el folklore de Galicia". *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*. Madrid. Tomo XXX, cad. 1-2, pp. 43 e ss.
- (1974b): "El carrito en la Limia Baixa". *Boletín Auriense*. Ourense. Tomo IV, pp. 159 e ss.
- (1975): "Tornos en Galicia". *Boletín Auriense*. Ourense. Tomo V, pp. 87-90.
- (1982): "Do noso Antroido: os escabicheiros". *Brigantium*. A Coruña. Vol. 3, pp. 265 e ss.
- (1983): *A Nosa Señora do Viso*. Trasalba-Ourense, Ed. Patronato R. Otero Pedrayo.
- (1984): "A ramboía". *Gallaecia*. O Castro, Sada (A Coruña). Núms. 7/8, pp. 275 e ss.
- PARDO BAZÁN, E. (1884): "Discurso leído en la sesión inaugural del Folk-Lore gallego". En MACHADO, A. (Dir.): *Biblioteca de las Tradiciones Populares Españolas*. Tomo IV. Madrid, Librería de Fernando Fe, pp. 7 e ss.
- RISCO, V. / LORENZO FERNÁNDEZ, X. (1945): "As festas do tres de Maio en Laza". *Boletín de la Real Academia Gallega*. A Coruña. Tomo XXIV, núms. 281-284, pp. 234 e ss.
- RISCO, V. (1976): *Manuel Murguía*. Vigo, Galaxia.
- RODRÍGUEZ CAMPOS, X. (1994): "Cultura e experiencia humana na Antropoloxía romántica de Galicia". *Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía "in memoriam" F. Bouza-Brey*. Santiago, Consello da Cultura Galega, pp. 41 e ss.
- RODRÍGUEZ LÓPEZ, X. (1970): *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*. 4.^a edición. Lugo, Celta. (A primeira edición data de 1895).
- TENORIO, N. (1982): *La aldea gallega*. Vigo, Xerais.
- VÁZQUEZ VARELA, X. M. (1994): "A Etnografía na obra de F. Bouza-Brey: un pasado con futuro". *Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía "in memoriam" F. Bouza-Brey*. Santiago, Consello da Cultura Galega, pp. 49 e ss.
- VV. AA. (1933): *Terra de Melide*. Compostela, Ed. Seminario de Estudos Galegos.



ANTROPOLOXÍA E ETNOGRAFÍA

XOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ DE ROTA Y MONTER

Universidade da Coruña

Esta conferencia e neste salón resúltame familiar e semellante ás outras veces que falei aquí. Semellante en todo menos nunha importante excepción. Tódalas demais veces que falei neste salón ourensán, nunha das primeiras filas, no extremo da esquerda, como non querendo facerse notar, pero desde onde puidese escoitar ben, estaba sempre sentado "Xocas". Recordo agradecido que non perdeu ningunha das miñas conferencias en Ourense. O noso coñecemento iniciouse cando lle enviei a miña primeira monografía acabada de publicar. Indo pola metade da súa lectura, envioume unha carta, chea de cordialidade, e onde me dicía que encontraba na miña obra o método do que el quería dispoñer na súa xuventude. A súa relación foi desde aquel momento a da máis sincera amizade e alento. Presentou en Santiago a miña primeira monografía e prologou a segunda. Sempre para min foi á vez un misterio e un desafío, non a súa extraordinaria cordialidade, pero si a súa inmerecida estima.

Pero a figura e a obra de "Xocas" traen tamén á miña memoria outro importante misterio e reto. O da nostalxia polo existencialmente incompleto da nosa vida humana. Unha e outra vez evocábame cunha seria ironía o seu esforzo de tantas décadas por estudia-lo carro galego. Un tema -insistía- que despois de tantos anos nunca puidera acabar. Creo que non cabe unha evocación máis intuitiva e clara do que é o método antropolóxico. Un método esencialmente inacabado que se desenvolve en tensión dialéctica entre dous imposibles extremos. Un deles é a paixón pola empiria e a obxectividade, a obsesión polo dato concreto, observable, indiscutible, radicalmente verdadeiro. O outro, o empeño pola máis quimérica discusión teórica, sempre cargada de subxectividade, proclive ó relativismo e ó excepticismo. É característica destacada da

Antropoloxía, a autocrítica epistemolóxica continua e desapiadada, a aspiración á máis profunda definición e explicación, a preocupación pola elaboración dunha sutil ontoloxía cultural.

Ó longo do século XIX a Antropoloxía vai tomando corpo como disciplina propia en veciñanza e contraste coa Arqueoloxía. O mundo da Arqueoloxía está cheo de cousas, obxectificacións mentais cargadas de vida, pero ausente da presenza directa do ser humano creador. É así a Arqueoloxía un continuo anhelado, unha continua busca da silueta humana borrosa e distante que infire a partir das cousas.

No meu traballo de campo puideron sentir ese anhelado da experiencia arqueolóxica ó estudar en detalle as vellas casas abandonadas¹. Pero ó contrario que o arqueólogo, tiven nalgunha ocasión a dita de encontrar non só a silueta diáfana, senón a persoa concreta que habitou naquela casa. Foi así a miña experiencia con respecto á casa dos "Valuros". Fora unha das casas máis fortes da parroquia, conservábase aínda en relativo bo estado e gocei de horas de contemplación silenciosa, anotando minuciosamente no meu caderno de campo infinidade de detalles e imaxinando que nos mudos obxectos habitaban intención e emoción. Especialmente chamaban a atención, nos cuartos da planta de arriba, as imaxes de santos pintadas sobre o cal da parede.

Ata que un día, falando cun dos meus mellores amigos daquela veciñanza, "O Santo", comentoume que na súa xuventude vivira uns dez anos naquela casa, dado que a súa muller era sobriña dos donos e estes non tiñan fillos. Faltoume tempo para invitálo a visitala xuntos. Cando chegamos, "O Santo" foime describindo infinidade de detalles e accións pasadas, que dotaron de novo sentido multitude de obxectos. Por fin comentei a miña estima das imaxes pintadas nas paredes dos muros de arriba. Ante a miña sorpresa, "O Santo" non recordaba que houbera imaxes; vivira durante dez anos e durmindo nun daqueles cuartos e non se dera de conta da presenza dos santos, rústica e primorosamente pintados sobre a branca parede. Parecía incluso dubidar de que eu estivese no certo. Desgraciadamente, a súa idade non lle permitía subir pola escaleira medio arruinada. Agatuñei ata a planta superior e desde alí describíñ con detalle as imaxes que estaba vendo. Foi así, a través dos meus ollos e a miña voz, como o vello morador das ruínas contemplou -pensando que por primeira vez- as figuras sagradas das paredes.

Deixemos aquí este suceso estraño do diálogo entre o arqueólogo e o vello morador, que nos serve como exemplo introductorio e ó que volverei despois. Quede, en todo caso, constancia desta fascinación polos obxectos co-

¹ Trato con detemento o tema na miña obra *Gallegos ante un espejo. Imaginación antropológica en la historia*.

mo unha das inquietudes fundantes da Antropoloxía. É o tremendo paradoxo do pensamento e a vida contidas no obxecto inerte. Como dirá Jean Whal, contemplámo-las cousas "como estáticas causas de éxtasis"². A súa capacidade de duración serve para converter en perennes os fragmentos de vida humana.

En paralelo ás inquietudes dos arqueólogos, "etnógrafos" e "folcloristas" europeos inician unha "arqueoloxía" de cousas e costumes coetáneas. É efectivamente unha mentalidade de arqueólogo a que adoitamos encontrar no tratamento das cousas. Por suposto que algo concreta ou engade á súa investigación, o feito de que se poida falar coas persoas que as utilizan, o que evita certo tipo de erros ou dúbidas. Pero a súa maneira "científica" de estudar supón tratalos como realidades en si. Non en van tanto arqueólogos como etnógrafos foron con frecuencia excelentes debuxantes. O seu interese está en pintarnos con palabras cada unha das cousas que ven tal e como eles as ven, completándoas co estudio da maneira como son fabricadas ou ás funcións que polas súas características intrínsecas poden desempeñar. Ten, en todo caso, un papel destacado a súa atención á forma externa, observable a simple vista dos obxectos. De acordo con estas diferentes características, ordénanse e clasifícanse os obxectos tipoloxicamente. En todo o cal podemos entrever tamén o influxo da museística e a necesidade de conservar obxectos e expoñelos ordenadamente en salas. Os obxectos son entendidos de forma que poidan ser presentados así, descontextualizados, como realidades autónomas e estáticas³.

Pero non son só as cousas as que son descritas como obxectos en si, son tamén os costumes, accións expresivas e fórmulas verbais as que son presentadas como obxectos inertes, atendendo tamén predominantemente á súa constitución formal de maneira moi similar a como son entendidas as cousas. Dalgunha forma a maneira que ten de velas e de entendelas o etnógrafo que as describe, parece se-la maneira absoluta de ser entendidas que podía corresponder a calquera entendemento humano. Desta forma tamén se considera ó espírito humano como esencialmente único dotado dunha maneira de entender universal, autónoma tamén da contextualización cultural na que este espírito se formou.

Por suposto que esta presentación sucinta é unha excesiva simplificación e que son moitas as figuras destacables nesta época en que as intuicións e con-

² WAHL, J.: *Introducción a la filosofía*.

³ Por suposto que xa desde aquela, as grandes figuras da museística se esforzan por dotar dalguna contextualización os obxectos de museo. É relevante neste sentido o traballo de Boas que a partir do "American Museum of Natural History", difunde as súas ideas por toda Norteamérica. Actualmente a imaxinación e a técnica realizan prodixios na arte de suxerir algún nivel contextual ó obxecto, lonxe do seu real universo cultural.

cepcións se afastarían desta descrición. Pero entendo que con ela sintetizo algunhas características moi frecuentes e que dalgunha maneira contrastan máis coa maneira de entende-las cousas dun antropólogo actual.

Por outra parte, nesta época xorde tamén todo un grupo importante de intelectuais que se autodenominan “antropólogos culturais”. As súas inquietudes iniciais son ben distintas daqueles autores ós que nos referimos como “etnógrafos e folcloristas”. Para estes últimos as súas preocupacións fundamentais estaban relacionadas co estudio da propia tradición e das súas características nacionais diferenciais, dentro do contexto europeo. Os antropólogos, polo contrario, ábrense desde o primeiro momento a unha panorámica panhumana. É a comparación e o contraste entre a multiplicidade de culturas distintas e a súa abafante diferenza de características a que centra a súa atención. É o salto da Arqueoloxía á Astronomía das ciencias sociais⁴. En cambio, son características frecuentemente comúns a ámbolos grupos a presuposición da validez significativa de cada dato en si fóra do seu contexto e a inxenua crenza na universalidade do espírito humano.

Co cambio da centuria vaise producir, sen embargo, no seo da Antropoloxía académica un xiro metodolóxico fundamental. O antropólogo, feito a rescatar datos dos libros de viaxes, pasa el mesmo a converterse en viaxeiro para coñecer directamente a maneira de vivir das xentes. A distancia entre o mundo do que procede o antropólogo e o mundo que observa, desconcertado, forza a interpretación, xorde a necesidade de escoitar unha e mil veces as explicacións nativas e dáse suma importancia á comprensión do punto de vista do nativo. Tómase conciencia da necesidade de realizar prolongado e intenso traballo de campo. O antropólogo aséntase na vida cotiá⁵ -é o grande especialista da vida cotiá- e, desde a estreita convivencia de cada día, trata de comprender outra maneira de vivir.

É dicir, o antropólogo deuse de conta de que o seu pretendido espírito universal é ó máximo o espírito dun intelectual “europeo”. O “mundo” do que parte e a perspectiva que proxecta danse dentro dunhas continxentes coordenadas culturais. Polo tanto, non hai un só obxecto, nin unha soa descrición, senón moitas. Dado que os obxectos que estudia se producen, se usan, se dan noutro “mundo”, é necesario face-lo esforzo de intentar velo desde o seu interior. Trátase, en definitiva, de entende-los obxectos dentro do seu contexto, algo ó que nos acostumou a traducción e interpretación de textos.

Con iso supérase teórica e metodoloxicamente o empirismo inxenuo. A descrición simple e sinxela do obxecto, tal e como eu o vexo, non é obxecti-

⁴ É esta a coñecida definición metafórica que emprega Lévi-Strauss.

⁵ É moi ilustrativo o artigo de JENKINS, T.: “Fieldwork and the perception of everyday life”.

vidade; como dirá M. Jackson "la pura objetividad no tiene un status objetivo"⁶. É imposible a descrición neutra. Xorde así plenamente outra forma de facer etnografía. O obxecto é visto como un feixe de relacións. Como afirmará o propio Malinowski o "hecho" *é a relación*. Con iso entramos nun tipo de *etnografía*, nunha arte de describir onde o principal é invisible. Unha especie de "empirismo idealista" no que é necesario ver e oír moito para poder describir un "obxecto" máis real, que pouco se parece ó que captamos nunha primeira e fugaz impresión. Fronte á descrición pictórica, a descrición "densa", fronte á pretendida percepción absoluta, a percepción conscientemente "cultural".

Desta forma non só recuperan os costumes e accións boa parte do seu dinamismo e vida, senón que son as propias cousas as que perden o peso do seu aparente estaticismo e se dilúen, desobxectifícanse e dinamizan. En vez de entende-la cousa como unha realidade inerte, distante, independente do suxeito, temos que pensar que suxeito e obxecto non están separados. As cousas son coetáneas ós suxeitos, duran conxuntamente con eles⁷. Só a través das vidas humanas teñen vida. Fronte á vella inxenuidade da antiga etnografía, que cría contempla-la realidade dos obxectos só con abri-los ollos ou copiar no debuxo, o antropólogo pregúntase polo complexo proceso de constitución dos obxectos. Así, o antropólogo contempla tamén nas cousas a súa lóxica interna, a funcionalidade que quedou impresa, inmanente á cousa mesma; pero non queda aí, ten en conta a cambiante presenza das persoas e entende o obxecto desde a súa implicación na vida da xente. Os obxectos aparecen así perpetrados de moralidade, feitos de normas e valores, e dotados de cambiantes sentidos.

Así, o antropólogo ten que atender á acción expresiva na que o obxecto se ve envolto e ten que escoitar, provocando a palabra interpretativa dos protagonistas en multitude de textos orais. Acción expresiva e palabra interpretativa dentro do marco das estruturas ecolóxicas e sociais, dos procesos culturais e das continuas estratexias, abren ó antropólogo á comprensión da riqueza tensional do obxecto. Obxecto entendido como centro de actividade e como foco de significado.

Pero en realidade o avance metodolóxico tan só comezara co extraordinario revulsivo do traballo de campo. A historia do método antropolóxico⁸ nos setenta últimos anos é a da loita por superar continuamente formas cosificadas e estáticas de expresa-la vida humana. É o anhelado imposible de expresar

⁶ Ver JACKSON, M.: *Paths toward a clearing*.

⁷ É moi suxestiva verbo disto, a obra de FABIAN, J.: *Time and the other*.

⁸ É unha excelente e minuciosa introducción ó método de traballo de campo antropolóxico, *Systematic Fieldwork* (dous tomos) de O. Werner e G. M. Schoepfle.

coa palabra, a vida. No camiño cara ó límite imposible, tratan de superarse, entre outros, os conceptos de función e estrutura, como excesivamente obxectificadores da realidade. Ponse o centro de atención no axente humano, o proceso e a acción creadora. Aténdese ó evento e recórrese á narración e as cousas tenden a facerse cada vez máis transparentes. Desde o lugar privilexiado da súa convivencia cotiá, atende a súa aparente monotonía, a súa rutineira repetición, pero acaba descubriendo sempre o continente, o liminal e misterioso. Actúan reciprocamente como metacomentarios un do outro. A norma práctica destaca a forza creativa de cada evento mentres o evento creativo parece te-la súa forza posibilitante na rutina e o hábito.

O antropólogo é consciente tamén de que a visión do nativo non é un punto de vista, son moitos puntos de vista, frecuentemente contradictorios entre si e cambiantes dentro da mesma persoa. Todos eles en conxunto ricos, iluminadores, pero sempre limitados. O antropólogo despois de incitar e provocar ó seu interlocutor para que pense e profunde na súa propia experiencia, ten tamén a secreta esperanza de facerlle ver ó protagonista o que nunca viu. A experiencia da miña visita e en compañía do "Santo" e conseguinte sorpresa, fálanos deste diálogo. É unha faceta máis do que en Antropoloxía denominamos en oxímoron, "observación participante". Non se limita o antropólogo a ve-lo que fan, senón que el mesmo está actuante no medio deles, imita unhas veces o que eles fan, observando en si mesmo a acción expresiva. Outras veces pregunta, forza a produción de textos ou incluso invita ó informante a acompañalo como pasaxeiro e pídelle que visite e rememore a súa antiga morada. Faille contrastar fronte ás cousas o que significou e o que significa. Chega no seu atrevemento a facerlle ver sobre as brancas paredes o que nunca viu, prestándolle para iso o propio antropólogo a súa voz e os seus ollos.

A *etnografía* do antropólogo desenvólvese no "interplay" entre o que eles fan e un fai, entre lo que eles ven e din e o que un ve e di. Apóíase na mutua interpretación e nas "implicaturas conversacionais"⁹. Xorde con iso un "surplus" de significado¹⁰, un comprender mellor, deles e de nós. O elemento mediador no diálogo é a teorización do antropólogo, unha teoría feita a base de experiencia etnográfica, ó igual que a súa *etnografía* resulta feita a base de concienciación teórica. É esta tensión a que foi creando un método. Un método que nunca se detén nos moldes ou esquemas da matemática ou da lóxica

⁹ Como comentario á concepción de Grice sobre as "implicaturas convencionales e conversacionais", é de grande interese LYONS, J.: *Lenguaje, significado e contexto*.

¹⁰ O "surplus" de significado constitúe un tema predilecto dentro da filosofía e epistemoloxía de carácter hermenéutico. Ver entre outros moitos: P. Ricoeur ou A. Giddens. Persoalmente tratei con maior extensión o tema en "Antropología social e semántica".

científicas, aínda que trate de aproveitalos. Un método que cre máis na vida que na fórmula. Un método e uns contidos sempre incompletos, tan inacabados como o estudio do carro do noso "Xocas". Como o propio "Xocas" dirá no prólogo á miña obra *Gallegos ante un espejo*: "O home, coma protagonista, quer ser estudado de preto coa convivencia íntima, con tempo por de diante pra lle inspirar confianza e poder esí chegar ó fondo do seu ser e do seu sentir". Pero como o mesmo "Xocas" con grandiosa xenerosidade parecía intuír naquela primeira carta que me enviou, é tamén de extraordinaria axuda encontrar un método co que lle gustaría poder contar na súa xuventude. Foi o esforzo inxente e imaxinativo de miles de antropólogos entregados á súa aventura humana en afastadas terras, o que nos brinda hoxe en día un potente xogo de medios e suxestións. Pero, por suposto, tampouco abonda o método, é necesario que xurda o artista e a arte.

* * *

Repasemos, concretando sobre un novo ángulo de vista, este conxunto de reflexións. En definitiva, a descrición, dixemos, nunca é neutra. Descríbese necesariamente mediante termos que clasifican en categorías aquilo que tratamos de describir. ¿Que tipo de categorías eliximos e por que as eliximos? A nosa atención á forma de clasificar falará tanto do que buscamos na nosa investigación como da nosa interpretación do investigado. Presentemos para mellor comprensión algúns exemplos clasificatorios.

En primeiro lugar, as clasificacións máis típicas ás que nos ten acostumados a etnografía tradicional e que seguen sendo utilizadas por multitude de estudiosos. Capítulos temáticos frecuentes poden ser: arquitectura popular, traxes típicos, instrumentos de música tradicional, bailes e cancións, apeiros de labranza, oficios, contos e lendas, supersticións e crenzas, festas e celebracións, xogos, etc. Cada un destes títulos adoita ser un ficheiro de descricións pictóricas de cousas, transcricións literais de textos orais ou descricións filmicas de accións. Neles os diferentes ítems de cada ficheiro adoitan aparecer un detrás doutro simplemente xustapostos.

Comparemos este tipo de clasificación coa maneira de clasificar datos etnográficos característica da Antropoloxía. Ante todo o antropólogo ó longo da súa prolongada convivencia debe conceder iniciativa e protagonismo na propia investigación ós suxeitos-objeto de estudio e a súa forma de vivir. Desta forma a comprensión dos problemas e intereses seus, a súa insistencia en determinados temas, descóbrenlle ó antropólogo novas categorías clasificatorias e fórzano a abrir novos ficheiros de datos e a corrixir moitos dos seus esquemas iniciais de organización da investigación.

Son diversos os procedementos metodolóxicos empregados polos antropólogos neste proceso de corrección de esquemas clasificatorios. Destacaríase brevemente dous. Por unha parte, a atención ós sistemas de clasificación das diferentes culturas estudadas, referidos a campos semánticos concretos. Incluso ó nivel máis simple da percepción sensorial, a nosa descrición apóia-se en categorías culturais, desta forma os antropólogos estudaron desde sistemas de clasificación de cores, ou sistemas de clasificación de vexetais (etnobotánica) ou animais (etnozooloxía) ata sistemas de clasificación do parentesco.

Outros antropólogos preferirán procedementos máis flexibles. Parten da busca de "palabras clave" que se descobre que teñen unha importancia e significado de especial relevancia. A partir delas articulan conxuntos de termos relacionados semanticamente, analizando a súa polisemia e connotacións. Todo iso, en calquera caso, deberá ser debidamente contextualizado e o descubrimento de relacións esixirá a reorganización de materiais en novos capítulos integradores. Desta forma, cada monografía pode presentar importantes singularidades clasificatorias.

Pero non só as monografías elaboradas sobre culturas ou grupos sociais concretos, a comparación intercultural e subseguinte teorización asumiu en moitas ocasións como títulos clasificadores, termos ou categorías procedentes das culturas estudadas. Así, por exemplo, xa desde o s. XIX, os termos "totem", "tabú", "mana" ou categorías de parentesco traducidas por termos como "primos cruzados" ou "primos paralelos"... incorporáronse á bagaxe teórica da disciplina e constituíron capítulos destacados de discusión.

Pero, ademais, a Antropoloxía irá paulatinamente achegando novas categorías organizativas a partir do desenvolvemento de grandes problemas teóricos relacionados co mundo da ecoloxía, da economía, da organización social e institucións -especialmente familia e parentesco-, da vida política, do mundo dos ritos, mitos, maxia e relixión. Neles asumíranse termos procedentes doutras disciplinas, pero xerará tamén a propia Antropoloxía e transmitirá a outras disciplinas unha morea de termos, detectores de grandes incógnitas humanas. A iso engadíranse, por último, termos procedentes das diferentes correntes metodolóxicas e dos seus instrumentos de análise e de investigación.

A forma de clasificar que podemos encontrar en calquera tarefa antropolóxica, desde a súa fase de busca etnográfica, fálanos así, tanto do influxo decisivo da súa apertura a unha problemática panhumana e do seu esforzo de explicación teórica, como da apertura á descrición etnográfica do propio nativo e ós seus termos clasificatorios. Desta maneira, mentres a etnografía tradicional, carente de aspiracións teóricas de envergadura, se vai convertendo nunha colaboradora secundaria das disciplinas históricas, a Antropoloxía Cul-

tural e Social transformábase nunha ciencia de vangarda capaz de provocar teoricamente e iluminar con novos enfoques e perspectivas tanto a Historia como as demais Ciencias Sociais.

* * *

Tratei ó longo deste ensaio de distinguir, en todo momento, distintos niveis epistemolóxicos na maneira de facer *etnografía*, desde os máis obxectivistas e inxenuos, ata os máis dotados de penetración ontolóxica. Por suposto, poucos autores poderían encadrarse hoxe en día plenamente dentro do que presenteí nun esbozo caricaturesco, como *etnografía* tradicional. A maioría dos autores, aínda os máis apegados ó anquilosamento clasificatorio, esforzánse en ir a algo máis. Non é sempre fácil distingui-lo que chamei unha *etnografía* tradicional dunha *etnografía* tipicamente antropolóxica. Moitos daqueles que pretenden ser antropólogos e utilizan termos ou fórmulas propias da Antropoloxía, acaban fracasando no seu intento e ofrecéndonos unha *etnografía* do máis puro carácter obxectivista. Hai, polo tanto, toda unha gradación de méritos entre un extremo e o outro, e poucos son os capaces de ofrecernos unha descrición en que a finura do detalle *etnográfico* entronque coa sutileza teórica e sexa capaz de expresar íntimas e profundas vivencias humanas. A Antropoloxía, forxada na meticulosidade e o rigor do espírito científico máis esixente, acaba sendo nas súas mellores manifestacións unha arte eximia.

Intentarei finalmente suxerir algunhas ideas acerca da relación entre *Etnografía* e Antropoloxía. Non hai por suposto uniformidade de criterios, hai algúns que distinguiron dentro da mesma ciencia a *etnografía* e a antropoloxía como dúas fases do proceso de investigación, ou mesmo outros que, como Lévi-Strauss na súa coñecida distinción, falan de tres pasos: *Etnografía* (descrición de datos concretos), *Etnoloxía* (comparación) e Antropoloxía (síntese teórica). Dado o carácter fundante e esencial da *etnografía* e dado que esta se atopa intimamente perpetrada de inquietudes epistemolóxicas e teóricas, non resulta fácil distinguir entre estes diferentes pasos. Ordinariamente tende a pensarse na Antropoloxía como todo un complexo proceso no que cabería distinguir consideracións epistemolóxicas, *etnografía* e teorización, ben sexa esta comparativa ou crítica. Desta maneira, considerárase a *etnografía* -ou o que chamaríamos para evitar equívocos *etnografía antropolóxica*- como integrante esencial da disciplina antropolóxica. Para certas correntes, a *etnografía* é o punto de partida, a base do edificio antropolóxico e a fin é a teorización, a partir dalgunha forma de comparación intercultural. Para outras correntes, de gran vigor na actualidade, a *etnografía* no só é a base fundante, senón o fin último da Antropoloxía, de maneira que a epistemoloxía e a teoría estarían so-

bre todo ó servizo dunha mellor *etnografía*, considerando que o enriquecemento da nosa comprensión do home se fai sobre todo a través de cada estudo concreto, de cada exemplo *etnográfico*. Para eles, polo tanto, sería a profunda *etnografía antropolóxica*, a contribución distintiva da nosa disciplina e a clave de arco de todo o edificio antropolóxico.

Para rematar, quixera deixa-los meus lectores coa imaxe revivida de dous personaxes. Un deles, "O Santo", un sabio popular, mestre en cultura galega, ó que o antropólogo un día tivo a fortuna de prestarlle os seus ollos para descubrir na branca parede insospeitadas imaxes. O outro, por suposto, aquí e neste acto, o noso "Xocas", un home ó que calquera pode axudar a rematar un traballo sobre o carro e que sen dúbida soñou na última plenitude da súa vida que alguén encontraría a maneira de engadir dato ó dato, significado ó significado, facendo así máis significativa a nosa fugaz existencia.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- FABIAN, J. : *Time and the other. How Anthropology makes its object*. New York, Columbia University Press, 1983.
- FERNÁNDEZ DE ROTA Y MONTER, J. A.: *Gallegos ante un espejo. Imaginación Antropológica en la Historia*. A Coruña, Edicións do Castro, 1987.
- "Antropología Social y Semántica". En LISÓN TOLOSANA (Ed.): *Antropología Social sin fronteras*. Madrid, Instituto de Sociología Aplicada, 1988.
- GIDDENS, A.: *The constitution of society*. Berkeley, University of California Press, 1984.
- JACKSON, M.: *Paths toward a clearing. Radical empiricism and ethnographic inquiry*. Indiana University Press, 1989.
- JENKINS, T.: "Fieldwork and the perception of everyday life". *Man*. Volume 29, núm. 2 (xuño 1994).
- LÉVI-STRAUSS, C.: *Antropología Estructural*. Bos Aires, Eudeba, 1968.
- LORENZO, X.: "Prólogo". En FERNÁNDEZ DE ROTA, J. A.: *Gallegos ante un espejo. Imaginación Antropológica en la Historia*. A Coruña, Edicións do Castro, 1987.
- LYONS, J. : *Lenguaje, significado y contexto*. Barcelona, Ed. Paidós, 1983.
- RICOEUR, P.: *La metáfora viva*. Madrid, Ediciones Europa, 1975.
- WAHL, J.: *Introducción a la Filosofía*. Méjico, Fondo de Cultura Económica, 1967.
- WERNER, O. e SCHOEPFLE, G. M.: *Systematic Fieldwork* (2 vols.). Beverly Hills, Sage Pub., 1987.

LOS CARROS PINTADOS EN CASTILLA Y LEÓN: TECNOLOGÍA, ARTE Y ESTATUS EN EL MUNDO RURAL

JOSÉ LUIS ALONSO PONGA
Universidad de Valladolid

Ante todo, quiero agradecer a los organizadores de este Simposio Internacional en honor de D. Joaquín Lorenzo Fernández, hombre prolífico y profundo a la vez, como ha quedado patente en las intervenciones de las personas que me han precedido, el haberme invitado a participar en él. Cosa que hago de buen grado, porque en el investigador orensano tenemos varios ejemplos de cómo se puede y se debe avanzar en el estudio de la cultura material¹.

Voy a enlazar mi contribución con el título específico del Congreso *Tecnología tradicional: Dimensión patrimonial y valoración antropológica*, con la ponencia sobre los carros pintados en su doble, o mejor triple, vertiente:

A. En cuanto carros, por lo tanto apero agrícola necesario para el labrador, dotado de una tecnología determinada.

B. En cuanto que pintados, lo que les eleva a otras escalas con valoraciones y connotaciones artísticas, patrimoniales de creatividad, etc.

C. En cuanto que elementos suntuarios, lo que nos remite a unas estructuras sociales y culturales, de un mundo, el agrícola tradicional en este caso, inserto en una sociedad compleja, pero con sus propias peculiaridades.

¹ Entre los trabajos de Joaquín Lorenzo Fernández, detallados en el estudio que de su obra y persona ha realizado F.F.B.: "Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989)", *Boletín Auriense*, t. XX-XXI, Ourense, 1990-91, p. 9-16, merecen destacarse, por la relación que tienen con el presente trabajo: LORENZO FERNÁNDEZ, J.: "El carro en el folklore gallego", *R.D.T.P.*, XXX, 1974, p. 44-76. "Nomenclatura del carro gallego", *R.D.T.P.*, XII, 1956, p. 54-113. "A arte popular nos xugos da Galiza", *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia*, Porto, VII, 1935, p. 209-230.

La presencia de carros de eje fijo en Mallorca debe ponerse en relación con la existencia de carros chillones en otras zonas del Mediterráneo, que han sido mencionados por varios autores. T. de Aranzadi (1917: 26, 27) los localiza en Cerdeña, Asia Menor, en concreto en Armenia, Anatolia y Capadocia; y de Cerdeña procede un dibujo de una rueda que incluye este autor vasco (1917: fig. 1), que permite apreciar la factura tripartita de la misma y la ausencia de cualquier tipo de agujeros en la misma. También de esta isla es el carro chillón, con la caja triangular y las ruedas tripartitas, que incluyen A.-G. Haudricourt y M. J.-Bruhnes Delamarre (1986: 149, fig. 47) en su libro sobre los arados, tomándolo de A. La Marmora, quien realizó un viaje por la isla entre 1819 y 1825.

CARROS CHILLONES SIN PROCEDENCIA SEGURA

Hemos conseguido localizar tres ilustraciones más de carros chillones de los que no podemos ofrecer una procedencia segura, aunque, por su tipología y por otras referencias alusivas a sus autores, seguramente sean castellanos o leoneses.

El primero, en otra traslación del cadáver de Santiago, es obra del llamado Maestro de Palanquinos (Fig. 22) y estaba -¿está?- en la Colección de Eutiquiano García. Se puede apreciar el timón bifurcado, mostrando un carro de lecho triangular y una rueda compuesta de cinco fragmentos, con cuatro orificios que dejan ver las rejas y que, además, carece de llanta. Se trataría, por tanto, de un ejemplar próximo a los leoneses y castellanos occidentales. Esta localización encaja bien con el topónimo que se ha dado a este Maestro, que trabaja a finales del XV, ya que Palanquinos es un pueblo situado a poco más de quince kilómetros al sur de León.

El segundo ejemplo también se vincula en cierta medida a esta provincia -su autor ha sido llamado Maestro de Astorga-, pero no sólo a ella, ya que además hay obras suyas en Guadalajara y se le ha adjudicado una formación palentina (Angulo Íñiguez, D., 1943 y 1945); cronológicamente cabe fecharse en el primer tercio del siglo XVI. La escena en la que se localiza el carro está, de nuevo, asociada a la traslación de Santiago (Fig. 23) y no se puede apreciar la forma del carro, pero sí la de la rueda; ésta es prácticamente igual a la anterior, aunque destaca su tamaño, con un diámetro que llega casi al pecho de una persona.

El tercero se encuentra en el ya citado Códice Madrazo-Daza, y nos ofrece el único ejemplo iconográfico de carro chillón tirado por caballerías que hemos podido hallar (Fig. 24) (Menéndez Pidal, G., 1992: fig. en p. 129). La presencia de éstas en el XVI nos lleva a pensar en un origen castellano -en el sentido amplio del término- para esta escena, a pesar de que como acabamos de ver también aparecían a comienzos del XIX en Mallorca. La imagen muestra un carro de caja rectangular cargado con pellejos de vino, cuya rueda encajaría con las vistas en Burgos, Palencia o León, si se hubiera representado el corte entre los dos fragmentos exteriores de cada lado; si bien no existen trazas de las rejas interiores. Tal como aparece dibujada se trataría de una rueda tripartita, pero nos inclinamos por pensar que la real estuviera hecha con cinco fragmentos²¹.

²¹ La utilización de mulas asociadas a carros chillones se puede constatar, asimismo, a través de la fot. 62 del estudio de F. Galhano (1973) en la que aparece un carro de Mogadouro.



Fig. 22.
Maestro de Palanquinos (León).
Traslación del cadáver de
Santiago. Foto Arxiu Mas.

Fig. 23.
Maestro de Astorga (León).
Traslación del cadáver de
Santiago. Museo Lázaro
Galdeano. Foto MLG.






Fig. 24. Carro de eje fijo tirado por caballerías. Códice Madrazo-Daza. Tomado de G. Menéndez Pidal, 1992.

CONCLUSIONES

Si observamos, en conjunto, la dispersión de este tipo de vehículo en la Península Ibérica (Fig. 25) llama la atención su actual distribución periférica, marcada con trama en el mapa. Esta realidad no es muy diferente de la que muestran otros aperos agrícolas, tales como mayales y trillos, y en otro sentido, arados. La distinción entre centro y periferia es clara en todos los casos si hablamos de tipologías de arados o de sistemas elegidos para desgranar el cereal.

Pero esta situación no ha tenido por qué ser siempre la misma. Si nos fijamos en los tipos de ruedas existentes, teniendo en cuenta las que hemos presentado aquí, vemos cómo las de rejas, existentes en la cornisa cantábrica, y las gallegas que tienen un grueso miul y dos cambas, reflejan un estadio más avanzado que las que aparecen históricamente en Castilla y León o en Castilla-La Mancha, si asumimos la evolución técnica que ha propuesto J. Spruytte (1985: 105).

Esta distribución geográfica parece sugerir un área central de mayor importancia que la actual y menos propensa a evolucionar que las zonas periféricas. En caso de que realmente haya llegado a producirse esta situación, habría que pensar que, en una fase posterior, la zona que sufre mayor alte-




Fig. 25. Mapa de áreas y lugares citados en el texto. La línea gruesa marca el límite sur del área del carro chillón según J. Caro Baroja (para España) y E. Galhano (para Portugal, en donde los puntos situados al sur del Tajo hacen referencia a carros chillones existentes en este siglo). Los círculos indican lugares en los que se documentan carros chillones reproducidos en las figuras. Claves: 1, Santo Domingo de la Calzada; 2, San Juan de Ortega; 3, Hormaza; 4, Sasamón; 5, Mahamud; 6, Quintanaluengos; 7, Carrión de los Condes; 8, Palencia; 9, Adrados; 10, León; 11, Palanquinos; 12, Sahagún; 13, Grajal de Campos; 14, Astorga; 15, Val de San Lorenzo; 16, Zamora; 17, Salamanca; 18, Ávila; 19, Toledo; 20, Tembleque; 21, Valdepeñas (La Mancha); 22, Carmona; 23, Peñalsordo; 24, Bencarrón; 25, Despeñaperros; 26, Verdolay; 27, Bonete; 28, Moixent; 29, Guadalaviar; 30, Montjuïc (Barcelona); 31, Mallorca.

ración es, precisamente, el núcleo central, de manera que en el siglo XX ya solamente es posible ver claramente carros chillones en la periferia. A este siglo parece llegarse en una situación en la que ese núcleo central ya no existe como algo observable, siendo un área en la que la rueda radiada y el eje fijo se imponen de forma clara. Lamentablemente, no nos es posible fijar con precisión las fases de este cambio, tanto en su aspecto cronológico como en el geográfico. Sí se puede decir, no obstante, que la sustitución se produce en épocas diferentes según las zonas y que, desde finales del siglo XVIII, al menos, se constatan alteraciones a través de la documentación escrita, como hemos visto. En la zona norte y noreste de Castilla y León parece que el cambio brusco se produce en el siglo XIX, mientras que en La Rioja quizá sea anterior, porque en el siglo XVI se vuelve a representar el milagro de Santo Domingo de la Calzada, en la misma localidad, apareciendo representado ya un carro de eje fijo y rueda radiada (Mingote Calderón, J. L., e. p.).

Un tema que habría que tener presente en futuros estudios es la existencia de carros de eje fijo y rueda maciza con una perduración que vaya más allá de la que se le supone a una fase de transición entre las dos realidades señaladas. La presencia de esta solución técnica en la prehistoria y en épocas muchos más cercanas -como el caso de la de León del siglo XVI- nos lleva a plantear la duda de hasta qué punto ha podido convivir esta alternativa con los ejes fijos y las ruedas radiadas, por una parte, y con los ejes móviles y las ruedas macizas.

Lo fragmentario y escaso de los datos relativos al centro y sur de España hacen suponer que esa influencia mediterránea de la que ha hablado J. Caro Baroja (1977: 188), al decir: "creo que el carro chillón es un elemento que indica una influencia mediterránea ante todo, aun cuando hoy no se encuentre a las orillas de este mar", haya sufrido profundas alteraciones desde antiguo.

BIBLIOGRAFÍA RELATIVA AL CARRO CHILLÓN EN ESPAÑA

- ARANZADI, Telesforo de (1897): "El origen del carro euskaldun". *Euskal-Herria* XXXVI, pp. 506-510.
- ARANZADI, T. de (1899): *Lecciones de antropología*. Tomo II. *Ergología. Antropología filosófica y psicología y sociología comparadas* (Madrid: Romo y Fussel). Transporte y comercio en pp. 245-259.
- ARANZADI, T. de (1946): "Aperos agrícolas y sus aledaños pastoriles", en *Folklore y Costumbres de España*. Tomo I. (Barcelona: Ed. Alberto Martín), pp. 291-376.
- ARANZADI, T. de y HOYOS SÁINZ, L. de (1917): *Etnografía. Sus bases, sus métodos y aplicaciones en España* (Madrid: Biblioteca Corona).
- AZPIAZU, José Antonio (1986): "Aspectos técnicos y legislativos referentes a carros y calzadas en Guipúzcoa a comienzos de la Edad Moderna", *Revista Internacional de Estudios Vascos. Julio Caro Barojari Omenaldia* XXXI: 641-653. San Sebastián.
- BREUIL, H. (1917): "Le char et le traîneau dans l'art rupestre d'Estremadure", *Terra Portuguesa* II, 15-16, pp. 81-86. Lisboa.
- BUSCA ISUSI, José María (1952): "El carro chillón vasco (gurdi) en la actualidad", *Munibe* IV, 4, pp. 214-218. San Sebastián.
- CARO BAROJA, Julio (1971): *Los vascos* (Madrid: Istmo, 4ª ed.).
- CARO BAROJA, J. (1977): *Los pueblos del norte* (San Sebastián: Txertoa, 3ª ed.).
- CABRE AGUILO, Juan (1924): "La rueda en la Península Ibérica (Papeletas para su estudio desde la época prehistórica hasta los tiempos de Augusto", *Actas y Memorias de la Sociedad Española de Antropología, Etnografía y Prehistoria*. III, pp. 71-96. Madrid.
- CHARRETES du Pays Basque. Collection du Musée Basque du 19 juillet au 11 septembre. Exposition salle Ducéré. Bibliothèque Municipale (Bayonne: Musée Basque, 1990), s.p.

- DANTIN CERECEDA, Juan (1935): "El carro leonés del concejo de Gordón", *Anales del Museo de Pueblo Español* I, 1-2, pp. 139-148.
- ETXEBERRIA, José M^a. (1991): "Etnotexto sobre aperos de labranza de Amorebieta (II)", *Cuadernos de Sección. Antropología-Etnografía* 8, pp. 145-173.
- FAGOAGA, L. (1974): "Gurdiak (Los carros euzkaros)", *Cuadernos de Etnología y Etnografía de Navarra* VI, 18, pp. 433-443.
- FERNÁNDEZ-MIRANDA, M. Y OLMOS, R. (1986): *Las ruedas de Toya y el origen del carro en la Península Ibérica* (Madrid: Ministerio de Cultura. Museo Arqueológico Nacional).
- GONZÁLEZ ECHEGARAY, Joaquín (1969): "Aportación al estudio del carro chillón en Cantabria", *Publicaciones del Instituto de Etnografía y Folklore "Hoyos Sáinz"* I, pp. 47-80.
- HOYOS SÁINZ, Luis de (1922): "Medios naturales o primitivos de transporte en las diversas regiones de España.- (Bases para un cuestionario)", *Sociedad Española de Antropología, Etnografía y Prehistoria. Actas y Memorias* I, 2-3, pp. 108-118.
- LÓPEZ SOLER, Juan (1954): "El carro mariñán", *Boletín de la Real Sociedad Geográfica* XC, pp. 7-79.
- LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1939): "Die Bremse am galizischen Wagen", *Volkstum und Kultur der Romanen* XI, 3-4, pp. 282-291.
- LORENZO FERNÁNDEZ, J. (1956): "Nomenclatura del carro gallego", *RDTP* XII, 1-2, pp. 54-113.
- LORENZO FERNÁNDEZ, J. (1957): "El carro en el folklore gallego", *Anales del Instituto de Lingüística* VI, pp. 311-323. Mendoza.
- LORENZO FERNÁNDEZ, J. (1971): "Una rueda fósil en Catoira (Galicia)", *Boletín Avriense* 1, pp. 19-26.
- LORENZO FERNÁNDEZ, J. (1973): "Sobre la rueda fósil de Catoira", *BA* III, pp. 173-175.
- LORENZO FERNÁNDEZ, J. (1974): "El carro en el folklore de Galicia" *RDTP* XXX, 1-2, pp. 43-76.
- LORENZO FERNÁNDEZ, J. (1974): "El carro en la Limia Baixa", *BA* IV, pp. 159-166.
- MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, Isidoro (1975): "La datación de la rueda de Catoira (Cuestiones, corolarios, hipótesis)", *Actas de las I Jornadas de Metodología aplicada a las ciencias históricas. I Prehistoria e Historia Antigua* (Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela), pp. 147-162.
- NAVARRO, Rafael (1931): "Les chars de Branosera (sic) (Province de Palencia, Montana) (sic)", *Art populaire. Travaux artistiques et scientifiques du I^{er} Congrès International des Arts Populaires. Prague MDCCCXXVIII* (Paris: Éditions Duchartre), p. 211.
- QUESADA SANZ, Pablo (1993): "Aproximación al estudio del carro (Una propuesta metodológica)", *Primeras jornadas Internacionales sobre tecnología agraria tradicional* (Madrid: Ministerio de Cultura. Museo del Pueblo Español), pp. 45-52.
- SALVADOR, Archiduque Luis (1955): *Carros y cochés de antaño* (Palma de Mallorca: Talleres Mossén Alcover). Col. Panorama Balear 43.

OTRA BIBLIOGRAFÍA CITADA EN EL TEXTO

- ALCALDE CRESPO, Gonzalo (1981): *La montaña palentina*. Tomo III. *La Pernía* (Palencia: Estudios del Equipo de Investigación Speleo-Etnográfica).
- ALVAR, M. y LLORENTE, A. (1961): *Atlas lingüístico y etnográfico de Andalucía*. Tomo I. *Agricultura e industrias con ella relacionadas* (Granada: Universidad de Granada. CSIC).

- ANGULO ÍÑIGUEZ, Diego (1943): "El Maestro de Astorga", *Archivo Español de Arte* XVI, pp. 404-409.
- ANGULO ÍÑIGUEZ, D. (1945): "Varios pintores de Palencia. El Maestro de Astorga", *AEA* XVIII, pp. 229-232.
- BARO PAZOS, Juan (1987): "Ordenanzas antiguas de Barruelo de Santullán", *Publicaciones de la Institución "Tello Téllez de Meneses"* 57, pp. 25-66. Palencia.
- BERNALES L., Mario (1970): "La carreta de Chiloé (Estudio lingüístico-etnográfico)", *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XXVI, 1-2, pp. 27-40. Madrid.
- CASADO LOBATO, Concha (1980): "Ayer y hoy de la cultura popular leonesa", *Tierras de León* 38, pp. 135-159. León.
- CASADO LOBATO, C. (1986): *Imágenes maragatas. Crónica de una excursión en 1926* (Valladolid: Junta de Castilla y León, Consejería de Educación y Cultura).
- COOPER, Edward (1991): *Castillos señoriales en la Corona de Castilla* (Valladolid: Junta de Castilla y León. Consejería de Cultura y Turismo), 3 vols. (el I en dos tomos).
- CORREIA, Vergilio (1917, 1918-19): "O carro rural português", *TP* 2, 21-23, pp. 193-208 y 3, 29-30, pp. 90-93.
- COVARRUBIAS, Sebastián de (1993): *Tesoro de la lengua castellana o española* (Barcelona: Alta Fulla).
- DIAS, Jorge (1981): *Rio de Onor. Comunitarismo agro-pastoril* (Lisboa: Presença, 2ª ed., 1ª ed. en 1953).
- DORÉ, Gustavo y DAVILLIER, Barón Ch. (1988): *Viaje por España* (Madrid: Grech, 2 vols.).
- FORD, Brinsley (1963): *Richard Ford en Sevilla* (Madrid: CSIC).
- FORD, Richard (1983): *Manual para viajeros por León y lectores en casa* (Madrid: Turner).
- FRANCO MATA, Angela (1987): "El Génesis y el Exodo en la cerca exterior del coro de la Catedral de Toledo", *Toletum* LXX, 21, pp. 53-160.
- GALHANO, Fernando (1973): *O carro de bois em Portugal* (Lisboa: Instituto de Alta Cultura. Centro de Estudos de Etnologia).
- HAUDRICOURT, André-Georges y BRUHNES DELAMARRE, Mariel Jean (1986): *L'homme et la charrue a travers le monde* (Lyon: La Manufacture; 1ª ed. en 1955).
- HOYOS SÁINZ, Luis de (1945): "Los métodos de investigación en el Folklore", *RDTP* I, 3-4, pp. 455-490.
- HOYOS SÁINZ L. y HOYOS SANCHO, Nieves de (1985 [1947]): *Manual de folklore. La vida popular tradicional en España* (Madrid: Istmo).
- KRÜGER, Fritz (1947): *El léxico rural del Noroeste ibérico* (Madrid: CSIC).
- LABORDE, Alexandre de (1808): *Itinéraire descriptif de l'Espagne et tableau élémentaire des différentes branches de l'administration et de l'industrie de ce royaume, par...* (Paris: H. Nicolle y Lenormant), V tomos (el segundo en dos volúmenes), CLX + 386, 277, 274, 511, 515 y 496 + XXXVIII pp., respectivamente.
- LITTAUER, Mary Aiken y CROUWEL, Joost (1977): "The origine and diffusion of the cross-bar wheel?", *Antiquity* LI, 202, pp. 95-105. Londres.
- LUCAS, A. T. (1972): "Prehistoric block-wheels from Doogarymore, Co. Roscommon, and Timahoe East, Co. Kildare", *The Journal of the Royal Society of Antiquaries of Ireland*, 102, 1, pp. 19-48. Dublin.
- MENÉNDEZ PIDAL, Gonzalo (1986): *La España del siglo XIII leida en imágenes* (Madrid: Real Academia de la Historia).
- MENÉNDEZ PIDAL, G. (1992): *España en sus caminos* (Madrid: Caja de Madrid).

- MINGOTE CALDERÓN, José Luis, e. p.: "Iconography and agricultural techniques: *carretas* and *carros* in Spain", *Tools & Tillage*. Copenhagen.
- NARGANES QUIJANO, Faustino (1988): "Historia, administración, población y ordenanzas de Mudá y San Cebrián de Mudá", *PITTM* 59, pp. 545-575.
- PASCUAL, Francisco R.; CEA, Antonio y CASADO, Concha (1986): *Tipos y trajes de Zamora, Salamanca y León. Acuarelas de la Escuela Madrileña de Cerámica* (Zamora: Caja Zamora).
- PIGGOTT, Stuart (1983): *The Earliest Wheeled Transport. From the Atlantic Coast to the Caspian Sea* (Londres: Thames & Hudson).
- PONSOT, Pierre (1976): "En Andalousie Occidentale: Systèmes de transports et développement économique (XVI^e-XIX^e siècle)", *Annales. Économies. Sociétés. Civilisations* 31, 6, pp. 1195-1212. Paris.
- ROKSETH, Pierre (1923): *Terminologie de la Culture des Céréales à Majorque* (Barcelona: Institut d'Estudis Catalans).
- SERRERA, Ramón María (1992): *Tráfico terrestre y red vial en las Indias españolas* (Madrid: Dirección General de Tráfico. Ministerio del Interior).
- SPRUYTTE, Jean (1985): "La roue pleine et ses dérivés", *Techniques et Culture* 6, pp. 99-110. Paris.
- TOWNSEND, Joseph (1988): *Viaje por España en la época de Carlos III (1786-1787)* (Madrid: Turner).
- TUDELA, José (1963): "La Cabaña Real de Carreteros", *Homenaje a Don Ramón Carande* (Madrid: Sociedad de Estudios y Publicaciones), Vol. I, pp. 349-394.
- VALVERDE Y ARRIETA, Juan (1819) [1578]: *Despertador que trata de la gran fertilidad, riquezas, baratos, armas y caballos que España solía tener, y la causa de los daños y falta, con el remedio suficiente*, en G. A. de Herrera, *Agricultura General...* (Madrid: Imprenta Real), pp. 183-283.
- VAUGHAN, Charles Richard (1987): *Viaje por España*. Traducción y estudio: Manuel Rodríguez Alonso (Madrid: Universidad Autónoma).
- WAALS, J. D. Van der: "Neolithic disc wheels in the Netherlands", *Paleohistoria* X, pp. 103-146. Groningen.

O VESADOIRO: HISTORIA E FUNCIONALIDADE

ARACELI M. LISTE FERNÁNDEZ

Universidade de Vigo

No segundo volume da *Historia de Galiza* de Otero Pedrayo, redactado por Don Xaquín Lorenzo Fernández, descubrín por primeira vez o vesadoiro. Don Xaquín catalogábo como un arado de Mondariz e describíao como "un curioso arado, con trazas de moi vello...". Esta primeira noticia foi para min motivo máis que dabondo para que eu comezara a pescudar sobre a existencia de tan singular arado.

Ó presentar este proxecto de traballo sobre o vesadoiro á Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, foime concedida unha bolsa de investigación que fixo posible o financiamento do custoso labor de enquisas e mostraxes que levei a cabo en máis de 23 concellos da provincia, podendo deste xeito delimita-la expansión do arado vesadoiro, tanto en Galicia coma no norte de Portugal.

O vesadoiro era un arado que traballaba en terras profundas, cun elevado índice de humidade. Utilizábase para prepara-lo terreo para un monocultivo, e o seu labor era comunitario.

As súas características formais son moi específicas, xa que posúe:

- 3 rabizas
- un gran dente, onde se cravaba a rella, que era de grandes dimensións
- un temón, que se apoiaba nun carreto
- e, por último, un tren de tirada composto por sol e soliño, que distribuía de 4 a 11 parellas de bois.

O vesadoiro poderíase encadrar entre os arados de rella simétricos con temón. Se se segue a clasificación de J. Dias en *Os arados portugueses e as sú-*

as *prováveis origens*, definiríase como un arado cuadrangular con carreto (“Vessadoiro”), e como arado radial, pola inserción do temón na rabiza-dente, que é, neste caso, dunha soa peza.

Entre as escasas referencias bibliográficas sobre o vesadoiro, é de salienta-la descrición do Padre Sarmiento no *Catálogo de Voces de la Lengua Gallega recogidas por el Padre Sarmiento en sus Viajes de 1745 y 1754*:

Solo se usa el besadoiro para besar, arar y romper praderías o tierras que hace tiempo que han estado incultas. El ferro o reja del besadoiro es tan grande y redonda como una criba. Descansa sobre dos ruedas, como si fuese un carrito. Tiene tres estevas, y a ellas van arrimados tres forcejados hombres para empujar y dirigir la reja. Para tirar del besadoiro se aplican siete u ocho pares de bueyes muy briosos. Delante de ellos va un pequeño aradito haciendo el camino o señal por donde se ha de ir dirigiendo el besadoiro. Fácil es discurrir qué surco no hará una reja tan grande y ancha tirada de tantos bueyes. He sido testigo, y no se hacía surco sino zanja de una vara de profundo... Vi que el besadoiro levantaba unos terrenos tan grandes a un lado y a otro, que se me representaban montes de tierra; y como el besadoiro iba tan veloz, no pude continuar a ver aquel arrollar de terrones, porque se me turbaba la vista.

Aínda que poida parecer esaxerada esta descrición, resulta fiel se comparamo-lo vesadoiro co resto dos arados galegos. O pequeno arado do que fala o Padre Sarmiento podería referirse á “cambela”, que nalgúns casos se empregaba para inicia-la arada (Lám. I).

Pero quedano-la dúbida de se o termo “avesadoyros” se corresponde co arado vesadoiro. Podería tratarse dun arado con avantrén ou dun arado de orixe portuguesa de dúas rabizas, xa que en moitos casos recibía ese nome.

O que si parece indubidable é que a súa utilización estivo vinculada á chegada do millo á agricultura galega.

O millo foi un dos causantes das transformacións da economía e da paisaxe en Galicia. Antes da súa aparición só existía pan de centeo, trigo e millo miúdo, máis coñecido como “mijo”.

En 1610 aparece a primeira noticia documental sobre o uso do millo en Galicia no inventario de Juan de Lampón referíndose á Península do Barbanza.

O vesadoiro, segundo J. Dias, ocupaba unha ampla zona costeira dende o norte de Portugal ata posiblemente o sur do río Douro.

Ó inicio da investigación os achados en Galicia localizáronse en maior número e con maior claridade nos lugares e parroquias do concello de Mondariz.

Ó comezo soamente se acharon algunhas pezas de ferro que, segundo aseguraban os seus donos, correspondían ó arado-vesadoiro. Así, por exemplo, atopáronse “ferros” nos lugares de Aboal, Frades, Mourelle (Lám. II), Cam-

ba, Riofrío, Vilar e Toutón, no concello de Mondariz, e tamén no lugar de Rial, no concello de Soutomaior. Atopouse unha "sega" en Aboal, preto de Mondariz; e unha "argola" no lugar de Rial, no concello de Soutomaior.

Os "ferros" atopados destacaban polas súas grandes dimensións, que, en tódolos casos, duplicaban as dos "ferros" dos arados que se empregaban comunmente en Galicia, aínda que é de subliña-lo gran desgaste que se producira neles polo uso e por mor da erosión propia do paso do tempo, converténdolos nalgúns casos nuns "ferros" que pouco tiñan xa que ver coa súa forma orixinal.

A "argola" achada en Rial serviu inicialmente para poder determina-lo grosor das madeiras empregadas no pigarro e no temón. Con estes tres elementos do arado-vesadoiro e tamén cos datos recollidos de carpinteiros da zona, abordouse a súa reconstrucción, contando así mesmo coa colaboración dos Enxeñeiros de Montes do Centro Forestal de Lourizán (Pontevedra).

Pero cando finalmente se atopou un arado-vesadoiro íntegro no lugar de Gargamala, na zona de Mondariz, confirmouse a hipótese da súa existencia nesta bisbarra, xa que ata ese momento tal hipótese só se podía basear en indicios sen confirmar.

Este arado-vesadoiro non difería moito do arado-vesadoiro reconstruído, xa que posuía o mesmo número de pezas e a mesma distribución, aínda que as súas dimensións resultaban en xeral un pouco menores.

Nalgúns lugares dicían coñece-lo "vesadoiro", pero ó descubriremos que se empregaba tamén esa denominación para referirse a arados de orixe portuguesa (polo xeral de dúas rabizas, asimétrico de veso e tirado por unha soa xunta de vacas), non se tiveron en consideración por crer que poderían pertencer a categorías diferentes, producíndose deste xeito unha lagoa na mostraxe.

É posible que fose utilizado en Gondomar, Oia e Mos, aínda que non existe ningún arado-vesadoiro que o testemuñe. As enquisas feitas confirman a antigüidade da súa utilización, pero non ocorre o mesmo nos concellos de Nigrán, Vigo e Baiona, por máis que pertencen á mesma comarca e teñan condicións xeográficas e climatolóxicas semellantes (Lám. III).

En Portugal, o chamado arado "Vesadoiro" era moi similar ó arado-vesadoiro de Aboal, tanto na súa estrutura e tamaño, coma no significativo tren de tirada (de 4 a 5 xuntas).

De Portugal tiñanse datos da súa utilización exclusiva en traballos de tipo comunitario, xa que o seu uso se consideraba festivo, ocupando o día enteiro e acompañándoo de comidas e cánticos.

Comprobouse tamén que en Galicia lembrábase a vesada como un traballo así mesmo colectivo e con carácter festivo.

As terras que se labraban con este arado eran os "agros", grandes extensións de terras de cultivo que, aínda pertencendo a varios donos, eran traballadas comunitariamente, tendo só a modo de demarcación uns "marcos".

Estes terreos dedicábanse a un só cultivo, o que permitía o emprego deste arado de grandes dimensións.

Os elementos estruturais que constitúen o arado-vesadoiro (Lám. IV) son:

1) O ARADO propiamente dito componse de:

— RABIZA-ROSTRO: elemento dunha soa peza formando un ángulo obtuso. Mide 1,82 m de longo. É de madeira de carballo debido posiblemente á súa gran dureza. Na rabiza-rostro axústase o

— DENTE: é un complemento do rostro e nel crávase o

— FERRO: que é unha das pezas con maiores dimensións, se a comparamos co resto dos ferros dos arados galegos.

— AS ABEACAS: dende o dente chegando á mesma altura que a rabiza esténdense as abeacas converténdose, tanto no seu aspecto coma na súa funcionalidade, nunhas rabizas máis.

A finalidade das abeacas non se limitaba no vesadoiro a aparta-la terra cortada pola sega e levantada polo "ferro", senón que facía un principio de volteo que posteriormente alcanzaría unha maior perfección cos arados asimétricos "de vertedera".

— O MEIXELO: peza de madeira que, suxeitando as abeacas, traspasaba a rabiza.

— TEMÓN: ó compara-lo temón do vesadoiro co doutros arados pódese comprobar que é de menor lonxitude. Isto débese ó feito de que o temón do vesadoiro non apoiaba directamente no xugo, senón que mediaba entre eles o carreto.

2) O CARRETO: está formado por un corpo central prismático chamado cabazo. Do cabazo parte o pigarro, onde se produce a unión co temón. O cabazo presenta unha acanaladura na súa parte inferior, onde xira o eixe.

3) OS ELEMENTOS DE TIRO: soles e soliños son dúas pezas prismáticas de madeira que se unen mediante o "estrobo", e que conseguen dar mobilidade ó tren de tirada.

Os xugos finalmente unen os animais co vesadoiro (Lám. V).

Parece que o traballo co vesadoiro comezaba ó rompe-lo día, durando de "sol a sol". Despois do traslado do vesadorio ó agro (Lám. VI e Foto 1), distribuíanse as parellas de bois, que condicionaban a distribución dos postos de traballo na vesada. Empuñando a rabiza central situábase unha persoa de idade, que dirixía toda a operación de vesada, tanto no que se refire á inclinación correcta do arado, á graduación da sega, á fondura da arada así como no rit-


mo da mesma, dando as voces oportunas ó rapaz que vai chamando a primeira xugada. Este responsable estaba auxiliado por dúas persoas que empuñaban as rabizas laterais. Necesitábanse dous homes para “afalar” os bois, que se distribuían entre “o pé” (primeira xunta), a “lura” (segunda xunta), as “entreluras” e, por último, a “punta” (Fotos 2, 3).

Un número indeterminado de persoas, oscilando entre vinte e trinta, aplanaban con legóns e eixadas os grandes terróns abertos polo arado (Foto 4). E ó finaliza-lo traballo cantábanse retesías, desafíos e “añas” (Foto 5).


CONCLUSIÓNS

De todo canto vai dito, pódense extrae-las seguintes conclusións:


- 1.^a A existencia de grandes dificultades para determina-la datación do arado-vesadoiro.
- 2.^a A comprobación de que o período de maior difusión do vesadoiro corresponde co apoxeo do cultivo do millo.
- 3.^a Que posúe unha gran complexidade estrutural.
- 4.^a Que o rendemento do vesadoiro no traballo baséase nas súas grandes dimensións, obrigando a que o labor se faga comunitariamente.
- 5.^a Da súa morfoloxía dedúcese:
 - a) Que xorde da necesidade de arar profundo.
 - b) Que dá comezo a un incipiente volteo da terra.
 - c) Que as súas grandes dimensións provocaron a súa desaparición, por resultar moi laborioso e complexo o seu manexo.




Lám. I




Lám. II




Lám. III



Lám. IV



Lám. V



Lám. VI. Transporte do vesadoiro.



Foto 1. O vesadoiro listo para a decrúa.



Outras vistas do vesadoiro
en posición de faena.

Foto 2.



Foto 3.



Foto 4. Preparados para levanta-lo terróns que remove o vesadoiro.





Foto 5. Vista do vesadoiro.



O CULTIVO TRADICIONAL DO "MIJO", MILLO MIÚDO, (*PANICUM MILLACEUM L.*) EN GALICIA

XOSÉ MANUEL VÁZQUEZ VARELA

Universidade de Santiago – Museo do Pobo Galego

Preséntase o estudio do cultivo tradicional do *Panicum miliaceum L.*, "mijo", no galego da comarca, millo miúdo ou millo "delgado", no occidente da provincia da Coruña.

A pesar da importancia que tivo na economía campesiña tradicional foi obxecto de escasas e curtas referencias por parte dos etnólogos, polo que se facía necesario o seu estudio antes de que desaparecesen as súas referencias na tradición oral.

Os datos que aquí se expoñen foron recollidos durante varias campañas de traballo de campo, realizadas a partir de 1974 ata o pasado mes de setembro do presente ano 1994, en diferentes lugares das parroquias de Alvite, Arzón, A Pena, Xallas e Entines, nos Concellos de Negreira e Outes, na zona occidental da provincia da Coruña, comarca na que aínda nos foi posible ver algunha fase do seu cultivo.

A maior parte da investigación procede de entrevistas entre campesiños de mediana idade, os cales recordaban telo visto cultivar entre hai vinte e corenta anos. Tamén nos informaron tres persoas que o sementaron dentro das datas citadas. A enquisa máis recente concluíu en setembro pasado coa visita a unha familia, posiblemente os últimos cultivadores da comarca, da casa de Vincenzo, do lugar de Outeiro, na parroquia de Xallas de Porqueiras, no límite entre o occidente do concello de Negreira e o de Outes, ámbolos dous no oeste coruñés.

O traballo de campo realizado en máis dunha decena de localidades, todas elas nos citados municipios de Negreira e Outes, permitiu coñece-lo siste-

ma tradicional de cultivo durante os últimos corenta anos e a técnica utilizada pola última casa que o sementa.

O interese do traballo é non só documentalo seu uso, pouco ou nada estudado ata agora, desde o punto de vista etnolóxico, senón tamén que nos permite dispoñer dun modelo que axuda a entende-la súa utilización no pasado.

Este remóntase en Galicia ó momento inicial da cultura castrexa, no século sétimo antes de Cristo, de acordo co carbono catorce sen calibrar e aparece ben representado en varios castros tanto da costa coma do interior, ó lado doutros cereais¹.

O seu uso é ben coñecido na Idade Media, na que polo menos no século XIII entraba en rotación co centeo².

No século XVI encontrábase en plena expansión pola Galicia litoral, onde a súa importancia era grande³.

O seu declive iniciábase coa difusión do millo a partir do comezo do século dezasete. Este cereal americano desprazarao durante este século e o seguinte nas terras onde se expande, ata o punto de que non só o relegou ó estado actual, moi próximo á extinción, senón que ata lle usurpou o nome á planta e ó pan que se facía con ela⁴.

Nos últimos cincuenta anos a súa liquidación foi practicamente total, favorecida pola crise da agricultura tradicional, na que estaba profundamente integrado, e os cambios de estratexia nas explotacións, que levaron á substitución dos cultivos dedicados ó consumo humano por outros destinados á alimentación do gando.

Isto chegou ata o extremo de que os entrevistados menores de trinta anos non sabían nada da planta. Entre esta idade e os cincuenta acordábanse dela con vaguidade, ata o punto de que algúns lle chaman "millo miúdo" non ó *Panicum miliaceum* senón a un tipo de millo, *Zea mays* L., de pequeno tamaño e recente introducción, utilizado esencialmente para elaborar flocos de millo.

As dificultades para encontrar a aqueles que sementan o millo miúdo e o feito de que se cultive en cantidades reducidas, en pequenas parcelas, e co-

¹ RAMIL, P. (1993): "Paleoethnobotánica de yacimientos arqueológicos holocenos de Galicia. (N.O. Cantábrico)". *Munibe*. 45, pp. 165-174.

VÁZQUEZ, J. M. (1994): "El cultivo del mijo (*Panicum miliaceum* L.) en la cultura castreña de Galicia". *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Santiago de Compostela, XLI, 106, pp. 65-73.

² PALLARES, M. C. e PORTELA, E. (1991): *Galicia Historia*. T. II. *Galicia na época medieval*. A Coruña, Hércules de Ediciones.

³ SAAVEDRA, P. (1991): *Galicia Historia*. T. III. *A Galicia do Antigo Réxime. Economía e Sociedade*. A Coruña, Hércules de Ediciones.

⁴ Véxase nota anterior.

mo un capricho ou curiosidade, máis que como algo rendible, son outra mostra da súa decadencia.

CULTIVO

O sistema que puidemos documentar, sobre todo mediante entrevistas, reflicte o seu estado nos últimos corenta anos, onde xa tiña un carácter marginal, co que isto supón de descoído de prácticas que deberon existir nos momentos en plena época histórica, anterior á introducción do millo ou durante o primeiro século de expansión deste. Polo tanto, aínda que a enquisa reflicte o estado do cultivo nestes últimos anos, non ten porque resultar demasiado representativo da súa época de plenitude. O feito de que non ocupe as mellores terras, non se esterque, non se faga ningunha faena desde a sementeira ata a colleita, e non se protexa ata o punto de que nin sequera se dispoñen espantallos nos seus campos, se integre en diversas e complexas rotacións de cultivos e perdesse parte dos seus usos tradicionais -face-lo pan ou as papas, destinadas ó consumo humano-, é indicativo de que a súa situación supón notables modificacións con relación a un pasado máis distante.

Actualmente cultívase como unha curiosidade e non se destina á venda, senón á alimentación de pitos e galiñas fundamentalmente. Como din os entrevistados, é un cultivo de xente curiosa que o fai por curiosidade, inercia ou mante-la tradición. De feito, foi moi difícil localizar persoas que pudiesen dar unha descrición detallada do que foi o seu papel e, moito máis, só tres nos últimos dez anos, que o sementasen. É moi probable que os nosos informantes de Outeiro sexan os últimos cultivadores da comarca.

Entra nun ciclo rotativo intercalándose entre outras plantas. Seméntase despois de recolle-lo centeo ou o trigo na leira, dentro dunha rotación na que no primeiro ano se sementa centeo ou trigo, patacas e no segundo centeo, millo miúdo ou herba.

Na enquisa de Outeiro puidemos observar dúas plantacións distintas en leiras lindeiras, nunha cultivárase en primeiro lugar trigo, e nela sementouse o millo miúdo a mediados de xullo, de acordo co calendario tradicional, sen ningún tipo de estercado. Na outra parcela cultivárase centeo, que se recolleu moi tarde este ano debido a que foi malo, a causa dunha "peste", enfermidade, e sementouse nela o millo miúdo a mediados de agosto. No momento da enquisa, o 23 de setembro, acabábase de recolle-lo millo miúdo o día anterior na parcela onde estivo o trigo.

O que iniciou o seu cultivo a mediados de agosto encontrábase en pleno desenvolvemento, satisfactorio para o tempo que levaba plantado, e pensábase que había de ser segado entre o 5 e o 15 do presente mes de outubro.

Outras rotacións recollidas son:

Trigo - Millo miúdo - Herba
Trigo - Millo miúdo - Descanso
Centeo - Millo miúdo - Herba
Centeo - Millo miúdo - Descanso
Centeo - Millo miúdo - Nabos - Millo - Patacas.

Está moi integrado no sistema das rotacións, pois a terra descansaba pouco, "A terra non folgaba nada".

O cultivo sempre se realizaba nas terras de labor máis ou menos próximas á casa, onde se daban trigo, centeo, millo, herba, nabos e patacas, e nunca no monte, onde ocasionalmente se botaba centeo e trigo.

Seméntase desde finais de xuño a mediados ou finais de xullo, o máis frecuente sobre o día 10. O refraneiro di "Polo San Cristovo nin nado nin no covo", o cal indica que xa está sementado o día de San Cristovo, o dez de xullo. A planta nace e desenvólvese con rapidez.

Collido o centeo ou o trigo da leira, lévase a ela o esterco das cortes nun carro de vacas e distribúese en pequenos montóns. Actualmente non se emprega ningún tipo de esterco e unha vez recollido o trigo ou o centeo pásase o arado de pao, o tipo Santiago da clasificación de J. M. González Reborredo⁵, pola terra para removela e despois a grade para desface-los terróns e achandala.

Seméntase espeso, á manta e ó rego, cun movemento circular rápido no que se abre a man pouco a pouco, do mesmo modo que se fai para o trigo ou o centeo. Este labor era realizado por homes ou por mulleres indistintamente, os cales avanzan polos sucos sacando as sementes dunha bolsa, unha cesta ou un caldeiro. Despois pasábase unha grade para protexelas.

Debido a que se sementa nunha época en que a terra está seca adoita facerse a faena ó atardecer.

Unha vez sementado non require ningún tipo de coidado tales como aclarado, extracción de malas herbas, remoción do terreo, ou protección contra as pragas ou contra os paxaros, xa que non se utilizan os espantallos.

Recóllese a finais de setembro, cara ó día de San Miguel, o 29, cando o gran se pon amarelo, o cal indica que alcanzou a súa madurez.

Segundo os informantes, a miúdo, nos últimos anos sementábase e recollíase fóra da época tradicional, dado o seu escaso interese económico e fa-

⁵ GONZÁLEZ REBOREDO, J. M. (1979): "El arado de madera en Galicia". *Gallaecia*. 3-4 (1977-78), pp. 137-204.

cilidade de adaptación, polo que non era infrecuente que, intercalado con rotacións distintas ás máis tradicionais, se sementase a mediados de agosto e se segase a mediados de outubro, sen ningún tipo de coidado e en terras ás veces moi marxinais. O desinterese chegou a tal extremo, que contan que algunhas veces, cando a colleita era tardía e pouco valiosa, non se segaba e deixábase intacta na leira ata o ano seguinte.

A planta é de desenvolvemento rápido, á semana ou dez días da sementeira vese como sae o tallo da terra. Ó longo do proceso de maduración o gran vai cambiando da cor verde á amarela, que é a indicativa da madurez.

SEGA

Úsase unha fouce pequena coa que se cortan as plantas a rentes de terra, en lotes. Cunha man cóllense varios tallos e dun golpe córtanse varios ó tempo. Unha vez cortadas colócanse en montóns que se atan con outras plantas para facilita-lo seu transporte ó carro.

A sega é un labor comunitario, no que interveñen os membros da casa, familiares, e veciños, ós que pola súa vez se lles devolve o traballo realizado, cando teñen que sega-la súa propia colleita.

Algúns informantes dixéronnos que collían cunha man a parte superior das plantas e segaban os tallos a mediana altura, non coma no caso anterior en que se facía o máis próximo posible á raíz. Quizais esta variante se deba a que ó ser nos últimos tempos un cultivo marxinal, cun valor económico case anecdótico, facíase a operación o máis cómoda posible desperdiciando a palla, que xa nesta época tiña pouco valor, moito menor que o tradicional, que nunca foi grande, como se pode ver no apartado de usos.

O cereal segado cargábase en carros de vacas e trasladábase á eira das casas. Durante este proceso comezaba no carro un proceso de fermentación, coñecido como "arder", no que a planta se quentaba e desprendía algo de fume branco.

A MALLA

Colocábanse as plantas en pequenos montóns de maneira que as espigas quedasen en contacto entre si e deixábase fermentar un día, pois se o facía máis tempo resultaba máis difícil a operación de separa-lo gran da palla, e incluso se fermentaba demasiado tempo podía estragarse, pois adquiría un sabor acedo. Este proceso apréciabase na calor da planta e en que dela saía vapor de auga.

Empregábanse diferentes procedementos para a malla:

1. Con vacas.

Na eira colocábase a colleita en círculo, de modo que tódalas espigas das plantas estivesen en contacto. Calcábase o cereal, ata a separación do gran e a palla, cos pezuños dunha, dúas, ou ás veces, ata tres parellas de vacas, que pasaban sobre as plantas en movementos circulares, dando voltas e máis voltas, catro ou cinco nun sentido e outras catro ou cinco no contrario, para que os animais non se mareasen.

Nas eiras de pedra tapábanse as unións entre elas con bosta. Noutros casos colocábanse lenzos de trapo para evitar que o gran se manchase. En ocasións, se o chan era de terra cubríase de excremento de vaca, bosta. Pero este proceso lixaba o gran, favorecía a súa fermentación e dificultaba a súa recollida.

Coa introducción do cemento na arquitectura rural comezaron a facerse con el as eiras, polo que o proceso resulta máis limpo e práctico, xa que se eliminaban os inconvenientes citados.

Ás vacas colocábaselles unha buceira para evitar que durante o traballo comesen as plantas e íase detrás delas cun recipiente para evitar que os seus excrementos caesen sobre o cereal.

2. Con manlle.

Co manlle, pao de mallar, igual ca outros cereais tales como o trigo e o centeo. Unha vez colocadas as plantas todo arredor, en disposición circular, coas espigas tocándose, golpeábase co extremo do pao móbil sobre a espiga.

3. Cunha forcada.

No caso de que houbese que mallar soamente unha pequena cantidade golpeábase con forza cunha forcada de madeira.

4. A man.

Nalgúns casos, cando a cantidade era realmente moi pequena, collíanse a man as plantas e golpeábanse as espigas con forza contra unha pedra.

Algúns informantes aseguran que a fermentación do millo miúdo permite mallalo máis comodamente pero que imposibilita, polo seu sabor acedo, o seu emprego para facer pan.

Actualmente, o último cultivador emprega para a malla un tractor. Unha vez colocadas as plantas ordenadamente en ringleiras, de modo que as espigas queden en contacto entre si, pásanse sobre elas as rodas do tractor, grandes e pequenas, nun movemento de marcha cara a diante e cara a atrás. En

pouco tempo lógrase un bo grao de separación do gran da palla. Para completala, vanse sacudindo a man pequenos monllos de modo que os grans que quedaron retidos na espiga, ou entre os tallos, se desprendan e caían ó chan, de onde serán recollidos cun cepillo groso de limpar.

Segundo observamos, no interior dunha corte moderna de vacún, o proceso sobre o chan de cemento e en lugar ventilado e iluminado resulta rápido, práctico e limpo.

LIMPEZA

Concluída a operación anterior recollíase a palla con forçadas ou angazos, cos dentes máis próximos entre si cós que se empregan actualmente nas faenas da herba. O seu destino final era alimenta-las vacas ou facer esterco mesturada co toxo.

O gran recollíase cuns rodos para proceder á súa limpeza, na que se usaba un cribo para separalo gran das substancias, palla, follas, etc. acompañantes e colocábase a secar nun lugar soleado. Días máis tarde levábase ó exterior a un lugar ventoso, onde se facía saltar repetidamente sobre o cribo ou un recipiente, sobre unha manta, de modo que o aire levaba os restos da palla e do po que quedasen do proceso anterior.

Nalgunhas zonas, con axuda do cribo separábanse os grans máis pequenos, con destino ás aves de curral, dos máis grandes, que tamén poden servir para as aves ou para a alimentación humana.

Noutras aldeas non se separa o gran grande do pequeno e só o limpaban aireándoo, para sacarlle as impurezas.

CONSERVACIÓN

Gardábase nunha artesa ou hucha de madeira na casa, nun recanto dun alpendre, ou almacenado en sacos na barra. Neste caso non se podían colocar uns sobre outros, pois isto producía a súa fermentación, o cal lle facía perder a capacidade reproductiva.

USOS

O cereal sementábase para ser utilizado como fonte de gran con destino á alimentación humana e animal. A palla reservábase para estes.

Empregos do gran.

1. Alimento para os animais.

Emprégase en forma de fariña para os porcos e vacas, pero sobre todo para as galiñas, especialmente para os pitos, en gran, pois considérase que grazas ó seu consumo se poden obter cantidade e calidade nos ovos, mesmo mellor que empregando o millo ou o farelo.

2. Alimento para os humanos.

A. *Papas.*

En forma de papas, que adoitaban tomarse no almorzo e na cea. Preparábanse poñendo leite a quentar nunha tarteira, cando empezaba a ferver botábase a fariña pouco a pouco revolvéndoa cunha culler de pao ata que as papas alcanzaban o seu punto.

Recordan os comunicantes o seu sabor acedo e que, ás veces, había nelas pequenos grumos, que daban a sensación de ser pequenas areíñas, que ás veces rascaban na boca, quizais debido ás dificultades de moer nos muíños de auga, dedicados ó trigo e ó millo, un cereal de gran redondo, pequeno e duro.

O emprego do millo miúdo en papas quedou rexistrado na copla popular:

*Eiche de dar queridiña
eiche de dar o que teño
papas de millo miúdo
feitas no pote pequeno.*

B. *Pan.*

A fariña de millo miúdo escaldábase en auga fervendo e despois de mesturada con centeo ou trigo facíanse bolas ou pan no forno doméstico.

Nalgunha parroquia do concello de Rois, A Coruña, a escasos quilómetros da zona estudiada, onde se cultivou ata hai uns dez anos, utilizábase na crenza de que fomentaba a produción do leite nas vacas⁶.

A palla.

Empregábase directamente en verde para a alimentación do gando, polo cal era moi apreciada. Puidemos comprobar, hai uns días, o gusto con que as vacas de Outeiro esgotaban a palla inmediatamente acabada a malla. Tamén

⁶ Comunicación persoal do etnólogo e historiador D. Clodio González Pérez, a quen lle agradece-mo-la súa xentileza.

se formaban paleiros con ela para mantela seca e dispoñible para as necesidades do inverno.

Algúns informantes din que se o millo miúdo fermentou moito, no proceso de almacenamento previo á malla, a palla non vale, pois o gando cómea con dificultade. Neste caso bótase na corte para producir esterco destinado ó fertilizado das leiras.

No que alcanza a memoria dos informantes non se utilizaba, en contra do que era habitual cos outros cereais cos que forma rotación, como pagamento de rendas agrarias ou de servizos relixiosos.

RENDEMENTO

Debido ó tempo transcorrido desde a desaparición do cultivo en moitas das zonas, ó seu carácter marxinal, a que non se lle prestaba a mesma atención detida que a outros máis importantes, e a que as comunidades domésticas campesiñas non son empresas capitalistas de estricte contabilidade e nas que o "a ollo" ten bastante peso nas operacións, resulta moi difícil precisa-los rendementos.

A dificultade aumenta ata o punto de que moi pouca xente sabe cal era o valor absoluto da unidade de medida da semente sementada, o ferrado, pois distintas persoas que o cultivaron ou que o viron facer, non recordaban a cifra ou daban números distintos. Para resolver esta dificultade na medida do posible, expoñémo-los datos, desde os máis xenéricos ata os máis concretos.

Para a totalidade dos enquisados a planta daba moito, e isto era moi apreciado dado que non esixía ningún coidado desde a sementeira ata a malla. Mesmo recoñecían que se se botasen en boa terra e se estercasesen convenientemente producirían moito máis.

Había anos de moita colleita e outros de ningunha, debido fundamentalmente á climatoloxía. Pénsase que con boa humidade é maior a colleita que coa seca, que dá grans máis pequenos e duros.

Segundo os cultivadores de Outeiro, un ferrado de "sembradura", medida de superficie, ten naquela zona 528 metros cadrados, e un de semente de millo miúdo un peso de 16 quilogramos. A sementeira dun ferrado de semente require unha superficie de 5 de "sembradura", 2640 metros cadrados. Un ferrado de semente sementada na superficie citada pode dar de colleita óptima ata setenta ferrados de gran, o que supón un rendemento aproximado de 40 Hl/Ha, cifra que parece moi elevada en relación coa media habitual das colleitas segundo outros informantes, os cales estiman que rolda os 28 Hl/Ha. Esta última cantidade é parecida ós rendementos do trigo e do centeo na zona.

CRENZAS

Algunhas persoas recordan dun modo vago a crenza de que o demo non entraba nas casas dos que tiñan sementado o millo miúdo preto delas. Non localizamos ningún tipo de oración ou de ritual relacionados co cultivo específico desta planta.

TECNOLOXÍA TRADICIONAL E TRANSFORMACIÓN: O EXEMPLO DOS FORNOS DE PAN DE CEA (SAN CRISTOVO DE CEA / OURENSE)

FRANCISCO XAVIER LIMIA GARDÓN
Profesor e Licenciado en Historia da Arte

O tema que imos expoñer é sobre os “fornos de coce-lo pan de Cea (Concello de San Cristovo de Cea / Provincia de Ourense)”, nos que se comproba nos nosos días “unha tecnoloxía tradicional en mudanza”.

En efecto, na “vila do bo pan” -segundo adoita ser coñecida-, estase a producir un proceso de adaptación ós tempos na súa actividade artesanal maioritaria de face-lo pan. *A priori* semella similar ó de moitas actividades campesiñas. Nembargantes, no caso da Vila de Cea presenta unha notable singularidade, que ten o seu comezo no feito da propiedade orixinaria dos fornos. Trátase dun xeito de copropiedade temporal, polo que ningunha panadeira se podía considerar propietaria. Hoxe, pola contra, co incremento dos recursos económicos, estase a producir un abandono dos vellos fornos. É dicir, achámonos ante o paso dun sistema paleotécnico a outro neotécnico. Por este motivo, imos estudar “o cambio material no paso do sistema de propiedade compartida temporal ó privado”, dende o exemplo dunha nova panadeira, quen tras aprende-lo oficio nos fornos vellos, acaba de comeza-la súa andaina independente nun forno que acaba de facer na súa nova vivenda.

I. O SISTEMA DE PROPIEDAD COMPARTIDA DE COCE-LO PAN DE CEA

O grande mestre galego destes saberes, Xaquín Lorenzo, no seu xa clásico estudio de etnografía galega, ten unha frase, moi breve, a derradeira do texto da súa investigación dos fornos, dedicada a fornos como os que se achán

en Cea (aínda que non a mencione e, sen dúbida, cando a redactou non se refería a ela), que nos sitúa no tema. Di o egrexio home de Lobeira:

Nalgúns sitios atópanse fornos comunás mais non de todo o pobo senón somentes dun grupo de veciños ou dunha barriada¹.

Tan parca e xenérica referencia non ten que aludir obrigatoriamente a Cea, aínda que dalgún xeito atopa xustificación nesta vila.

En efecto, os fornos tradicionais da vila son de propiedade compartida por unhas cantas veciñas panadeiras que traballan nel varias semanas, repar-tidas ó longo do ano. Cada unha delas coñece quen é a anterior e a quen lle debe “pasa-la vez”. As panadeiras tiñan ademais “a vez” noutro (coñécense ca-sos doutros máis) a fin de incrementa-las cozas. Neste sistema ningunha delas era a dona do forno, pero segundo as semanas así debían logo contribuír ó seu arranxo, principalmente no que atinxe ó tellado.

O sistema ten diversas variantes, nas que non podemos entrar nestes momentos por non se-lo tema do noso relatorio. Pódese considerar que se vai extinguir, sendo a principal causa que obriga a deixar esmorece-los fornos, ata o punto de desapareceren xa nos últimos anos dous fornos, estando outros ben estragados e algúns “en train de”, como din os franceses.

II. OS FORNOS DE CEA DENDE OS DOCUMENTOS DOS ARQUIVOS HISTÓRICOS

Unhas breves notas, tan só, bástanos para amosa-la antigüidade desta actividade na Vila.

O lugar de Cea foi posesión dos monxes de Oseira, mosteiro que aínda hoxe se sitúa en terras do termo municipal. Na documentación desta Abadía Cisterciense, dende a segunda metade do século XII, atópanse distintas alu-sións nos contratos de vasalaxe á actividade do pan: muíños, tullas e, así mes-mo, os fornos. Neles, dende 1163 ata 1372 -ámbolos dous tamén-, os paga-mentos son en diñeiro (“sueldos”). Pero xa dende 1373 constan pagamentos en “centeo” ou ben en pan (“fanegas”).

A primeira mención que coñecemos dun forno na freguesía prodúcese no ano 1297, o 26 de xullo, nun documento en que Martiño Miguélez de Cea lle vende ó Abade Dom frei Miguel as súas posesións, mencionándoo expli-ci-

¹ LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín: “Etnografía”. En OTERO PEDRAYO, Ramón (dir.): *Historia de Galiza*. 3 vols. Madrid, Akal edit., 1979, vol. II, 2ª parte, 129-136.

Ile vende ó Abade Dom frei Miguel as súas posesións, mencionándoo explicitamente. O texto é este:

en toda a friigrisia de san Christophoo de Çea... salvo o meu quinon das cassas em que oora eu moro et da cortina que esta tras ellas, et do forno que esta a su ellas² (o subliñado é noso).

Un forno na propia Vila de Cea documéntase no ano 1387, nun documento datado no día 10 de febreiro dese ano, no que o Abade Dom frei Afonso lle concede a Fernando Barbeytos, á súa muller Eufemia de Rubiás, e ó seu fillo, “huna nossa casa en a vila de Çea co seu forno”³ (o subliñado é noso).

E aínda en 1390 (VI. 13) outra nova referencia, sendo Abade o mesmo monxe, quen lles dá en foro ó matrimonio formado por Afonso Yáñez de Tarrio e a súa muller Maior Lorenza, xunto coa súa filla Tareixa Afonso,

huna nosa casa de Çea, en a qual vos agora morades, con sua cortina a que chaman da Fonte do Manosso, et a meatade do forno do Outeiro que vos agora teedes⁴ (o subliñado é noso).

A feira que o Rei Sancho IV lle concede ó Mosteiro nun documento de privilexio, datado o venres 9 de agosto do ano 1286 -que aínda hoxe se celebra o 22 de cada mes-, é, sen dúbida, o inicio da actividade.

Na Idade Moderna os datos medran. Sinalemos algúns fitos. Ante todo dúas noticias alusivas ás mulleres: no ano 1659 déixase escrito que a meirande parte das mulleres do lugar cocían, aspecto que constatamos así mesmo en 1720. En segundo lugar, o que atinxe ós nomes dos fornos. Neste século XVIII, ano de 1746, coñecemos por un documento os nomes dalgún deles: o “da Pena”, e o “da Lage”, preto da Praza do Trigo, no Babelo. O que hoxe se coñece co nome de “forno da capela” mencionábase en 1773 como “de los Casquillos”.

² Arquivo Histórico Provincial de Ourense (AHPO), sección Clero-Oseira, n.º 30, cfr. ROMANÍ MARTÍNEZ, Miguel: *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Sta. María de Oseira (Ourense) 1025-1310*, Santiago, Tórculo Artes Gráficas, 1989, vol. II, doc. n.º 1262, 1199.

³ ROMANÍ MARTÍNEZ, Miguel, PORTELA, M.ª José, RODRÍGUEZ SUÁREZ, M.ª del Pilar e VÁZQUEZ BERTOMEU, Mercedes: *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Sta. María de Oseira (Ourense) 1310-1399*, Santiago, 1993, vol. III, doc. 1.920, 405-406. O documento orixinal no AHPO, n.º 58. Dise que o forno xa estivera aforado con anterioridade a Lorenzo Eanes de Barbeytos.

⁴ *Ibid.*, doc. 1.933, 415-416, orixinal no AHPO, n.º 59. Noutro libro é citado como “horno de Otero”, é dicir, como topónimo, cando no documento se alude a el como nome. Cfr. PORTELA, María José (ed.): *Repertorio para las escrituras antiguas del Archivo bajo*; GARRIDO, Margarita e ROMANÍ, Miguel: *Catálogo del Archivo Monacal de Oseira en 1629*, Santiago, Tórculo Artes Gráficas, 1993, 292, páx. 176 do documento orixinal. Segundo este *Repertorio* o forno consta que existe aínda en 1488, 296, páx. 178 no orixinal.

III. UNHA TECNOLOXÍA EN MUDANZA: DENDE OS FORNOS TRADICIONAIS ATA A APARICIÓN DOS PRIVADOS A TRAVÉS DUNHA NOVA PANADEIRA

1. UN FORNO TRADICIONAL: O DA PARAPETA

O forno leva o nome do barrio en que se atopa, o sudoeste da Praza Maior, "Parapeta", que se acha na parte alta da Vila⁵. Na parte media dun quinteiro, o forno ten planta rectangular, con tellado a dúas augas sostido na parte media por un tirante e unha viga que se apoia no cumio do forno sobre un rudo piar. Presenta dúas portas ós pés, nas paredes N e S respectivamente. Son a única iluminación natural do recinto. Nos seus últimos tempos tiña luz eléctrica.

Cando se entra pola porta meridional atópase a maseira de fronte e unha superficie para a leña á dereita, a carón da parede deste lado e preto da boca do forno. Á esquerda, contra a parede do oeste un pequeno estante. E á dereita da maseira, nun ángulo de 90º, o taboleiro, contra a parede do N, onde a panadeira tendía o pan antes de metelo no forno.

Este está situado no ángulo NE, os lados máis fríos, como e sabido. Diante da porta, unha pedra sobresa: é o "mesado do tallo", cun burato diante da "boca" para recolle-la borralla ou cinzas que quedan logo da combustión da leña para quenta-lo forno, que se fai na boca por non ter outra entrada. Enriba, sobre canzorros, a pedra chamada "a ucheira", que protexe a modo de gardapó a actividade da panadeira cando está enforando ou retirando o pan xa cocido. O forno *strictu sensu* ten unha planta exterior case cuadrangular coa fronte angular en chafrán. O interior é semiesférico, con bóveda de pedras miúdas sobre as "cambotas", grandes pedras sobre as que se asenta a estrutura cupular.

Hoxe en día está pechado, facendo xa tres anos dende a última coza, que leva camiño de se-la derradeira. As dúas panadeiras que ata entón cocían alí deixaron de facelo. As teas de araña veñen a engadirse á sucidade amoreada que xunto coa humidade reinante, por non se realizar traballos de mantemento no tellado, dan idea dun espacio arquitectónico en fase de degradación.

Unha das panadeiras aludidas denantes é Xosefa Barrosa Pérez, "A Pepita do Martín" (como adoita ser coñecida, engadíndolle o nome do pai para diferenciala das outras que se chaman igual). É unha nova panadeira⁶, que aprendeu o oficio no forno "da Parapeta"⁷. Dende este ano 1994 coce no seu forno (inaugurouno por maio).


⁵ Onde nunha época imprecisa habería "parapetos" defensivos.

⁶ Ten menos de corenta anos -data de nacemento 14.V.1958-. Está casada e ten unha filla. O seu home é natural de Vigo. Aínda que alleo á actividade da súa muller, axúdalle no labor decote.

⁷ E no da "capilla". Sinalou tamén algún outro aínda que non foi mencionado. Polas panadeiras mencionadas (a Sra. Xenerosa, a Sra. Esperanza, e a Agustina -aquelas máis vellas-), pódese pensar que se trate do da "cebola" e o da "burata", respectivamente.




Forno da Parapeta (Porta sur).




Interior do Forno da Parapeta.



Forno da Parapeta: fachada do norte.



Forno da Parapeta: a maseira.



Forno da Parapeta.
 1. O forno *strictu sensu*;
 2. O taboleiro; 3. Espacio
 para a leña; 4. A maseira.
 A. Porta; B. Canzorros;
 C. Mesado do tallo.

2. UN NOVO FORNO: O DA PEPITA DO MARTÍN, NA PARAPETA

No barrio da Parapeta, moi preto do vello forno do mesmo nome, áchase a casa-vivenda da panadeira, a Pepita do Martín. Nótese que aprendeu e traballou nun forno do barrio: nel está o seu forno privado, na planta baixa da casa, sendo as outras estancias principais a cociña e o garaxe. A entrada da casa dá á praza, polo S.

O forno ten acceso polo NE, por unha ampla porta alintelada de dúas follas. Nun espacio case rectangular a panadeira dispón, baixo estrutura arquitrabada, o forno. No local, contra a parede do N, á dereita da entrada, a maseira eléctrica e a vella maseira aínda en uso. A continuación, ata a parede do fondo, está coidadosamente disposta a madeira para quenta-lo forno, cortada,

a carón da porta lateral. Esta é triple, sendo a superior semicircular, de arco de medio punto, con apertura cara á fiestra de ventilación/iluminación. A estrutura interna é ancha, con revestimento de ladrillos refractarios especiais⁸. Por baixo, outras dúas portas, xa alinteladas: o tiro, e a borrhalleira para as cinzas. Sobre elas unha pequena campá. Sitúase esta abertura cara ó N do forno, que é todo de pedra de cantería con grandes lousas regulares.

A parte dianteira do forno, ou fachada, ten un pequeno mesado continuo e estreito, en toda a fronteira. No centro a porta de mete-lo pan, máis ampla. Na porta un reloxo para medi-la presión. A carón dela unha luz portátil para introducir coa man no forno e así ollar mellor o estado do proceso de cocción do pan. Enriba unha ampla campá para recolle-los fumes, de ferro. O interior do forno é de pedra, cortada dun xeito semellante en anchura. De bóveda, sobre as cambotas de pedra, as fiadas da bóveda, de ladrillo.

Diante do forno, nun ángulo de 90º, o taboleiro para tende-lo pan. Amplo, ten dous niveis de madeira sobre estrutura de ferro. A inferior serve para recolle-las cestas. Vai sobre rodas, polo que pode ser movido pola panadeira durante o proceso de face-lo pan. Áchase no medio da sala.

A parede do sur non é paralela á do N. Nela ábrense dúas portas, sendo a que está máis preto a da leña, e garaxe; a outra dá á parte de abaixo da casa (cociña e aseo). Por elas non entra luz que ilumine o obrador do forno. Este ten luz fixa no teito, fluorescente. Resta neste tabique a parte da entrada, paralela á maseira eléctrica, con estantes onde a panadeira coloca o pan. E na parede fronteira, a carón da porta de entrada, o teléfono.

3. COMPARACIÓN TECNOLÓXICA

Ante todo constátase como os dous complexos tecnolóxicos presentados responden a dúas etapas distintas do desenvolvemento da máquina e a súa civilización. O primeiro é un exemplo da fase eotécnica, caracterizada, fundamentalmente, pola pedra, madeira, auga e fogo, ó que se lle engade o ferro que substitúe á porta de pedra no forno, material característico da fase paleotécnica. O segundo é da fase neotécnica⁹.

En segundo lugar, o tema da propiedade: dende o vello sistema semiprivado, no que as panadeiras compartían a utilización do forno, pásase no novo sistema á propiedade privativa. En efecto, baseándose nunha maior potencia económica, a panadeira, e a súa familia, fai un forno para uso propio, privativo. Deste xeito pode coce-las veces que estime oportuno, segundo a demanda.

⁸ Proceden de Alemaña, segundo informa a panadeira.

⁹ Seguimo-la clasificación de MUMFORD, Lewis: *Técnica y civilización*, Madrid, Alianza ed., col. Alianza Universidad, n.º 11, 1971, 128 e ss.



A "capilla" do forno e o taboleiro.



O Forno da Parapeta (vista parcial).

No caso analizado, as novas tecnoloxías áchanse xa á entrada do recinto: á dereita, nada máis entrar, a maseira eléctrica, e á esquerda o teléfono. Diante, na propia porta que pecha o forno, o réloxo que sinala a temperatura do interior.

Neste cambio de edificio para uso tan singular, con tellado a dúas augas, a outro no que o forno é tan só unha parte do baixo da casa¹⁰, hai unha novidade da maior importancia, que hai que salientar pola súa transcendencia: dun xeito parello estase a conseguir limpeza/claridade do interior fronte a sucidade/escuridade que se apreciaba no antigo. Trátase dun tema do maior interese que afecta ó aspecto sanitario, aspecto de enorme importancia pois non se debe esquecer que estamos a falar dun sistema tecnolóxico para elaborar un alimento, e á limpeza do espacio en que se manipula dáselle unha grande importancia¹¹.

O exemplo é paradigmático, pois sinala un proceso que se está a producir nas últimas décadas. Por iso, estanse a estraga-los fornos vellos, dun xeito acelerado nestes pasados anos. Nos nosos días desfíxéronse dous fornos: o “da Laxe” e, máis recentemente, o “da Pena”, estando outros dous estragados (o “novo” e o “vello”). Case pechados están o da “capela” -o que se chamaba no século XVIII “de los Casquillos”, como puidemos apreciar-, o “da Burata” e o “da Eira”. E xa completamente pechados os dous do barrio da Parapeta, o “forno do santo” e o “da Parapeta”¹², este último foi o que utilizamos neste relatorio como exemplo.

IV. CONCLUSIÓNS

Poñemos fin a este breve estudio facendo unha serie de valoracións, nun tema tan básico como é o da alimentación, que quixeran ser algo máis que recomendacións: un camiño a andar por todos nós con decisión, para así poder conservar unha tecnoloxía eotécnica tan singular que quizais sexa un “unicum” en Galicia.

Por iso, ante todo, faise inescusable facer unha chamada á sensibilidade individual e colectiva dos habitantes de San Cristovo de Cea, e ós represen-

¹⁰ Áchanse fornos novos na vila, de propiedade xa sempre individual, pero en construción singular, arrimada á vivenda.

¹¹ Así como a limpeza xeral do manipulador. O tema é de tanta importancia que ten limitado, así mesmo, o desenvolvemento deste vello oficio da vila. Sobre o tema, moi en xeral, vid. PEÑA CASTIÑEIRA, Francisco José: “Higiene de los alimentos”. En FIDALGO SANTAMARIÑA, Xosé Antón e SIMAL GÁNDARA, Xesús (eds.): “Alimentación e cultura”. *Cadernos do Laboratorio ourensán de antropoloxía social*. N.º 3, Vigo, 1993, 33 e ss.

¹² A lista non é definitiva, desgraciadamente, pois hai outros...

tantes públicos, tanto no eido da política coma no da cultura, a fin de que decatándose da singularidade e importancia dos fornos de Cea fagan todo o posible para que poidan ser transmitidos ás vindeiras xeracións. É dicir, polo miúdo:

- A necesidade de implicación directa dos poderes públicos, en primeiro lugar o propio Concello de San Cristovo de Cea, que debe apoiarse en institucións superiores tanto provinciais (Mancomunidade Comarcal, Deputación Provincial) como da Autonomía (Consellería de Cultura da Xunta de Galicia).
- Creación dun Museo Técnico na Vila de Cea, que comprenda polo menos dous fornos (p.e. o “da Parapeta” e o “do Santo”, moi próximos; ou o da “cebola” e o “da aira”, no fondo do lugar, sitio este quizais máis adecuado no que atinxe á importancia que alcanzou nos tempos antigos), no que amais da conservación dos inmobles recolla os útiles (artesas, pas...). Neste sentido, propoñemos que panadeiras poñan un deles en funcionamento.
- Necesidade de facer un completo inventario destes fornos, que comprenda o edificio e útiles.
- Recollida das coplas, cántigas, contos, ditos, refráns, etc. das xentes do pan, e ó redor del, como o dos tolos ou dos peregrinos, que nelles atopaban sempre calor e alimento.
- Estudio diacrónico dos espazos de venda do pan.
- Estudio do sistema de propiedade comunal temporal.
- Sería de grande interese coñecer as características do pan, sen/con fariña de Castela mesturada, poder calórico e alimenticio, condicións de conservación..., e complementalo cun estudio médico da dieta tradicional baseada decote no pan.
- Finalmente, sinalemos que non se pode esquecer o proceso de face-lo pantrigo en Cea, da técnica na industria da fariña, é dicir, dos muíños da zona.

Sexa pois esta a fin do relatorio, mais non do estudio, parafraseando a San Bernardo de Claraval, Abade do Císter, Orde á que pertenceu Cea e os seus fornos.



Detalle do forno.




Interior da "capilla" do forno (bóveda).



Fachada da casa con forno da Pepita do Martín
(Barrio da Parapeta).




Lateral da casa da Pepita do Martín: a panadeira
diante da porta do forno.



Forno da Pepita do Martín. 1. A "capilla" do forno; 2. Taboleiro móbil; 3. Leña en barrotos; 4. Maseira vella; 5. Maseira eléctrica; 6. Estantes para pan; 7. Teléfono; A. Porta do pan; B. Campás; C. Mesado.




Vista xeral do forno da Pepita do Martín.



O forno da Pepita do Martín: boca para quenta-la "capilla".




Parte dianteira do forno, coa luz eléctrica móbil e as pas para enformar.




Interior da "capilla" abovedada con ladrillo do novo forno.

FORNO DA PARAPETA



FORNO DA PEPITA DO MARTÍN



Comparación dos fornos vello e novo nas súas plantas.

OS DERRADEIROS BATÁNS, EN VÍAS DE DESAPARICIÓN

XOSÉ M.^a LEMA SUÁREZ

Sección de Etnografía do Instituto
de Estudos P. Sarmiento

Este meu relatorio por forza tiña que ir dedicado a Xaquín Lorenzo. Por dúas cousas: en primeiro lugar, porque este gran mestre da etnografía galega tamén se ocupou da etnografía dunha das parroquias da miña comarca, a Terra de Soneira (na Costa da Morte), publicando no ano 1942 no *BCP de Orense* (t. XIII, fasc. III) un breve artigo titulado "Notas etnográficas da parroquia de Borneiro"; Xocas tomara estas notas antes da Guerra, na década anterior, pois el viñera a Borneiro acompañando ó seu amigo S. González García-Paz, o arqueólogo que en 1933 realizara as primeiras escavacións no famoso castro *A Cidade* desta freguesía. En segundo lugar, porque Lorenzo Fernández tamén lles fixo un lugar nas súas investigacións etnográficas ós batáns ou folóns (no apartado de "Etnografía. Cultura material", p. 654 do t. II da *Historia de Galiza*, obra dirixida por Otero Pedrayo e publicada en Bos Aires en 1962); na nosa retina temos aquel debuxo seu dun folón de Entrimo, na Limia ourensá -e na nosa memoria a descrición pormenorizada que fixo do mesmo-, que xa desaparecera polas datas da publicación desta magna obra.

1. QUE É UN BATÁN E PARA QUE SERVÍA

Nos tempos xa idos da industria artesanal da la, os tecidos caseiros fabricados con fío fiado na roca e tecido en teares manuais presentaban unha contextura frouxa cando saían do tear, pouco firme, que se esfiaba facilmente e requiría un labor especial de rematado.

O tecido de la débese abatanar, especialmente as mantas: é dicir, que hai que batelo fortemente en mollado durante bastante tempo para aperta-la trama e amalgama-las fibras; así váiselle quitando o pelo e vaise transformando

nunha pasta homoxénea, espesa e forte, como un feltro, ó mesmo tempo que se lava e desengraxa.

O **batán** ou **folón** é un aparello artesanal, moi rudo e primitivo, pesado, xeralmente de madeira pouco traballada e resistente á humidade (madeira de carballo, agás as penas do rodicio, que son de piñeiro). O seu principio mecánico é moi simple, constando de tres pezas fundamentais (véxanse os debuxos):

- a) **Unha roda motriz** que vira impulsada pola auga e fai virar un longo eixe, onde se insiren, en puntos diferentes, dous espigóns en posición perpendicular un con relación ó outro.
- b) **Dous voluminosos mazos** pendurados dunhas bisagras que se erguen alternativamente a causa do impulso dos espigóns.
- c) **Unha gran pía** aberta na parte dianteira, onde baten os mazos sobre o tecido alí colocado para abatanar.

Estes ancestrais aparellos atópanse no interior dun rústico edificio de paredes irregulares, de cachotería. Enteiramente construídos de madeira, non precisan nin un só cravo de ferro, aceiro ou doutro metal nas xuntas das súas pezas, pois estas apértanse unhas ás outras a presión, contando cos únicos au-



1. O Mosquetín (Vimianzo). Vista xeral dun dos batáns: o rodicio, os mazos e a mesa coa pía.



2. As partes básicas do batán:
a roda, os mazos e a pía.

xilios de cuñas, tornos e pescuños de madeira; os cravos metálicos acabárianse oxidando a causa da persistente humidade do lugar.

2. A MECÁNICA DO BATÁN

Sobre unhas longas e resistentes trabes de madeira, que salvan unha cavidade practicada no chan do edificio que presta acubillo ós aparellos, aséntase a *mesa do batán* (A), que pola parte central abre unha cavidade, *a pía* (B), onde se van coloca-las mantas e outros tecidos para abatanar. Pendurados dunhas bisagras ou *cravillas* (C) baixan dous longos madeiros, *as almancas* (D), que na parte inferior teñen cadanseu cepo prismático truncado por un plano inclinado na parte que petará na pía [son *os manlles* (E)].

A forza motriz capaz de ergue-los cepos ou manlles vén dada pola enerxía hidráulica: no leito do río constrúírase unha represa a base de amorear

moitos cachotes de pedra, e dela sae un brazo lateral (*a gabada*), que leva a auga ás *canles* (K) dos batáns e dos muíños. A turbina é un *rodicio* ou *roda do batán* (F) disposta verticalmente, circundada por doce paletas cóncavas de madeira -*as penas* (G)- que reciben o chorro violento da auga que se precipita desde a canle. Repárese que o rodicio do muíño destas comarcas dispónse horizontalmente, e o do batán vai en sentido vertical, apegado a un dos extremos dun groso *eixe* (H), ó que fai virar no sentido das agullas do reloxo, de xeito que os espigóns ou *elevadoras* (I) que o atravesan na parte central golpean na prolongación das *almancas* (*zapatas das almancas* [L]) e conseguen levantar alternativamente os manlles, petando estes con forza na súa caída no tecido colocado na pía. Cando un mazo golpea, o outro xa se está levantando para petar á súa vez. O manlle que xa deu o bandazo está nestes momentos a termar do tecido no fondo da cavidade, agardando a súa vez (ver esquemas). Deste xeito, nos tempos pasados tería que se escoitar no contorno un petar monótono e continuo, atronador: lembrémo-lo medo que papara Sancho Panza naquela coñecida aventura do Quixote.

Para abatana-lo tecido móllase primeiro e despois colócase na pía; nun batán pódese colocar unha cantidade de 30 varas de lenzo cada vez. O tecido debe estar decote mollado, a ser posible con auga quente, polo cal polo verán tráese por medio dunha estreitísima canle (no Mosquetín é unha *cana* ou varal de piñeiro escavado concavamente ata facer un reguiño de circulación da auga) que cae constantemente sobre a pía a través dun buratiño feito na mesa. No inverno procúrase utilizar auga quente, que se prepara no interior do edificio nunha caldeira. No verán o tecido debe estar vintecatroy horas no batán, insuficientes no inverno porque o frío non favorece o abatanado.

Os manlles non poden tampouco petar en seco na pía, de aí que durante as noites tivese que quedar durmindo unha persoa no interior do edificio para volver poñer-lo tecido na pía en canto se apreciase que este estaba saíndo da pía. Non nos é doado imaxinármolos como se podería durmir alí dentro soportando un desacougante ruído monótono dos petos inacabables e coa lentura ambiental metida no corpo.

3. O BATÁN NA HISTORIA. A AVENTURA DOS BATÁNS NO QUIXOTE

Sábese que o batán xa existía na Idade Media, aínda que non se pode precisar polo miúdo o lugar e data da súa aparición e difusión por Europa. Hai mencións de batáns no séc. XII en Inglaterra, aínda que xa parece documentada a súa existencia no séc. XI. Algúns autores remóntano ó séc. IX. En todo caso, parece claro que é unha invención medieval europea que se difundiu moi rapidamente por todo o continente, amosando unha perfecta identidade



3. O edificio que acubilla ós tres batáns do Mosquetín e a dous muíños (en 1986).

técnica desde os Balcáns á Península Ibérica, e desde Escandinavia a Italia (VÁZQUEZ VARELA; *GEG*, t. 13, p. 132).

O escritor Miguel de Cervantes (séc. XVI) aproveitou as características deste aparello para imaxinarlles unha aventura a don Quixote e Sancho Panza. Unha aventura de medo, polo menos iso parecía nun principio, que se relata no capítulo XX da célebre novela.

Os que non tiveron tanta imaxinación foron os guionistas da serie *El Quijote* (emitida por TVE en febreiro de 1992), pois, aínda que baseada -loxicamente- na famosa novela, non atinaron na recreación deste episodio, que presentaron do seguinte xeito:

Estábase facendo de noite e Sancho arrédase un pouco do seu señor para inspecciona-lo terreo -unha zona con moita vexetación-; escoita un misterioso ruído e asústase. Un ruído producido por unha corrente de auga ó caer sobre algo. Sancho corre arrepiado onda don Quixote e comunícalle o seu temor e convénceo para que boten toda a noite no lugar onde estaban, sen se moveren do sitio (Sancho mesmo chega a "irse por si" co medo que tiña; ó fidalgo chéirallo, pero ten que apandar e agardar...). Ó pouco tempo, a cámara vainos enfocando máis ou menos nidiamente un rodicio vertical que abaneaba e renxía ó lle caer un chorro de auga. Os telespectadores non nos explicabamos a que viña tanto medo, pois un chorro de auga sobre esta roda non podía asustar a ninguén, a pesar da escuridade da noite.

Tal vez conscientes disto, os guionistas "adornaron" a escena cos consabidos efectos especiais do cinema tradicional: unha inesperada e pouco orixinal treboada de novela romántica de terror con lóstregos e tronos a eito, chuvieira a mares, que para nada aparece na versión orixinal cervantina.

Xa polo día, cabaleiro e escudeiro atrévense a ir na dirección do ruído e ollan -agora xa con claridade- un rodicio vertical dando voltas e voltas, e Sancho exclama: "*¡Una rueda de batán! ¡Una rueda de batán! El ruido era de una rueda de batán*".

Non tal. O ruído, segundo Cervantes, non era dunha *roda* de batán, senón dos **mazos** do batán. O que pasou foi que os guionistas -entre os que figuraba o mesmísimo Camilo José Cela- ou quizabes -máis probablemente- os realizadores, posiblemente non estivesen ó tanto do que realmente era un batán, e recrearon o episodio mal e arrastro, de xeito que este acabou por perder todo o encanto e orixinalidade que tiña na novela.

Inspirado por uns anónimos batáns manchegos, Cervantes imaxinara unha singular situación de medo aproveitando as características peculiares dos aparellos (características puramente "etnográficas", case se podería dicir), o seu petar compasado e monótono producido por seis manlles sobre tres pías, nunha noite pecha, sen necesidade de meter polo medio treboada ningunha.

Velaquí os parágrafos fundamentais do relato orixinal cervantino, pertencentes ó capítulo XX da novela de *El Ingenioso Hidalgo*, que os guionistas ou os realizadores televisivos non souberon ou non puideran adaptar:

Mas no hubieron andado doscientos pasos llegó a sus oídos un grande ruido de agua, como que de algunos grandes y elevados riscos se despeñaba. Alegroles el ruido en gran manera; y parándose a escuchar hacia que parte sonaba, oyeron a deshora otro estruendo que les agüó el contento del agua, especialmente a Sancho, que naturalmente era medroso y de poco ánimo.

*Digo que oyeron **unos golpes a compás**, con un cierto crujir de hierros y cadenas, acompañados del furioso estruendo del agua, que pusieran pavor a cualquier corazón que no fuera el de D. Quijote.*

Era noite pecha, puntualiza Cervantes, e os petos non daban parado. O destemido don Quixote quixo botarse cegamente á aventura, a descubri-la tenebrosa orixe daqueles misteriosos petos; pero Sancho, tremando coma unha vara seca, conseguiu distraer ó seu señor con contos ata que foi abrindo o día.

Coas primeiras luces foron indo cara a onde soaban os petos, e alí:

...Y habiendo andado una buena pieza por entre aquellos castaños y árboles sombríos, dieron con un pradecillo que al pie de unas altas peñas se hacía, de las cuales se precipitaba un grandísimo golpe de agua. Al pie de las peñas estaban unas casas mal hechas, que mas parecían ruinas de edificios que casas, de las cuales advirtieron que salía el ruido y estruendo de aquel golpear (...).

Otros cien pasos serían los que anduvieron, cuando al doblar de una punta, pareció descubierta y patente la misma causa, sin que pudiera ser outra, de aquel horrisono y para ellos espantable ruido, que tan suspensos y medrosos los había tenido. Y eran (...) ¡seis mazos de batán!, que con sus alternativos golpes aquel estruendo formaban.

Quizais hoxe na Mancha xa non queden batáns para esta recreación cinematográfica. Se a *troupe* televisiva soubese da existencia destes folóns galegos, ben seguro que virían gravar estas escenas ó Mosquetín.

4. OS BATÁNS DO MOSQUETÍN, NA PARROQUIA DE SALTO (VIMIANZO-A CORUÑA): ¿OS DERRADEIROS BATÁNS?

O lugar do Mosquetín, na Terra de Soneira, ten soamente dúas casas pertencentes a dúas familias, emparentadas entre si. A este lugar chégase por unha estreita pista que sae da estrada Coruña-Fisterra, a uns dous quilómetros despois de Baio. Un lugar solitario, no medio do monte, na beira dereita do río Grande do Porto, o río conformador da Terra de Soneira (véxase o mapa). Recentemente, contra 1970, fíxose alí tamén unha moderna piscifactoría que aproveita a auga da represa que antano aseguraba a subministración a un conxunto de sete muíños e tres batáns, acubillados en dous longos edificios de planta terrea construídos diante das casas pero case a rentes do río. Hoxe só queda en pé un dos dous edificios, xustamente o que acubilla a dous dos muíños e ós batáns (dos que só queda un... e medio) [véxase o plano]. As casas contan con tódalas construcións adxectivas necesarias para o seu autoabastecemento agrícola (pendellos ou alpendres, hórreos, muíños... e batáns).

Os batáns do Mosquetín aínda funcionaban regularmente ata 1966. Despois deixaron de facelo porque os donos cederon os dereitos da auga da represa do río que surtía as súas canles para servizo dunha moderna piscifactoría que se construíu por aqueles anos neste lugar. Aínda recordo ó vello bataneiro, o patrucio dunha das casas, o señor Evaristo (que xa tiña máis de 70 anos por 1974) como lembraba os tempos xa idos, pero daquela aínda moi próximos, nos que acudían a este recóndito lugar veciños de diversas parroquias de Soneira, Bergantiños, e mesmo de Xallas e da ría de Noia (a uns 60 km). Estes batáns tiñan moita sona na metade occidental da provincia da Coruña.

Pero estes folóns do Mosquetín contan cunha longa historia documentada. Gracias ó **Catastro de Ensenada** (1753) sabemos que xa existían a mediados do séc. XVIII, hai cerca de 250 anos. Neste documento fálase de:

dos batanes de bater buriel o lana del país, el uno llamado Mosquetín, sobre el río de este nombre propio de Matheo de Lema, cuya utilidad le regulan en



4. O tellado do edificio dos batáns do Mosquetín acabado de restaurar (1985). En primeiro termo, as canles de cemento da piscifactoría.

ciento cinquenta rrs. vellon y el otro sobre el mismo rio propio de Antonio de Romar, cuia utilidad le rregulan en ciento cinquenta rs. vellón.

En 1804, o ilustrado galego **José Lucas Labrada** fala deles na súa *Descripción económica del Reyno de Galicia*, en dúas ocasións:

... que en dicha jurisdicción [de Vimianzo] hay bastantes terrenos baldíos (...); que hay unos veinte tejedores de lino del país y tres batanes a donde se preparan las lanas de que se visten aquellos naturales... (LUCAS LABRADA; 1804: p. 55).

El valle de Vimianzo, también en Bergantiños, tiene una legua de largo y otra de ancho; sus principales productos son el trigo, el maiz y el lino del país, del que hay en la jurisdicción como unos 20 tejedores, y además tres batanes para componer las lanas también del país, de que se visten los naturales. (Id, p. 88).

O crego liberal don **Juan Antonio Posse**, natural da veciña parroquia de Soesto (Laxe), hoxe bastante coñecido gracias á recente publicación dunhas *Memorias* súas de grande interese histórico e sociolóxico (escritas en León contra 1830), lembraba entre outras cousas os traballos pasados na súa infancia -máis ou menos por 1790- camiño da “industria” do Mosquetín cos foles de gran ó lombo para moer (POSSE; 1983, p. 32).

Historia recente: os últimos anos

Anteriormente xa falei de que estes aparellos viñeron funcionando ata 1966.

En 1974 estudieinos, detallando o nome das súas partes. Daquela, dous aínda estaban en bastante bo estado; o terceiro xa practicamente perdido.

No ano 1977 publiquéi dous artigos sobre eles, un de tipo lingüístico (en *Verba*, Anuario Galego de Filoloxía) e outro na desaparecida revista *Teima*.

Polos anos oitenta, a indicación miña, foron analizados por Vázquez Varela (voz "Folón", da *Gran Enciclopedia Gallega*), Begoña Bas (*As construcións populares...*; 1983) e o arquitecto Pedro de Llano na súa tese de doutoramento (*Arquitectura popular en Galicia*, t. 2; 1984).

Por estes anos oitenta tanto os aparellos como os edificios que os acubillan estaban no abandono máis completo, cos tellados esburcados e medio afundidos. Por estes anos pasaran por Galicia os restos dos ciclóns "Hortesia" e "Klaus", e os ancestrais edificios tiñan un futuro pouco esperanzador.

Restauración tellado

A finais de 1984 realizáronse xestións -co apoio de dous concelleiros independentes do Concello de Vimianzo (Xan García Pouso e Ramón Gándara) e a asociación cultural vimiancesa "*Vencello*"- na Dirección Xeral do Patrimonio Artístico da Xunta de Galicia para ve-la forma de que se salvase este conxunto etnográfico de tanta historia. Daquela era a directora xeral **Raquel Casal**, que tivo a deferencia de acudir a Vimianzo para ollalos persoalmente.

1985: Como consecuencia desta visita, a Directora Xeral dispón a restauración inmediata do teito e tellado dun dos edificios, o norte, precisamente o que acubilla ós tres batáns e a dous dos muíños. A obra xa estaba rematada en febreiro deste ano: púxoselle un hermético teito de formigón e por riba a tella. Esta operación de teitar e tellar salvou de momento a este edificio da súa máis que segura ruína (e con el ós aparellos do interior), pois certo tempo despois vai haber no río Grande serias inundacións, durante as cales as augas chegaron a sobrepasa-lo tellado do rústico edificio.

Con todo e iso, o feito de que o teito se fixera moi hermético provocou unha escuridade absoluta no interior do edificio, pois a luz natural non vai ter ningunha fisgoa para entrar (antes o tellado era a tellavá e a luz podía pasar por entre as xuntas das tellas). A partir de agora vai ser precisa unha lámpada ou farol para poder ve-los aparellos; os donos das casas teñen facilitado múltiples veces unha luz ós visitantes que non viñan preparados. Solicitouse re-



5. En febreiro de 1985 estaba restaurado o tellado do edificio norte (o dos batáns). O edificio máis achegado ó río hoxe xa non existe.

petidas veces do Concello de Vimianzo a instalación dun par de lámpadas sinxelas no interior, pero o goberno municipal sempre prestou oídos xordos a estas demandas, pois a súa actitude foi máis de desprezo que de aprecio por este conxunto etnográfico, actuando como se non estivesen no territorio municipal. Paradoxalmente, a pesar deste absoluto desinterese -e franca hostilidade, ás veces-, este organismo non deixa de citalos en folletos municipais de promoción turística. No folleto propagandístico das últimas eleccións municipais a candidatura do actual alcalde vimiancés anunciaba a súa pretensión de *restaurar*, entre outros "monumentos", os batáns do Mosquetín e varios dolmens, entre eles o ben coñecido dolmen de Pedra Cuberta.

Como recordo gráfico da restauración do tellado, ademais das abundantes noticias da prensa (sobre todo de *La Voz de Galicia*, edición de Santiago), na *Memoria das Actividades da Consellería de Educación e Cultura* ó remate da primeira lexislatura autonómica figura unha flamante foto a toda cor desta obra.

En xullo de 1985 o Arquivo da Imaxe da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia premia nun concurso o guión para vídeo titulado *Os últimos batáns non morrerán para sempre*, de X. L. Castro e X. M.^a Lema. Este premio levaba im-

plícita a posterior realización do guión por parte da Administración, cousa que nin sequera se intentou (no guión contemplábase o seguimento da hipotética restauración dun dos aparellos).

Restauración dun batán

Nos anos 1985 e 1986 os concelleiros vimianceses antes citados contiñan coas xestións, encamiñadas agora á restauración dun dos aparellos. Conséguese na Dirección Xeral do Patrimonio Artístico unha subvención para que un dos donos restaurase un dos batáns e o puxese de novo en funcionamento. A idea era verdadeiramente atractiva: conseguir que volvesen bater na pía os ancestrais mazos ou manlles, como se nos trasladasemos cen anos atrás no tempo.

Antes de recibila aprobación oficial da subvención, xa José García -así se chamaba este propietario- se puxera mans á obra nas tarefas de restauración, chamando na súa axuda a un carpinteiro bergantiñán, Daniel da Carballa (infelizmente, ámbolos dous xa falecidos hoxe en día).



6. O primeiro dos batáns do Mosquetín presentaba este estado en 1984; as inundacións destruírono e hoxe xa non existe.



7. Reconstrucción *in situ* do batán central en 1985: o eixe, as pezas do rodicio, os xugos.

Desmontouse peza a peza o folón a restaurar e fóronse substituíndo as pezas podrecidas e estragadas por outras novas, feitas artesanalmente. En marzo de 1986 xa estaba restaurado este aparello, superándose unha morea de dificultades, bastantes máis das que se esperaban nun principio:

Facer un batán, dicía José García, depende moito da práctica. Aquí había un carpinteiro que os entendía ben, pero agora morreu. Neste caso fixo as pezas o carpinteiro e eu íalle indicando a súa colocación. Levounos trinta días e deunos moitos mareos e viaxes. Agora xa non se atopa madeira apropiada (La Voz de Galicia, 9/5/1986).

Por fin volveu funcionar un batán, momento emotivo que levou ó Mosquetín a moitos curiosos da redonda, provistos nalgúns casos de cámaras de vídeo domésticas para eterniza-lo momento.

Por sorte, quedanos un bo testemuño gráfico do seguimento desta artesanal restauración, pois houbo quen a foi seguindo paso a paso cunha cámara de vídeo, entre eles o mestre Ramón Pérez Rey, do Centro de Recursos de Vimianzo. Este seguimento deu como resultado un vídeo doméstico que se titulou *Os derradeiros batáns*, realizado entre 1988 e 1989 por Ramón Pérez Rey e Xosé M.^a Lema. Aínda que ten as obvias deficiencias técnicas, coido que o testemuño ten un apreciable valor etnográfico. Na primeira parte do mesmo



8. Reconstrucción dun batán en 1985: o rodicio vello.

tentóuselle dar unha certa trama argumental, cun matrimonio novo que vai paseando pola beira do río Grande cos seus dous fillos; mentres os pais quedan descansando observando a corrente ó abeiro duns carballos, os rapaces adiántanse por entre os ameneiros e descubren entre a maleza un edificio en ruínas; aventúranse a entrar no mesmo e ven no interior, entre as tebras, uns misteriosos aparellos cuns grandes mazos, que lles fan pensar ó unísono en hipotéticos instrumentos de tortura de épocas pasadas. Foxen correndo a fume de carozo e chegan onda os pais, que volven con eles ó edificio en ruínas e explícanlles con calma o que poden ser aqueles aparellos tan inquietantes. Tal descubrimento motívaos para trataren de restauralos, contando coa axuda do seu mestre e dos rapaces e rapazas do seu curso escolar. A segunda parte vai dedicada por enteiro ó seguimento da restauración e ó momento emotivo en que, despois de tantos esforzos, se puido por fin poñer en funcionamento este ancestral aparello.

O vídeo presentouse o 30 de xuño de 1989 nunha cafetería de Baio, con aceptable éxito de público (mesmo acudiron curiosos de comarcas limítrofes, entre eles algunhas persoas de certa idade). O máster deste vídeo é propiedade da Consellería de Cultura da Xunta. Se algún día algún organismo oficial decide unha nova e necesaria restauración, pode polo menos segui-los pasos aquí marcados. O Arquivo da Imaxe e o Museo do Pobo Galego contan, así mesmo, con cadansúa copia.



9. Tralo arranxo, o batán central volveu bater despois de tantos anos (1986).

Empeza o abandono

En decembro de 1987 houbo grandes inundacións en Galicia. O río Grande do Porto subiu moito do seu nivel habitual e asolagou totalmente o edificio dos batáns. Dos dous aparellos que quedaban no seu interior, un deles quedou desprazado do seu sitio e practicamente destruído, o outro (o restaurado en 1986) sufriu graves danos e deixou de funcionar; o propietario, José García García, aseguraba que con dúas horas de traballo se podería poñer de novo en funcionamento (VG, 25-2-1988).

En febreiro de 1988 a prensa destaca en titulares que "*Los 'batáns do Mosquetín' abandonados por los distintos organismos oficiales*" (VG, 25-2-1988). Neste artigo tamén se subliñaba que este conxunto etnográfico viña sendo moi visitado por turistas e estudantes, que marchaban defraudados por varios motivos: a ausencia de luz no interior, as deterioracións sufridas polos últimos temporais, etc.

Xuño 1991: o estado de deterioración era xa daquela moi grande. O director do Museo Arqueolóxico da Coruña, Felipe-Senén López, publicara na prensa un artigo laiándose do estado deste conxunto etnográfico, e envioulle un escrito ó delegado de Cultura da Coruña para que interviñese no asunto; este limitouse a remitirle ó Concello de Vimianzo outro escrito lembrándolle as súas obrigas para a conservación do patrimonio. Simples trámites burocráticos



10. Fermosa imaxe do batán central en funcionamento, trala restauración (marzo 1986).


para cubri-lo expediente, pois todos sabemos que estes escritos son papel mollado para a meirande parte dos concellos rurais, para que enganarnos...

Unha raiola de esperanza: o inicial entusiasmo do Director Xeral do Patrimonio Artístico

Movido por este interese case xeral, con data do 17-9-1991 quen isto subscribe decide enviarlle un longo informe de catro folios a **Iago Seara**, Director Xeral do Patrimonio Artístico, alertándoo sobre o estado dos batáns e solicitándolle a lóxica intervención do organismo que dirixía con miras á súa definitiva restauración. O escrito tiña estes apartados:

- 1.^o) Unha breve historia dos antecedentes remotos do conxunto etno-gráfico (remotos: Labrada, etc.) e as restauracións feitas pola Xunta en 1984-1985 (teito e tellado) e 1986 (restauración dun dos aparellos).

11. En 1987 dous dos batáns aínda estaban en bo estado; hoxe o do fondo está en ruínas.



- 2.º) Situación deprimente dos edificios e dos aparellos (invadidos pola maleza, o batán restaurado medio estragado e o outro xa practicamente arruinado, etc.). “Dá verdadeira pena, dicía, que en menos de cinco anos as reconstrucións emprendidas pola Xunta estean xa no máis completo abandono. Algo fallou, e o fallo estivo en que non se estableceu un axeitado plan de conservación”.
- 3.º) Solicitábase unha nova e definitiva restauración para estes aparellos “únicos en Galicia e poida que en toda Europa: todo consiste en que exista tal vontade e non se evite a responsabilidade da Administración traspasando a pataca quente a outros organismos de distinto signo político”. Propoñíase:
- a) Chegar a un acordo cos donos para que se comprometan a manter en condicións o conxunto, limpándoo de malezas periodicamente, reparando as pezas, etc. Podería ser algo semellante ás subvencións que se dan ós labregos para que manteñan limpos os montes.



12. En decembro de 1987 grandes inundacións elevaron o caudal do río do Porto.

- b) Instalación no interior dun par de lámpadas.
- c) Tamén se podería pensar na adquisición do conxunto por parte da Xunta: magnífico enclave para o turismo rural.

Daquela era Conselleiro de Cultura **Daniel Barata**, persoa que -en palabras de Iago Seara- tiña unha gran sensibilidade cara ó patrimonio etnográfico. O Director Xeral do Patrimonio tomou nun principio este asunto dos batáns con sumo interese; tivo a deferencia de me chamar axiña e tiveron unha entrevista persoal con el, quedando en que ía facer unha visita oficial ó Concello de Vimianzo para falar co alcalde deste e doutros proxectos.

En efecto, o día 6 de novembro de 1991 Iago Seara efectúa unha visita a Vimianzo e vai ver *in situ* o conxunto etnográfico do Mosquetín. Quedou impresionado polos aparellos, e tamén polo seu lamentable estado. Falou cos propietarios, "dispostos a ceder o uso do conxunto para ser utilizado como ben cultural". Naqueles momentos un rapaz novo, Luís García, fillo do falecido Xosé García, estaba entusiasmado co proxecto e moi animado para colaborar activamente na restauración, ofrecéndose a quedar el encargado do mantemento. É dicir, que por parte dos donos non había impedimento ningún, senón unha absoluta dispoñibilidade a colaborar coa Administración.

13. As inundacións de decembro de 1987 destruíron por completo este muíño do Mosquetín (edificio sur).



O Director do Patrimonio, falando co alcalde de Vimianzo (Alejandro Rodríguez, do PSOE), propoñía que o Concello vimiancés formalizase un convenio cos propietarios (estes cederían o conxunto para destinalo a usos culturais e o Concello encargárase da conservación) e outro coa Xunta (para garantir esta conservación: o Concello tería que destinar unha persoa que se encargase do mantemento). Iago Seara engadía que a meirande parte do diñeiro sería proporcionado pola Xunta, aínda que “a Consellería de Cultura non contará con cartos ata xaneiro, pero o máis seguro é que non haxa ningún tipo de problemas”.

Semellaba que o Director Xeral do Patrimonio acollera a idea da restauración con grande entusiasmo, cousa que fixo concibir grandes esperanzas ás asociacións culturais da zona e a outras persoas que confiaban en que por fin se lle ía dar unha solución definitiva a este conxunto etnográfico, salvándoo para a posteridade e dándolle un uso que revertese nun mellor aproveitamento cultural. Ó día seguinte, *La Voz de Galicia* salientaba nos seus titulares os resultados positivos da visita: “*El director general de Patrimonio propone la recuperación de los batanes de Mosquetín. La Xunta podría firmar un convenio con el concejo y los dueños*” (VG, 7-11-1991). A algúns mesmo nos parecía que nos poderíamos achegar a actuacións sobre o patrimonio semellantes ás feitas nalgúns países europeos, que a tantos e tantos turistas atraen ó longo do ano (algunhas cousas da Bre-



14. Membros das asociacións culturais de Soneira realizando limpeza do contorno dos batáns (28-12-1991).

taña, por exemplo). Botabámo-las contas da vella soñando espertos, pois axiña se nos demostrou que non estabamos na Europa ideal, senón aínda en Galicia...

A exemplar campaña de limpeza do contorno dos batáns do Mosquetín (28 decembro 1991)

Desde a Dirección Xeral do Patrimonio Artístico encargóuselle de contado ó arquitecto **Pedro de Llano** (especialista en arquitectura popular) o proxecto de restauración do conxunto etnográfico do Mosquetín. Alí acudiu este arquitecto xunto cos seus auxiliares, pero era tanta a maleza que rodeaba os edificios que lle foi imposible efectua-las medicións necesarias. Foi daquela cando as asociacións culturais dos concellos da Terra de Soneira decidiron limpa-lo contorno e organizaron unha campaña de salvación dos batáns, para concienciar ós organismos oficiais e ós veciños de arredor da súa necesaria restauración e conservación.

Decembro 1991: baixo o lema "**Salvemos os batáns**", nada máis nin nada menos que dúas ducias de asociacións culturais da Terra de Soneira (de Vimianzo, Baio, Ponte do Porto, Zas...), asociacións de pais de alumnos dos colexios públicos de Baíñas, Vimianzo e Baio e dos institutos de Vimianzo e Baio, amas de Casa de Baio e Vimianzo, etc., etc., iniciaron unha activa e re-

15. Do primeiro dos batáns do Mosquetín
(véxase foto 6) só queda o sitio.



16. Estado actual
(deplorable) do
conxunto etnográfico
do Mosquetín: o
tellado restaurado en
1985 cada vez esta
máis estragado.



chamante campaña para salvar estes batáns. Editaron un folleto explicativo e realizaron unha acción exemplar para chama-la atención polo abandono en que o Concello tiña sumido este conxunto: membros de tódalas asociacións xuntáronse o 28 de decembro de 1991 -día dos inocentes, data escolleita adrede- para limpar de silvas e de todo tipo de maleza o contorno dos edificios, para que o arquitecto puidese toma-las medidas para a restauración. A prensa escrita, a TVG e a TVE-G fixéranse eco desta iniciativa que mobilizou a vinte-dúas entidades da comarca: "*empezouse a correr a cousa e uns e outros quixeron sumarse ós traballos*". Coa venda dos folletos pagaron a dous xornaleiros para que os axudasen a corta-las malezas.

O escritor Manuel Rivas, que desde había uns anos estaba vivindo na Urroa-Vimianzo, escribira un clarividente e irónico artigo en *La Voz de Galicia* (e coído que tamén en *El País*) motivado pola irracional oposición do alcalde vimiancés a esta restauración, pois o rexedor municipal chegara a ameazar a membros dalgunhas entidades culturais pola súa colaboración na limpeza do contorno. "*Duro con eles, señor alcalde, escribía Rivas con moita retranca, ¿a quen se lle ocorre?, vaia caraduras estes das asociacións culturais, que se poñen a limpa-lo río en vez de emporcalo, co bonito que estaba así, cheo de latas, plásticos, botellas...*" (a cita é de memoria, pois non conservo o recorte do artigo).

O Director Xeral do Patrimonio cualificou de "extraordinaria" esta campaña das entidades culturais de Soneira:

Estas son algunhas das alegrías polas que nos debemos felicitar. A campaña é extraordinaria. Eso quere dicir que o país está vivo e que a xente aínda se move para conservar-lo patrimonio (VG, 28-12-91)

Engadiu que en canto o proxecto de restauración estivese redactado, Patrimonio procedería á súa execución, aínda que antes se poñería de acordo co Concello de Vimianzo para levar a cabo a execución do mesmo.

O proxecto Pedro de Llano: o "Museo do batán"

Decembro 1992: o tempo pasou. O proxecto do arquitecto P. de Llano tamén tardou o seu tempinho en estar preparado. Entregouse por fin a Patrimonio Artístico en decembro de 1993.

Proxecto de Pedro de Llano. Significaría un investimento total de dez millóns e medio de pesetas para facer no Mosquetín algo verdadeiramente interesante, fóra do común. Contemplábase, nunha primeira fase, unha actuación sobre o contorno para permiti-lo contacto visual entre o río e os batáns (limpeza definitiva do contorno: silvas, maleza, árbores que puideran dana-los edificios...). Así mesmo, tamén se prevía a canalización e saneamento da zo-

na, a preparación de accesos e a recuperación dos espazos abertos entre as edificacións. No edificio sur -o máis achegado ó río-, onde houbo no seu día muíños e que só conservaba parte das paredes en pé, rebaixaríanse as súas paredes para permiti-la visión do edificio dos batáns; aquí crearíase unha especie de praza lousada para descanso dos visitantes. A actuación fundamental estaba no edificio norte, o que acubilla os batáns e dous muíños: a pretensión era crear un pequeno museo etnográfico *in situ*: **o Museo do batán**; dos dous batáns que quedaban, un deles permanecería no lugar onde estaba, respectándoselle o seu medio natural, pero o outro quitaríase deste edificio e levaríase a outro situado na parte oeste -un antigo muíño que aínda conservaba en bo estado as súas paredes- e unha vez alí, elevado sobre un pedestal, poñeríase de forma que puidese ser observado con comodidade polos visitantes, que desta maneira poderían ollar-los seus mecanismos circulando ó seu redor; mesmo cabería a posibilidade de poñelo en marcha accionándoo cunha manivela aplicada ó eixe -en substitución da forza hidráulica-, para observa-lo seu funcionamento. O aparello que se deixase no interior do edificio, en condicións favorables, poderíase poñer en funcionamento abrindo a canle da auga. Finalmente, o lugar que ocupara o terceiro dos batáns, xa desaparecido hai tempo, deixaríase tal como estaba, para que simplemente se ollase a súa situación.

O tempo foi pasando e axiña se puido ver que as esperanzadoras promesas do Director Xeral foran flor dun día, pois o proxecto foi pasando de ano en ano sen entrar nos presupostos: nin nos do 93 (como asegurara o propio director xeral a *La Voz de Galicia* sempre se dicía -de palabra- que se ía meter un ano, despois outro.... disque sempre estaba a piques de entrar, pero nunca deu entrada: asuntos máis "importantes" e urxentes lle impediron o paso (a etnografía, cincenta do patrimonio artístico e cultural).

A frustración

En vista de que todo eran evasivas para a restauración dos vellos batáns, quen agora lles está a falar decidiu enviar unha carta persoal (datada o 24-2-1993) ó Director Xeral do Patrimonio Artístico, transmitíndolle as preocupacións de toda a xente que se mobilizara en torno á salvación destes senlleiros aparellos; indicábaselle que xa pasara **un ano** desde a tan loada e celebrada *limpeza do contorno* por parte das asociacións culturais soneirás, que nalgúns casos, xa desesperadas, aseguraban que este ía se-lo derradeiro intento, pois xa estaban cansas de tanta loita inútil e de tantas "boas" palabras por parte dos organismos oficiais. Estaba moi ben alegrarse de que o país estivese vivo en



17. Estado actual do segundo dos batáns do Mosquetín, o central (o que fora reconstruído en 1986).



18. Vista desde a parte do rodicio do batán central (o reconstruído en 1986) do Mosquetín. Un pequeno arranxo permitiríalle volver funcionar de novo

19. O terceiro dos batáns do Mosquetín foi protagonista da portada dun fascículo da *Gran Enciclopedia Gallega*; hoxe atópase no estado ruinoso que se observa na foto 20.



defensa do patrimonio, pero non se podía defraudar a toda esta xente unha vez máis. Solicitábaselle ó director xeral que axilizase os trámites, porque axiña se ía entrar na dinámica das eleccións autonómicas, e ben se sabe que as restauracións etnográficas non son a tarefa máis urxente para dar votos. Un confiaba sinceramente nunha resposta positiva, lembrando o entusiasmo inicial de cara a este proxecto. *Verba volant...!*, pois desta vez o silencio foi a única resposta.

Máis tarde, en breves conversas informais xurdidas en encontros casuais, souben que as razóns dos aprazamentos e a demora estaban na órbita -disque- do Xacobeo 93, que seica arrepañara tódolos cartos da Xunta. Habería que agardar, logo, ós presupostos do 1994. Chegou este novo ano, pero despois viñeron novas desculpas...

Entra un novo Director Xeral do Patrimonio Artístico, **Ángel Sicart**. Novamente moi esperanzado, mándolle outra carta persoal (20/1/1994) poñéndoo ó tanto do asunto, indicándolle que o proxecto leva *dous anos* en hibernación, sempre a piques de entrar, pero quedando decote ás portas. Outra vol-



20. Estado actual do terceiro dos batáns do Mosquetín, en ruínas tralas inundacións de 1987. Habería que reconstruílo case por completo; de momento aínda se está a tempo.

ta a relata-la importancia histórica deste conxunto, a súa singularidade no patrimonio etnográfico galego, o seu lamentable estado ruinoso (tal vez en poucos anos irreversible...). Houbo resposta por escrito (14-2-1994) por parte do novo Director Xeral, dicindo que se informou sobre o estado da cuestión: “A forma de acomete-las obras debería pasar pola elaboración dun convenio, ben sexa entre a Consellería e a Propiedade, ou ben tripartito, contando coa participación do Concello [de Vimianzo], de xeito que se garanta a conservación e incluso o funcionamento destes batáns”.

Desde aquela as cousas quedaron así, na espera. Non houbo ningunha outra noticia con respecto o tema. *Verba volant...* unha vez máis.

Estado actual da cuestión: tres anos de frustración

Isto é o que hai. De momento cómpre recoñecer que a única persoa -no tocante ós cargos públicos- que fixo algo por este conxunto etnográfico foi a ex-directora xeral Raquel Casal, polas restauracións efectuadas entre 1984 e 1986. A única que non deixou “voa-las palabras”. Polos ventos que sopran pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, parece que a etnografía vai se-la irmá pobre do patrimonio histórico nos anos vindeiros: xa o está sendo ago-

ra mesmo, pois vese ás claras como se está deixando de lado, sen o máis mínimo rubor, pois ben se sabe que non dá lustre ante o gran público coma o patrimonio rico, o da arte culta. Mesmo se rumorea que as xa ben mermadas axudas, creadas hai só tres anos, ós equipos de inventario e catalogación do patrimonio etnográfico galego van quedar eliminadas. A dualidade maniquea (¿ou maquiavélica?) de sempre: patrimonio rico, patrimonio pobre; relegación do segundo porque disque "non hai cartos", a pesar dos irrisorios investimentos que require, en favor do primeiro, do "fino", o das cifras milmillonarias.

Son pesimista, moi pesimista (¿como non o vou ser?, logo), pois dubido que a Consellería de Cultura se interese o máis mínimo pola restauración urxente e a posterior conservación deste senlleiro conxunto etnográfico do Mosquetín. Se non se senten mobilizados pola conservación desta case arqueolóxica industria rural de máis de 250 anos de antigüidade, con toda a documentación histórica de que está acompañada, ¿de que outra cousa se poden interesar? Son pesimista porque vin cos meus propios ollos como nos oito últimos anos se perdeu máis da metade dos obxectos deste conxunto etnográfico: os muíños dos edificios máis achegados ó río (fotos 5 e 13) hoxe están totalmente destruídos. Centrándonos xa unicamente nos batáns propiamente ditos, o panorama non pode ser máis desolador: polas fotos que acompañan a miña exposición, vemos como en 1987 aínda existían os tres batáns en aceptable estado dentro do edificio norte (fotos 9 e 11); do primeiro aparello, desgraciadamente, só queda hoxe o sitio (cfr. a foto 6 coa 16); o terceiro está case en ruínas, coas súas pezas ciscadas polo chan (cfr. as fotos 9, 11 e 19 -a que foi portada dun dos últimos fascículos da *Gran Enciclopedia Gallega*- coa 20); gracias á oportuna restauración de 1986 o batán central é o único que aínda conserva o tipo, salvándose da máis que segura desaparición de momento, aínda que un tanto deteriorado polas últimas inundacións (cfr. foto 9 coa 17 e 18). Está bastante claro que se non se toman unhas medidas urxentes, a desaparición do que queda do conxunto etnográfico do Mosquetín é inevitable en poucos anos.

A pesar do título do meu relatorio, son ben consciente de que en Galicia quedan outros batáns. Pero ben poucos por certo, e ningún deles nas condicións óptimas deste(s) de cara á súa restauración e conversión en museo monográfico. O Mosquetín mesmo se ve favorecido polos fáciles accesos con que conta, cunha pista asfaltada que pasa ó seu carón. Recentemente tiveron noticia da existencia de dous folóns no sur da provincia de Ourense, nas aldeas de Gudín (Xinzo de Limia) e Niñodagua (Baltar); funos ver de contado e resulta que só me atopei cos alicerces das arcaicas construcións que os acubillaban: deixaran de traballar nada menos que había uns 40 anos, e unicamente algunhas persoas anciás lembraban vagamente como funcionaban. En troques, a uns 15 km de Santiago, na aldea de Oa (Xavestre-Trazo), os aparellos do interior aínda están en aceptable



21. Ruínas do edificio do folón de Niñodagua (Baltar-Ourense); deixaron de funcionar hai 40 anos.



22. Edificio do conxunto etnográfico de Paredes do Rio (N. de Portugal): Ecomuseu de Barroso.

estado de conservación, especialmente o do batán de Neiro, que foi arranzado hai cinco anos gracias a unha subvención que recibiu o seu dono do Ministerio de Cultura (¿el será que a Administración autonómica lle ten fobia á etnografía, e que a solución para o noso patrimonio etnográfico está no Goberno central? Nunca o pensara, de certo). Estes batáns son máis pequenos cós do Mosquetín, e o acceso ós mesmos é verdadeiramente complicado¹.

Temos, xa que logo, unha oportunidade única (e última) para preservar para as futuras xeracións este legado do pasado certamente senlleiro, levando adiante o proxecto inexplicamente detido, o **Museo do batán**, no Mosquetín. A Xunta de Galicia ten a palabra. Sería unha estación importantísima para o turismo rural galego, situada nun contorno envexable nun radio de seis quilómetros: o castelo medieval de Vimianzo, as renacentistas Torres do Allo, as antas de Dombate e Pedra Cuberta, o castro *A Cidá* de Borneiro, o cruceiro gótico de Pazos, a necrópole tardorromana e sueva de Tines, etc., etc.

E xa dou por rematado o meu relatorio. Se me animei a presentalo neste simposio foi por facer un derradeiro intento a prol da salvación deste(s) derradeiro(s) batán(s). Eu son unicamente o mensaxeiro que se limita a avisar con tempo, e fágoo agora publicamente unha vez que de maneira privada non conseguín nada. Para que despois non veñan as lamentacións post mortem a destempo. Despois deste aviso vou abandonar definitivamente o tema, xa é moito o tempo que levo loitando por estes vellos aparellos da Terra de Soneira e Costa da Morte -máis de quince anos, posiblemente-, con moi modestos resultados prácticos e un xa se chega a cansar de todo, sobre todo de petar na porta dunha Administración cada vez máis elitista, hermética e insensible: ¡nin que un tivese intereses privados no asunto!

O único interese que me moveu foi o mesmo que tamén mobilizou, naquel soado *Día dos Inocentes de 1991*, á A.C. "Adro" de Baio, á A.C. "Airiños do Vilán" de Xaviña-Camariñas, á A-X. "Axvalso" de Vimianzo, á A.C. "Badius" de Baio, ás asociacións de *Amas de Casa* de Vimianzo, Baio e Pasarela, ó *Casino* de Ponte do Porto, á A.C. "Castro-Meda" de Zas, ó *Colectivo ecoloxista "PX"* de Ponte do Porto, á A.C. "Ir Indo" de Lamas-Zas, á A.X.

¹ No coloquio que seguiu a esta comunicación, un dos asistentes ó Simposio, o profesor Alonso Estravís, falou da existencia duns batáns restaurados no Norte de Portugal, na vila arraiana de Paredes do Río, concello de Montalegre (distrito de Vila Real, Tras-os-Montes). Meses despois tiveron oportunidade de ir ver estes *pisões* portugueses e atopeime nesta aldea transmontana -á que se pode chegar facilmente desde Galicia pola fronteira de Randín-Tourém) cun edificio rústico que presta acubillo baixo un único teito a varias 'industrias': por unha longa canle de pedra entra a auga que pode facer funcionar un muiño, un xerador eléctrico de 110 v, unha serra mecánica e un *pisão*. Trátase do chamado *Ecomuseu do Barroso*, restaurado polo Parque Nacional da Peneda-Gerés. Unha vez máis, os portugueses, con moitos menos medios económicos ca nós, empéñanse en nos dar exemplo no seu respecto polo patrimonio, demostrando que non é tan complicada nin tan custosa -é o que dá a entende-la socorrida desculpa de que "non hai cartos"- unha axeitada restauración etnográfica.


"O Pedrouzo" de Carnés-Vimianzo, á A.X. "Porto da Xunqueira" da P. do Porto, á A.C. "Terlulia" de Vimianzo, á A.C. "Ventiños da Ponte" da P. do Porto, á A.C. "Vimio" de Vimianzo, así como ás *asociacións de pais de alumnos* dos colexios públicos de EXB de Bañas, Baio, Vimianzo, e dos institutos de ensino medio de Vimianzo e Baio, un total de vintedúas asociacións culturais e veciñais da Terra de Soneira (véxase o cartel da convocatoria) que deron unha lección exemplar limpando comunitariamente o contorno do edificio destes batáns soneiráns para facilita-los nunca iniciados traballos de restauración anunciados pola Xunta e de paso concienciar á opinión pública e ó Concello de Vimianzo. ¡Unha insólita manifestación en apoio da Dirección Xeral de Patrimonio Histórico-Artístico da Xunta e das súas iniciais pretensión de restaurar definitivamente e de consolidar este conxunto! ¡E que efusivas e vacuas felicitacións que se recibiron por parte desta Dirección Xeral!

Quizais foi precisamente a escolla deste malfadado día o que se volveu contra todos: ben *inocentes* fomos uns e outros por crermos inxenuamente nos compromisos adquiridos polos cargos políticos, que van e veñen como a faba na ola. Ben defraudados quedaron (quedamos) todos, e desde aquela ninguén volveu falar para nada do *affaire* bataneiro, pois houbera unha especie de xuramento de honor, á antiga usanza, de que se a restauración non ía daquela para adiante, nunca xamais se ían preocupar polos enmeigados batáns, ¡que desaparecesen dunha vez, se ese era o desexo dos organismos obrigados á súa conservación! Eu pensara, daquela, que agora ía ir por fin todo ben, que non ía haber problema ningún. E trabuqueime. As etéreas promesas da Administración víronse comestas co paso dos anos polas silveiras que axiña volveron invadi-las ancestrais arquitecturas do Mosquetín. Queda a pelota no tellado, e unha vez ditas e repetidas tantas advertencias, a Consellería de Cultura ten a palabra definitiva: ¿sálva(n)se ou déixa(n)se morrer no abandono un(s) do(s) derradeiro(s) batáns(s)?


BIBLIOGRAFÍA SOBRE OS BATÁNS DO MOSQUETÍN

- BAS, B. (1983): *As construcións populares: un tema de etnografía de Galicia*. Sada, Eds. do Castro.
- Catastro de Ensenada* (1753): "Interrogatorio... parroquia de Salto" [Arquivo Nacional de Simancas-Valladolid].
- GIL DE BERNABÉ, X. M. (1992): *O liño*. Vigo, Ir Indo Edicións, pp. 98-101.
- LEMA SUÁREZ, X. M.^a (1974): *Notas sobre el arte en Baio (Soneira) y sus entornos*. Memoria de licenciatura inédita. Universidade de Santiago.
- (1977): "Notas de socioloxía e lingüística a propósito dos batáns do Mosquetín (A Coruña)". En *Verba-4 (Anuario Galego de Filoloxía)*. Univ. de Santiago.
- (1977): "Os derradeiros batáns". *Teima*, n.º 20.


- (1992): “El Quijote’ de TVE e os batáns”. En *El Ideal Gallego*, 1-3-92 (“Cuadernos”, XIV).
- : voz “Salto”. En *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 27.
- LEMA SUÁREZ, X. M.^a e RICO TABOADA, M. (1980): *Lúa Nova-5*. Madrid, Ediciones Anaya, pp. 236-237.
- LEMA SUÁREZ, X. M.^a e PÉREZ REY, R. (1989): *Os derradeiros batáns*. (Vídeo subvencionado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia).
- LUCAS LABRADA, J. (1804): *Descrición económica del Reyno de Galicia*. Edición de Ed. Galaxia, 1971, pp. 55 e 88.
- LLANO, P. de (1984): *Arquitectura popular de Galicia*. Vol. 2. Sada, Eds. do Castro, pp. 422-425.
- POSSE, J. A. (1983): *Memorias de don Juan Antonio Posse y su discurso sobre la Constitución de 1812*. Edición de R. Herr. Madrid, CIS/Siglo XXI, p. 32.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M.: voz “Folón”. En *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 13.



BATÁNS DO MOSQUETÍN (SALTO-VIMIANZO)




P. de Llano




P. DE LLANO. *Arquitectura popular en Galicia*; vol. 2; pp. 422-425.

BATÁNS DO MOSQUETÍN (SALTO-VIMIANZO)




ESQUEMA XERAL DO BATÁN

- A) A mesa do batán. B) A Pia. C) A cravilla.
 D) As almancas. E) As manlles. F) O rodicio ou roda do batán.
 G) As penas. H) O eixe. I) As elevadoras.
 K) A canle. L) As zapatas das almancas.
 T) Trabes.




A MESA

- a) Porte da mesa. b) Tirador. c) Traveso. d) Xugo.
 e) Colocón. f) Forno.



ESQUEMA DO FUNCIONAMENTO

- g) Pescuño



O EIXE

- h) Os beos. i) As buxas


X. M.^a Lema. "Notas sobre socioloxía e lingüística a propósito dos batáns do Mosquetín (A Coruña)"; *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*; Univ. de Santiago, 1977.

CATASTRO DE ENSENADA (1753)
(Archivo General de Simancas Valladolid)

→ 17. Undecima septima dize que
en las Ensenadas con sus feligresías y coto de señeros
no hai Ensenas, ni Salinas, y solo en este
lado de Barana de Tera Buziel oladix de
el País, el uno llamado Mosquión, sobre el río
de este nombre propio de Marcho de Lema, cu
tas de las regulars en ciento cinquenta y seis vellón
y sobre el mismo País propio de Abonío
de romana, cua valle de las regulars en ciento cuarenta
y cinco País de ellos. y no hai terrafijos como
linas de capel y los existentes han de ser de
cada una de ellos son los siguientes. En dicho
Coto de señeros, hai seis ruedas de Moli
nos de hainas y de pedras negras y son el
uno llamado mosquión de las ruedas, sus
sobre el País mosquión proprio de Marcho de
Lema y consiste, cua valle de las regulars en
tas de ellos es de cinco y seis vellón anualmente se
molan tan solamente seis meses de el año, otro
proprio del enpusado Marcho de Lema de los seis ru
edas sobre el País mosquión donde quomuele seis
meses al año ala Moquila y ousted de regu
lar son de cinco y seis País vellón = Otro de una

SALVEMOS OS BATÁNS

UN EXEMPLO VIVO DE INXENIERIA POPULAR



- a) Mesa do batán.
- b) A pla.
- c) Cravillas.
- d) As almancas.
- e) As manlles.
- f) O rodicio.
- g) As penas.
- h) O eixe.
- i) As elevadoras.
- k) A canle.
- l) As zapatas das almancas.

Cartel das Asociacións Culturais e Veciñais de Soneira convocando á limpeza do contorno dos batáns (28-12-91).

OS COLECTIVOS:

A.C. ADRO, de Baio
 A.C. AIRIÑOS DO VILAN, de Xaviña
 A.X. AXVALSO (Soneira)
 A.C. BADIUS, de Baio
 A.C. CASA DE PASARELA
 CASINO DA PONTE DO PORTO
 A.C. CASTRO-MEDA, de Zas
 COLECTIVO PX, da Ponte do Porto
 A.C. IR INDO, de Lamas (Zas)
 A.X. O PEDROUZO, de Carnés
 A.X. PORTO DA XUNQUEIRA, da Ponte

A.C. TERTULIA, de Vimianzo
 A.C. VENTIÑOS DA PONTE
 A.D. VIMIO (Soneira)
 A.C. XUVENTUDE, de VIMIANZO
 AMAS DE CASA DE BAIO
 AMAS DE CASA DE VIMIANZO
 APA do C.P. de EXB de Baiñas
 APA do C.P. de EXB de Baio
 APA do C.P. de EXB de Vimianzo
 APA do I.E.S.P. de Vimianzo
 APA do C.H. de BUP de Baio

UN EXEMPLO DE COMO DESAPARECE UNHA CONSTRUCCIÓN POPULAR: OS HÓRREOS DO VAL DE ANCARES

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ

Membro da Ponencia de Antropoloxía Cultural do CCG
Museo do Pobo Galego

As construcións populares xorden nunha determinada época co gallo dunhas necesidades concretas e perentorias; transfórmanse ó longo dos anos e, por último, rematan por desaparecer ó quedar obsoletas. En Galicia isto está a suceder agora cos hórreos, carentes da súa función propia por non se sementar -ou só moi pouco- millo. Déixanse entón abandonados ou dedícanse a almacén de cousas vellas, tornándose nos máis dos casos nun atranco por ocupar un espacio que se necesita para outros mesteres.

Basicamente na Península hai dous tipos de hórreos: os “asturianos” e os “galegos”. Os demais non deixan de ser variantes destes dous, máis ou menos evolucionadas. Ademais da forma -as plantas dos primeiros sempre son cuadrangulares, e as dos segundos, rectangulares-, a diferenza tamén é patente na feitura: mentres que os “asturianos” son na súa orixe unha construción totalmente pechada, sen luz e mesmo con escasa ventilación; os “galegos” dispoñen de abundantes fendas para que se ventile e seque o froito.

O hórreo “asturiano” -que vai ser do que tratemos- non se cingue territorialmente só a Asturias, senón que tamén se atopa en León, Castela -norte da provincia de Palencia-, Cantabria e Galicia. Nesta última conta cunha reducida área, que empeza polo norte na aldea de Vilaxe (parroquia de Xudán, concello da Pontenova), baixa ata preto de Meira, segue por Pol, Milleirós (freguesía da Braña, concello de Baleira), A Fontaneira (tamén de Baleira), Liber (Vilachá, Becerreá), Doncos e Noceda (As Nogais), e Barxamaior (O Cebreiro),

internándose logo na provincia de León, achándose xa algún exemplar na primeira poboación que queda na aba do monte, no lugar do Castro¹.

Estas despensas, nas que durante séculos se gardaba todo, dende a carne ata o gran, dende a froita ata a mesma roupa, e ás veces tamén era onde se depositaban os defuntos da casa mentres non se enterraban, atópanse agora en franca decadencia. Cada ano que pasa son máis os que se converten nunha construción residual, que ou está baleira ou se destina a outra función distinta.

Non hai moitos anos que o antropólogo José Luis González Arpide catalogou os de Castela e León, chegando á seguinte conclusión verbo da súa función actual:

Uso	%
Para gardar utensilios vellos	40
Para garda-la carne da matanza	22
Para gardar alimentos do gando	20
Para os cereais	6
Sen uso concreto	12

É dicir, só o 28% se destina para o que foron construídos: garda-la carne e os cereais².

Durante séculos foi unha construción auxiliar imprescindible cando a vivenda era terrea, como as pallozas e as casas de teito. O único xeito de illa-la colleita da humidade e dos roedores era gardándoa nun sitio alto. Xorde entón o hórreo como unha necesidade imperiosa, non só aquí no noroeste da Península, senón tamén en tódalas culturas, pois dende as máis antigas ata as actuais sempre contaron con habitáculos especiais destinados exclusivamente para despensa dos froitos que logo se irán consumindo ó longo do ano.

Non hai dúbida de que os máis antigos son os de tipo "asturiano", que xurdiron como almacén para gardar todo, e non como os "galegos", que soamente son para o millo, polo que o seu espallamento cadra co do cultivo deste cereal americano. Escribía Jovellanos a finais do século XVIII: "Agregue, en fin, que se puede decir un edificio propio de Asturias. Por lo menos yo he recorrido toda la costa septentrional desde Vigo a Fuenterrabía y penetrado en

¹ GONZÁLEZ PÉREZ, C.: "O Hórreo: unha construción común a Asturias, León e Galicia". *Actas do Simposio de Antropoloxía "Lindeiros da Galeguidade I"*. Santiago, Consello da Cultura Galega, 1991, pp. 17 e ss.

² GONZÁLEZ ARPIDE, J. L.: "Los hórreos en la arquitectura popular de Castilla y León (Algunas claves para su desaparición)". *Actas del primer congreso europeo del hórreo*. Santiago de Compostela, 1990.

muchas partes por lo interior de estas Provincias, cuyo clima es análogo al nuestro, y no he visto en ellas un hórrio solo"³.

Non está no certo o ilustrado asturiano, pois por estes anos xa existían algúns "galegos": por exemplo, o monumental de Carnota data de 1768/83 e queda mesmo na beira do mar; ou un de madeira da parroquia de Bugarín, no concello pontevedrés de Pontearreas, construído -segundo consta no mesmo- o ano 1776⁴.

OS HÓRREOS DO VAL DE ANCARES

1. O ESPACIO XEOGRÁFICO

O val do río Ancares, provincia de León, non é actualmente unha unidade administrativa de seu, foino durante séculos coas anteriores divisións formando xurisdicción propia, denominada "de Ancares", con capital en Candín. Cando se levaron a cabo as aínda agora vixentes, na primeira metade do século XIX, creouse o "concello de Candín", pero engadíndolle dous núcleos máis: Suárbol e Balouta, situados fóra do val, na conca hidrográfica do río Navía, mentres que o río Ancares é da do Sil. Estas dúas parroquias eran da xurisdicción da abadía da Veiga de Espiñeireda (León), pertencendo ademais ó bispado de Oviedo, mentres que as do val veñen sendo dende tempos inmemoriais do de Astorga.

O 17 de marzo de 1973 foi creada a reserva nacional ou parque natural dos Ancares, cunha superficie de 383 km², que abrangue territorialmente ademais do val deste nome outros lindeiros, como os da Fornela, Burbia, Finolledo, etc.

A actual grave situación social, igual que a de toda a alta montaña galaico-astur-leonesa, amósase claramente con só coñece-lo retroceso demográfico no século en que estamos, pasando o concello de Candín de contar en 1900 con 2.188 habitantes, a 912 en 1970, e non máis de 495 en 1991; sendo actualmente o número dos que residen os doce meses aínda máis reducido, levando xa varios anos dous "lugueres" -como din eles- abandonados (Vilarbón e Suárbol), e outros a piques de estalo axiña (Lumeiras e Vilasumil).

O noso traballo cinguese a nove núcleos, todos eles parroquia eclesiástica, agás un -Candín- que é a capital do concello: Espiñeireda, Lumeiras, Pe-

³ Tomado de MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, I.: *El hórreo gallego*. A Coruña, Fundación P. Barrié de la Maza, 1979, p. 103.

⁴ FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, G.: "Un hórreo en Pontearreas, del año 1776", *Pregón da festa do Corpus*. Pontearreas, 1995, pp. 35-36.

reda, Sorbeira, Sortes, Teixeu, Vilarbón e Vilasumil. Deixamos fóra Balouta e Suárbol por non se achar no val, aínda que pertencen administrativamente ó mesmo concello.

2. O HÓRREO: NOTAS HISTÓRICAS

No val de Ancares, o mesmo que nas freguesías de Balouta e Suárbol, e nas terras estremeiras de Galicia e Asturias, esta construción actualmente denomínase *hórreo*. Foi moi estimada durante séculos, por se-la única con solla-do alto ó que non chegan os ratos, e por quedar illada da humidade a collei-ta. Descoñecémo-la situación anterior a mediados do século XVIII, non po-dendo máis que extrapolar algún texto asturiano referido ós máis vellos, como por exemplo este do P. Luis Alfonso de Carvallo, do ano 1695, polo que se de-duce que os antigos debían ser semellantes na súa feitura e materiais a algúns dos nosos actuais cabazos, feitos con varas: “úsase aún en Asturias esta manera de tecido, pues vemos algunos graneros, que llaman Orrios, hechos de barre-tones tejidos con varas, tan firmes, y seguros, que aunque están encima de cuatro palos, expuestos a los aires, y tempestades, y cargados de pan, y otras cosas, lo sufren todo, sin hacer vicio...”⁵.

Extrapolable tamén é o seguinte texto de Jovellanos, cando afirma que o hórreo asturiano “no sólo (sirve) para conservar granos y frutos, muebles y ropas, sino también para morada de sus dueños”⁶. O que proba que non soa-mente eran para garda-lo gran, senón que viñeron servindo para todo dende moi antigo e ata non hai aínda moitas décadas.

O primeiro documento fiable é o *Catastro* do Marqués de La Ensenada ou *Única contribución*, levado a cabo aquí entre 1752 e 1753⁷. Daquela o hó-rreo era unha construción auxiliar con presenza en tódolos núcleos de po-boación, pero non tanto como polas mesmas datas nas lindeiras terras galegas do val de Rao (Navia de Suarna), pero si o suficiente como para que se con-sidere cuantitativamente a terceira, despois da casa-vivenda e do palleiro. Ve-laquí a situación por “lugueres” ou “pueblos”, tendo en conta o número, os exemplares máis grandes e os máis pequenos, así como tamén os que máis abundaban. A unidade de medida é a vara castelá de 0,835 m⁸:

⁵ *Antigüedades y cosas memorables del Principado de Asturias*. Parte I, título III, 1695, p. 26.

⁶ *Diarios*. Biblioteca de Autores Españoles, XLVI, p. 344.

⁷ Archivo Histórico Provincial de León: *Catastro de Ensenada*. Caixas: Candín (7.984), Espiñeireda (8.170), Lumeiras (8.302), Pereda (8.472), Sorbeira (8.772), Sortes (8.782), Teixeu (8.791), Vilasumil (9.045). Non se conserva ningunha documentación de Vilarbón.

⁸ As dimensións non son máis que aproximativas, pois sempre figuran unidades completas, polo que é de supoñer que cando pasaba de media vara se considerase unha máis, e cando non chegaba, a anterior.




Este é o hórreo máis grande de Vilarbón e, polo mesmo, do Val de Ancares. Foi lousado xa hai anos. O seu estado actual de conservación é regular.

Lugar	núm. hórreos	máis grande	máis pequeno	o que máis abundaba
Candín	16	5 x 5	3 x 3	3 x 4
Espiñeireda	14	4 x 4	3 x 3	4 x 4
Lumeiras	14	6 x 6	3 x 3	3 x 3
Pereda	23	8 x 8	3 x 3	4 x 4
Sorbeira	4	4 x 4	3 x 3	4 x 4
Sortes	15	—	—	—
Teixeu	19	6 x 6	2 x 4	4 x 4
Vilarbón	—	—	—	—
Vilasumil	12	—	—	—

Fonte: *Catastro de Ensenada* (1752/53)

Nada se sabe da freguesía de Vilarbón, pois dela non se conserva documentación, nin no arquivo provincial de León, nin tampouco no xeral de Simancas. Das de Sortes e Vilasumil só os “Interrogatorios” en Simancas, constando o número de hórreos, pero non as medidas.



Da consulta deste catastro deducimos que a mediados do século XVIII podía haber máis de 130 en todo o val, supoñendo que Vilarbón contase cuns 13, que vén a se-la media das demais poboacións. Quizais fosen algúns máis, tendo en conta que en Sorbeira só figuran 4, pero máis do 60% das construcións deste lugar foran destruídas por un incendio en 1752, entre as que é de supoñer que houbera varios hórreos.

O máis grande achábase en Pereda, que medía 8 x 8 varas, é dicir, 6,68 x 6,68 m; e o máis pequeno en Teixeu -que é a primeira poboación que se atopa ó baixar do Porto de Ancares-, de 2 x 4 varas (1,67 x 3,34 m). Eran de madeira, asentados sobre pés tamén de pao, a non se-los tornarratos que adoitan ser de lousa. Todos estaban cubertos con colmo.

Esta era a relación veciños/hórreos a mediados do século XVIII:

Lugar	veciños	hórreos	% dos veciños con hórreo
Candín	36	16	44,4
Espiñeireda	41	14	34,1
Lumeiras	52	14	26,9
Pereda	43	23	53,4
Sorbeira	47	4	8,5
Sortes	55	15	27,2
Teixeu	64	19	29,6
Vilarbón	31	—	—
Vilasumil	28	12	42,8

Fonte: *Catastro de Ensenada* (1752/53) e *Vecindario de Ensenada* (1759).

En Pereda era onde había máis, contaban con el o 53,4% dos veciños. E o menos Sorbeira (só o 8,5%), pero como xa queda dito, máis do 60% das construcións arderan en 1752. Na primeira tamén vivía a familia que posuía máis, tres, Manuel Abella: "otra casa con su Corral, y un órrio ynmediato a ella". Logo di que ten "dos órrios" máis⁹.

O hórreo adoitaba estar situado ó par da vivenda, formando conxunto coa palloza e co palleiro -este último non sempre existía-, pero ás veces tamén se agrupaban varios en terreo comunal, como en Pereda, que ó describi-las propiedades de Juan Cochón, consta: "[...] un Orrio tiene de frente quatro varas, y lo mismo de fondo, linda al Oriente con otro Orrio de Pedro Rodríguez, al Poniente con otro de Matheo Abella, y al Norte con Calle Real, y al Mediodía con Campo del Común"¹⁰.

⁹ Pereda, *Catastro de Ensenada*: "Real de Legos", Manuel Abella, Archivo Histórico Provincial de León.

¹⁰ Pereda, idem, Juan Cochón.

A modo comparativo diremos que por estes anos e segundo a mesma fonte documental, a relación veciños/hórreos no lindeiro concello galego de Navia de Suarna era ben distinto, pois mentres que no val de Ancares só en dúas poboacións contaban con el máis do 50% das familias, nas terras naviegas a parroquia onde había menos era na capital do concello -A Pobra de Navia-, onde soamente o posuían o 74%, mentres que en doce superaban o número de veciños, destacando a de Ribón, onde as 13 familias posuían 18, correspondéndolle a cada unha case un e medio¹¹.

Non sabemos cando empezaría a cambia-la situación, pero seguro que foi entre finais do século XIX e o primeiro cuarto do XX. O caso é que en 1924, data en que se volven coñecer ben as edificacións ancaresas (número, materiais, medidas, etc.), achamos que o número de hórreos baixara extraordinariamente, tanto que xa se trataba dunha construción residual. Os *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana* diferencian entre "hórreo" e "paneira", baseándose en que estas últimas teñen por debaixo un local pechado que pode ser corte, adega, etc. (as medidas corresponden á superficie e son en metros cadrados):

Lugar	cuberta				
	palla	lousa	mixta	máis grande	máis pequeno
<i>Hórreos:</i>					
Lumeiras	1	—	—	30	30
Vilarbón	2	9	—	30	12
Vilasumil	1	—	—	28	28
<i>Paneiras:</i>					
Espiñeireda	1	—	—	26	26
Teixeu	1	4	1	68	30
Vilasumil	—	3	—	34	28

Fontes: *Expedientes de comprobación...* (1924).

Non quedaba ningún en Candín, Pereda, Sortes e Sorbeira. Dábase o caso de que Pereda, que era onde había máis en 1752/53, 172 anos despois xa non contaba con ningún¹².

¹¹ GONZÁLEZ PÉREZ, C.: "Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense: Notas históricas e situación presente". *Antropología y Etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares*. Vol. II. Lugo, Deputación Provincial de Lugo, 1991, pp. 27-28.

¹² Archivo Histórico Provincial de León: *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana*. Ayuntamiento de Candín, caixas: 10.225 a 10.234.



Actualmente en Vilarbón só queda un hórreo cuberto con colmo, asentado sobre altos pés de madeira, para acoller debaixo o *bestio* ou a besta.

Os materiais básicos seguían sendo a pedra para os pés e os tornarratos, e a madeira para o resto; pero mentres que a mediados do século XVIII todos tiñan cuberta vexetal de colmo, en 1924 só eran 6, e os 16 restantes xa de lousa. Había un en Teixeu con mixta, é dicir, a parte de abaixo de lousa e o cumo de palla, que é como adoita ser tanto nas construcións desta zona como tamén nas lindeiras.

Polos anos 1981/82, J. L. González Arpide levou a cabo o meritorio labor de face-lo censo e catálogo de tódolos hórreos da provincia de León¹³. Polo que atinxe ó val de Ancares, soamente quedaban tres exemplares no lugar de Vilarbón. No concello de Candín había dez máis, pero nas freguesías de Balouta e Suárbol, xa situadas na aba galega do Porto e, polo mesmo, fóra do val:

Lugar	cuberta	dimensións	estado	uso
Vilarbón	colmo	4,2 x 4,4	malo	trasteiro
	colmo	4,5 x 4,7	moi malo	trasteiro
	colmo	5,3 x 5,3	regular	trasteiro

¹³ GONZÁLEZ ARPIDE, J. L.: "Censo y catalogación de los hórreos leoneses". *Kobie*. Diputación Foral de Vizcaya, 2, 1987, p. 346.

Os tres estaban cubertos con colmo, pero ningún se dedicaba a hórreo propiamente dito, senón a almacén de trastes vellos.

3. SITUACIÓN ACTUAL

Chegamos a 1994. O estado de hoxe en día en nada semella ó de 1924, e moito menos aínda ó de 1752/53: en todo o val de Ancares soamente quedan dous en pé (un lousado e outro colmado), e os restos de dous máis. Tres atópanse en Vilarbón, "luguer" que leva abandonado máis de 10 anos, e os restos do cuarto -un único tornarratos- en Vilasumil.

Nas demais poboacións xa ninguén se lembra de que antano houbo destas construcións, só en Lumeiras as persoas moi maiores din que sendo nenos quedaban restos dun. Ó falar deles sempre se refiren ós que hai nos dous lugares situados na aba galega do Porto, en Suárbol e Balouta. Pero tamén aquí o seu número baixou espectacularmente: de máis de 30 que habería a mediados do século XVIII, pasouse a 16 en 1924, a 10 en 1981/82, e a non máis de 6 en 1994¹⁴.

Aínda que atendendo ó número de exemplares, polo de agora a situación do hórreo nos estremeiros concellos galegos de Navia de Suarna e Cervantes é moi distinta á ancaresa, non por iso o seu futuro se amosa moito máis prometedor. Primeiro porque cada vez son máis os lugares que quedan despoboados ou só habitados por persoas maiores, que non cultivan a terra e que, polo mesmo, non precisan de celeiro; e segundo, porque nas últimas décadas pasou a ser unha edificación case obsoleta, que perdeu a súa función de despensa, en particular dende que a palloza non é a vivenda habitual e se ergueron casas de baixo e sobrado.

Os máis afectados son os contados exemplares que seguen con cuberta vexetal, que cómpre arranxala cada poucos anos.

4. CAUSAS DA SÚA DESAPARICIÓN

¿Que sucedería ó longo dos 172 anos que median entre o *Catastro de Ensenada* e os *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana*, para que o hórreo se convertese nunha construción residual, carente de importancia?

Se fose agora, xustificárase atendendo a que case non hai cultivos no val e, polo mesmo, o hórreo non é máis que unha edificación sen destino de

¹⁴ No ano 1978 xa se queixaba J. R. Fernández González (*Etnografía del Valle de Ancares*, p. 68), de que esta construción era practicamente inexistente no val de Ancares, e que só quedaban dous exemplares: un en Pereda (erro, xa non había ningún en 1924) e outro en Vilarbón (erro tamén, aínda existen dous completos e parte dun terceiro), e que, polo mesmo, non puidera coñecer as denominacións das pezas ou partes. Cando fixémo-lo traballo de campo para a publicación *Arquitectura e tecnoloxía populares no val de Ancares (León)*, sucedenos o mesmo, tendo que cinguirnos exclusivamente a Balouta, freguesía situada fóra do val e moi influenciada pola galega de Rao.



O estado de conservación do hórreo colmado é moi malo, cada ano que pasa quedalle menos colmo.

seu, que perdeu a súa funcionalidade orixinal, e mesmo estorba máis que fai servicio. Isto é o que está a suceder cos galegos dos concellos de Cervantes e Navia de Suarna, lindeiros co val ancarés, por poñer exemplos da mesma área do tipo "asturiano".

Pero é moi distinto que desaparecesen os máis deles antes de 1924, cando a agricultura se seguía desenvolvendo do mesmo xeito de como se fixera durante séculos. E quen di a agricultura, tamén a gandería, pois a sangría migratoria, aínda que xa existente dende moi antigo, non alcanzaría o dramatismo actual ata a década dos anos sesenta.

As pallozas e as casas de teito (vivendas que non son iguais ás anteriores, pero que tamén se cobren con colmo), foron substituídas na súa maioría por vivendas con sobrado, provisto este sempre de amplo corredor preferentemente orientado cara ó abrente. As primeiras casas altas fixéronas os veciños mellor acomodados, que eran -polo xeral- os que tamén posuían os hórreos. Ó dispoñer de sobrado -o *cileiro*- con corredor, o hórreo perdeu a súa función tradicional, pois as arcas cos froitos estaban máis seguras arriba, lonxe da humidade e tamén dos ratos. O mesmo ocorría co demais. O único que podía atalla-la súa destrución sería o cultivo do millo, pero aquí nunca foi importante, polo que abundaban os corredores para secalo.

Así como ía medrando o número de vivendas con sobrado, así baixaba o de hórreos. A mostra témola en que onde máis se conservan é naqueles lugares onde os veciños seguiron vivindo en casas terreas, como sucedeu con Balouta e Suárbol, pertencentes ó concello de Candín, pero situadas fóra do val:

lugar	% casas altas		hórreos	
	1752/53	1924	1752/53	1924
Balouta	0	10	19	4
Candín	13	48	16	0
Espiñeireda	18	81	14	1
Lumeiras	1	28	14	1
Pereda	0	73	23	0
Sorbeira	2	41	4	0
Sortes	?	50	15	0
Suárbol	?	44	?	13 ¹⁵
Teixeu	7	40	19	6
Vilarbón	?	73	?	11
Vilasumil	?	64	?	4

Fontes: *Catastro de Ensenada* (1752/53) e *Expedientes de comprobación...* (1924).

Pero este fenómeno da desaparición do hórreo non só se deu no val ancarés, está a suceder ou xa pasou en todo o norte da provincia de León, onde a mediados do século XVIII existía un considerable número: en Burón había 45; en Vegacerneja, 20; en Escaro, 11; en Riaño, 82; en Huelde, 14. etc., dos que non chegou ningún ata hoxe en día¹⁶.

5. RECAPITULACIÓN

Dende finais do século pasado ten lugar no val de Ancares unha verdadeira revolución arquitectónica: xeneralízase a destrucción das tradicionais pallozas e casas de teito, substituíndoas por outras de planta máis pequena, pero con baixo e sobrado. O cambio vaise favorecer xa no presente século coa achega económica dos veciños que se desprazaban a traballar ás minas de Faibeiro, Ponferrada, etc.

No ano 1924 había en todo o val 250 casas con sobrado, que representaban máis da metade das vivendas (sobre o 55%), sendo as restantes, pallo-

¹⁵ Agora non quedan pallozas porque arderon no incendio de 1957, que arrasou case todo o lugar.

¹⁶ Cfr. GARCÍA GRINDA, J. L.: *Arquitectura Popular Leonesa*. Vol. I. León, Diputación Provincial de León, 1991, p. 38.



En Vilarbón houbo ata non hai moitos anos outro hórreo cuberto con colmo, pero actualmente non quedan del máis que os pés e o sollado.

Obdulia de Campoverde, que estivera na emigración en Francia, regresou polo 1980. E animouse a volver á roda porque ó chegar enterouse de que as xentes seguían preguntando polos cacharros. O Alonso, que era un dos fillos do Zorro, que seguira facendo de cacharreiro na casa do pai cando viña de vacacións, veu xubilado para Vilanova polo 1987. Traballara nunha siderurxia en Avilés, e alí colaborou na dirección da Escola de Cerámica. Ó chegar a Gundivós reorganizou o taller e o forno do pai.

Por estes anos súmanse a eles tres cacharreiros, curiosamente maiores de sesenta anos, que case a un tempo decidiron poñer a punto a súa formación de cacharreiros. Un deles xa manexara a roda e coa crise das olas decidiu traballar de carteiro. As xentes comentan con retranca que "empezaron de novo xente vella". E os dous máis vellos no oficio láianse de que, ó ser maiores os cinco, se non vén xente nova para Gundivós, de aquí a cinco anos xa non hai nada.

AS FORMAS

Non se cambiou a tradición porque se emprega o mesmo barro de sempre e unicamente no obradoiro hai un rodo eléctrico para tritura-lo barro e séguese co torno baixo, coa diferenza de que agora pónselle un rodamiento de bólas.

Séguese facendo, maiormente, o "xarro para o viño", o "barreñón para a zorza" e "as ámboas para o vinagre". Un 90% de canto se fai son xerros para o viño. Pero estes cacharros lévanse, sobre todo, como decoración das casas. E séguese apreciando algunha que outra peza para o seu fin utilitario, sobre todo entre as xentes do rural, como "as meleiras", "os asadores" e "escurecubas". Outras diferentes xa son máis ocasionais.

As formas non cambiaron e unicamente se introduciu a fabricación dalgunha das referidas, como xerros e ámboas, en miniatura, que dá máis fácil feitura e comercialización. E séguese aplicando pez, poida que en exceso por

dentro e por fóra, porque ós compradores dálles por dar máis preferencia ós cacharros denegridos, ó consideralos máis antigos. E o pez de agora non é tan bo como o de antes, que era pez artesanal sen graxa.

AS VENDAS E O FUTURO

As vendas, preferentemente, fanse na casa, onde se gardan as pezas xa feitas. E a xente acode a Gundivós porque estima esta louza, pola característica aparencia de antiga e rural. Algunha vez ó ano adoitan, "sobre todo Obdulia que saíu varias veces na televisión", acudir a unha Feira de Artesanía ou a determinadas celebracións, como a do viño de Amandi. Agora xa non se acode ás feiras e festas que se celebran nos arredores.

Este labor do barro en Gundivós segue a ser un traballo familiar e colaboran tódolos da casa, traballando homes e mulleres. E, igual ca nos pasados tempos, segue a ser un labor compartido coa agricultura. Pero non hai xente nova. Non existen aprendices, a pesar de que compensa economicamente aínda que nos dous anos últimos non ten o florecemento dos outros, "e poida que fose en parte culpa nosa por subir tanto os precios", confesan os cacharreiros. "A falta de aprendices pode ser porque tal como se fan os cacharros é un labor moi trabaloso. Sobre todo a cocción, que se súa moito".

II. A EVOLUCIÓN DE NIÑODAGUIA ONDE NON HAI APRENDICES

A posguerra supuxo anos moi duros para os de Niñodagua. A finais dos cincuenta non había diñeiro, polo que a xente non compraba. Veu o plástico e as olas do sulfato facíanse de plástico e construíronse moitas conduccións de augas... Deixáronse de compra-las olas. E marchou "todo o mundo". Case todos estiveron na emigración, que ó principio era para o País Vasco e despois para Alemaña.

Ó volver da emigración fixéronse os novos galpóns. Polo 70 comezou a mellora-la economía dos louceiros. Pero con todo ese progreso, os louceiros seguen estando cerca dos traballos agrícolas e cando son necesarios non deixan de botar unha man nas faenas da horta ou da sega.

Hai 25 anos contábanse:

9 obradoiros (galpóns):

1 obradoiro.....con 5 louceiros

1 obradoiro.....con 4 louceiros

4 obradoiroscon 3 louceiros

3 obradoiroscon 2 louceiros

Suman 27 louceiros e hai que engadir 2 aprendices.

No momento actual

6 obradoiros (galpóns):

1 obradoiro.....con 3 louceiros

3 obradoiroscon 2 louceiros

2 obradoiroscon 1 louceiro

Suman 11 louceiros e non hai aprendices.

(Algún fillo de louceiro practica na roda pero están centrados no estudio).

Un anterior obradoiro está convertido en industria mecanizada: con 3 louceiros e bastantes máis obreiros.

Como se desviou a estrada que agora vai por fóra das casas, á beira da nova construíronse, ata hoxe, dous obradoiros no baixo de casas-taller recén feitas. Estes obradoiros da estrada teñen un aire máis moderno, con forno de gasoil. Tamén se modernizaron os galpóns, aínda que os máis vellos louceiros seguen máis instalados nas formas tradicionais.

O BARRO E AS FORMAS

Para a louza tradicional, a louza amarela, séguese empregando o barro da Veigachá. Para o roxo, coma sempre, dun lugar preto de Niñodaguia. Algún vai polo barro a Tioira porque ten de sempre boa sona. Das barreiras sácase con escavadoras e transpórtase cun tractor ou nun camiión. Hai louceiros que traen barro de fóra, que xa vén feito máis fino e non precisa outra preparación. Pero se se quere facer algunha peza en amarelo perfecto "hai que seguir escollendo o barro a man".

No obradoiro case todos teñen amasadora e bregadora para a preparación do barro e algúns dispoñen de torno eléctrico, ademais dos tornos de pé (2 ou 3 tornos por taller). E xa leva anos a instalación para o secado: pequeno departamento provisto de ventilador de aire quente. A automatización para facer pezas con prensas está instalada ó completo nun obradoiro agora industrializado e comeza a entrar noutros para facer pezas "abertas" como tardeiras e cuncas.

Séguese usando unha parte importante das vellas formas: olas, xarras de dous bicos, xerros dun bico, cuncas do caldo, taciñas para o viño, chocolateiras, pratos e fontes, porróns, tardeiras, potas, petos, queimadas e algunha outra máis. A olería de Niñodaguia caracterizouse maiormente pola cor amarela do seu barro máis tradicional, cuberto de vidro transparente. Aínda hoxe se coída a tan atractiva imaxe reluciente.

Polos últimos anos fóronse introducindo, pouco a pouco, no repertorio de Niñodaguia outras formas novas, xa orixinariamente decorativas pola in-



1. Formas tradicionais de Gundivós, en miniatura.

2. Frasco de material refractario (Niñodaguia).





3. Prato de Buño con motivos decorativos actuais.

4. Porrón de roda, de moderno deseño (Buño).



fluencia de cerámicas alleas, se cadra como consecuencia do carácter viaxeiro e receptivo dos louceiros de Niñodagua e pola inquietude en modernizarse. Novas formas como xogos de café que xa teñen algúns anos, miniaturas de toda clase e, xa de agora, bruxas, caretas, curuxas e outras estrañas formas. Tamén formas en refractario para conseguir tonalidades estimables como pezas de adorno. E formas novas para usar, a destaca-la construción de envasados para industrias alimentarias, como consecuencia de dispor de vidrados carentes de toxicidade que cumpren a legalidade vixente na Comunidade Europea, o que representa un novo horizonte de traballo.

Agora o vidro esténdese amplamente por fóra e por dentro. Recórde-se que o vidro era escatimado, e non queda moi afastado, polo seu encarecemento. E nas pezas tradicionais non falta o raiado como decoración, que anos atrás deixara de facerse por aumenta-lo gasto do chumbo. Tódolos louceiros respectan a decoración tradicional nas pezas antigas. Ocasionalmente empréganse óxidos, que xa hai anos se iniciaron, en forma de "chorreo" en cores azuis, negras, pardas e verdes.

Para face-la cocción, nos galpóns todos dispoñen de forno de leña. Nestes tempos esténdese a incorporación de fornos de gasoil, que representa unha facilidade grande no traballo. Pero os que seguen facendo dobre cocción usan primeiramente o de leña para enxuquitar ou "bizcochar".

AS VENDAS E O FUTURO DA LOUZA

En dous obradoiros saen vender a distintas feiras e mostras, por apartados lugares por España adiante. E volven satisfeitos porque nas vendas compénsanse as molestias da camiñada. Quedan outros louceiros no obradoiro e os que viaxan non son xente vella. Curiosamente no taller industrializado mandan a mercancía a diversos destinos con tódalas medidas para un envío garantido. Noutros talleres véndeselles ós intermediarios ou comerciantes das vilas que veñen expresamente pola mercancía e ós talleres acoden tamén clientes que compran para si mesmos e turistas que pasan polo lugar.

Tódolos louceiros desexan alcanzar a constituír unha organización ou cooperativa para as vendas e para as subministracións, pero non chega ese momento propicio. Conscientes de que o resultado económico ó final de cada ano non é malo, e xa foi algo mellor nestes anos de atrás, agoiran que, ó non existir aprendices, cada ano pechen máis galpóns e que se extinga de contado a louza do lugar.

A olería vai dando o suficiente para vivir e para ir progresando no taller e para estudia-los fillos pero, no seu conxunto, non se lle ve futuro porque non hai aprendices. A casa, que fora escola, foi modificada e convertida en "Escola de Alfarería", pero non parece suficiente.

III. BUÑO E OS APRENDICES DE CERAMISTAS

Buño sofre unha fonda crise no desenvolvemento da súa olería a partir dos anos da Guerra Civil, que ocasiona unha redución numérica dos obradoiros en activo, ademais de iniciar un febril ensaio de novas formas e decoracións. Entre 1940 e 1970 desapareceron uns 30 obradoiros. Ó inicio da década dos 70 están en actividade 15 obradoiros e son 18 os oleiros. Aparenta que os seus talleres poderían desaparecer en pouco tempo. Da olería non se vivía. Moitos de Buño emigraron ou metéronse noutro oficio, tales como a construción ou nalgunha pequena industria que os acollese. Varios de Buño emigraron a países centroeuropeos.

Afortunadamente, no transcurso da década que vai de 1970 a 1980, ó mesmo tempo que a olería vai adquirindo un novo interese polo seu valor decorativo, a situación económica foi mellorando. En consecuencia, volven á actividade vellos obradoiros e incorpórase xente nova ó traballo. "Por eses anos xa se facía o cacharro da queimada que antes non se facía". A emigración achega recursos que permiten saír dos celeiros e facer alpendres onde se poida acondiciona-lo forno de gas. Esta construción segue sendo inmediata á casa e conectada coa cociña. Agora os fornos xa non son comunais, senón de cada quen, así como a pisadora que antes era unha para todos.

En 1980 contábanse en Buño 22 obradoiros en actividade, con 26 oleiros e outros dous oleiros que traballan ó xornal temporalmente. Seguen cocendo 3 vellos fornos ó exterior, pero xa non teñen na cocción o carácter comunal. Cóntanse 10 fornos instalados noutros tantos talleres. Aínda que nesta relación se inclúen oleiros próximos a xubilarse e outros que traballan en empresas e están ó torno en horas libres.

Nos últimos anos, a través da última "Mostra de Alfarería" de 1994, cóntanse en Buño e área de influencia 20 obradoiros e 26 oleiros en activo. Hai, tamén en Buño, unha recén organizada Cooperativa semiindustrializada na que traballan 3 oleiros. Entre o grupo de 26 oleiros, 3 son mozos que non alcanzan os 30 anos, xa con obradoiro propio. E 3 oleiros mozos que tamen teñen ó seu cargo o taller. En Buño, como centro alfareiro, esténdese máis alá dous seus límites xeográficos, para incluír obradoiros en Carballo e Malpica, baixo a súa área de influencia.

A EVOLUCIÓN DAS FORMAS E A DECORACIÓN

Agora xa non se coida a mestura dos barros, que era diversa, segundo fose a peza. Algúns traen barros de fóra, que levan fama de que lle dan máis finura á peza. E xa non se fan pezas grandes, que eran máis difíciles de construír cás pequenas. Xa non se fan xinetes nin cazolas. Antigamente cada peza

tiña que leva-la súa forma, a liña perfecta, que era a correspondente ó uso a que vai destinada. Trabállase moito a miudanza e os lilos, que antes se reservaban para os nenos. E xa non se mira tanto o ben acabado da forma, porque se lle dedica maior atención á decoración, que tamén se paga, e o rematado da peza.

Algunha forma antiga consérvase, pero cambiouse a decoración e dáse-lle vidro a toda a superficie, por dentro e por fóra. Pódese diferenciar como os oleiros de máis anos e formados dentro dunha máis antiga liña de traballo procuran seguir dentro da tradición, en tanto que os máis novos teñen menos reparo en incorporar formas e debuxos estraños. Sen embargo, desde unha visión conxunta, a produción de Buño segue conservando moitos aspectos tradicionais.

O vidro, baixo en chumbo, é unha frita autorizada pola Comunidade Europea. Para a decoración séguese coa pluma de galiña e a cinta branca e con engobes do propio barro e co vidro transparente. Pero están de moda os óxidos, que aquí os coñecen por "esmaltes". Antes usábase con abundancia óxido de cobre e de ferro, que daban bo resultado nos fornos de leña. Agora engádense óxidos que dan cores azuis, amarela e negra.

Hai formas tradicionais de enorme éxito: fontes, pratos, viradeiras, xerras, chocolateiras, cazos, queimadas e outras. As miudanzas e lilos seguen sendo un recurso de traballo abundante para algúns oleiros. As pezas de molde, que xa teñen tradición en Buño, aumentaron como consecuencia de incorporar novas formas, por certo algunhas ben estrañas, e, sobre todo, figuras de personaxes típicos da sociedade galega ou sacados das publicacións culturais. De tal modo que os óxidos, os moldes e as formas novas constitúen as innovacións destacables na produción actual de Buño.

Entre os oleiros hai unha preocupación por coídar conxuntamente a calidade da produción. Isto constitúe o argumento máis manexado para xustificar-la conveniencia dunha Asociación. Desexan diferenciarse, como traballo artesán, da produción industrial. E non aceptan de bo grao a instalación dun taller de oleiros na proximidade, con máquinas que fan pezas de molde por medio de prensas, e que se venden a baixo prezo como se saísen de calquera dos obradoiros artesanais de Buño.

Con respecto ó comercio, xa non se vai ás feiras, nin veñen os arrieiros do Xallas a transporta-las olas, e son os propios compradores os que teñen que acercarse ós obradoiros dos oleiros para mercar e transporta-la mercancía. De tal modo que estes compradores, ben sexan comerciantes ou xentes que acoden a Buño, exercen unha clara influencia sobre a produción dos oleiros. E, curiosamente, a maioría dos oleiros venden a súa produción ás tendas de olería radicadas en Buño, que, loxicamente, son as que impoñen as regras do mercado.

Un factor de importancia, polos últimos anos, nos cambios e promoción de Buño son as "Mostras de Alfarería", que organiza unha Asociación de oleiros e xentes do lugar. Moitos ansían que se leve a cabo unha "Escola de Alfarería" (Casa do Oleiro), e xa se logrou unha edificación, pero este proxecto tropeza con algúns atrancos para que dispoña da necesaria organización e eficacia.

RESUMO

A olería tradicional galega mantivo de sempre unha íntima relación coa sociedade campesiña e integrouse en pequenos lugares ou aldeas de oleiros, estendidas polo país, segundo a poboación e o interese dos seus mercados. De 1940 a 1970 sofre unha fonda crise, consecuencia do empobrecemento da sociedade rural e da competencia con outros materiais, que obrigou a moitos oleiros a abandona-lo obradoiro e a emigrar. Esta situación provocou a desaparición de moitas aldeas de oleiros.

A propia poboación emigrante, ó regresar na década dos 70, achega recursos que permiten a instalación de novos obradoiros e a ir introducindo algunhas melloras técnicas como fornos de gas, en talleres de Buño e Niñodaguía. Nesta nova etapa consérvanse as antigas formas tradicionais, pero non todas, senón aquelas que se destinan para adorno, propias dunha sociedade máis urbanizada. Agora abundan formas estrañas á tradición, decorativas, nas que interesa máis o adorno cá forma. Buño produce infinidade de formas feitas a molde. Pero hai interese en non perde-la identidade. Un respecto á tradición que se mestura cos novos deseños.

Non abundan os aprendices de oleiros. Bonxe e Gundivós poden desaparecer se non se remedia. Cóntanse illados talleres espallados pola Galicia Litoral. Xa dixemos que Buño e Niñodaguía son aldeas de oleiros con máis posibilidades de persistir. As "Escolas de Alfarería" terán unha influencia positiva ou non, segundo vaian. Preocupa ós oleiros que non cese a olería polo que significa de identidade cultural da comarca e como medio de traballo non desprezable nos tempos actuais.

OUTROS ARTESÁNS DO BARRO

Outros diversos artesáns do barro esténdese por Galicia, igual ca en tódalas culturas que se urbanizan, que na maioría manexan o torno como os oleiros. Algún que referimos poida que fose no seu día aprendiz de oleiro e andase por Buño, por Niñodaguía ou Gundivós. Son os ceramistas, que adxudican para si a cerámica creativa. Polo 1990 había máis de 80 ceramistas con-

tabilizados en Galicia. Anecdoticamente, oleiros e ceramistas teñen entre eles moito parentesco e con moita frecuencia intercambian ideas.

Para os oleiros e para os ceramistas compuxen dúas carpetas de debuxos: **Alfarería tradicional de Buño** e **A louza tradicional de Niñodagua**, coa inestimable colaboración do meu amigo Xosé Manuel Gómez Vilasó, que polo mar de Corrubedo se internou para sempre nos camiños das escumas silandeiras. Pretendiamos con esas carpetas, Vilasó e mais eu, que lles servisen de primeira lección ós aprendices e a cantos procuran achegarse á cerámica. Para que atopen a información básica necesaria para un mellor coñecemento da nosa identidade cultural.

NIÑODAGUIA E BUÑO NA UTOPIÁ

Dous aconteceres se van definindo en Niñodagua. A redución no número dos galpóns coa gradual mecanización para os que persistan, a modo dunha aparencia de reconversión industrial. E outro, que está máis á vista, a constatación dun determinado número de talleres individuais á beira da auto-vía que bordea a localidade, que aparentan como áreas de descanso para os coches nas autoestradas. Dende a estrada estes talleres ofrecen unha moderna imaxe de tendas de olería "progre", coa louza tradicional arrombada nos andeis traseiros e unha primeira presenza colorista de caretas, bruxas e mais estrañas figuras procedentes de fóra e outras feitas na casa. Menos mal que coa súa relucenza o barro amarelo de sempre deixa murchas as formas de importación.

Buño seguirá sendo a localidade oleira por antonomasia das guías de viaxes, a onde acoden centos de turistas visita-los talleres e mercar miudanzas, ademais de contempla-la Costa da Morte e comer marisco a fartar. Seguirá Buño cunha olería única, polas súas fermosas formas de cores pardas, en estado de descomposición que agora se pretende cambiar por ánforas de pescozo estreito, por onde non entra nin unha pluma de galiña, todas pintingadas de cores modernas, e por outra banda coas figuras de molde cada vez máis estrañas. A "Escola de Alfarería", a tan ansiada Escola, se conseguise ter maxisterio podería poñer paz neste enredo ou ben dar cursos de verán para ceramistas, e, deste xeito, acabaría-se máis de présa a olería de Buño.

BIBLIOGRAFÍA

- ABELLA, A. e POSE, H. M.: *Alfarería de torno en Buño*. Buño, Casa do Oleiro, 1994.
AUBREY BELL, F. G.: *Spanish Galicia*. London, 1922.
CHANTADA ACOSTA, J. R. e ABAD VIDAL, E. A.: *Estructura por edad y sexo en Galicia. Evolución demográfica de los municipios 1986-1991*. Santiago, 1994.

- FOSTER, G. M.: *Las culturas tradicionales y los cambios técnicos*. México, Fondo de Cultura Económica, 1980.
- GARCÍA ALÉN, L.: *La alfarería de Galicia*. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1983.
- GARCÍA ALÉN, L. e GÓMEZ VILASO, X. M.: *A alfarería tradicional de Buño*. Carpeta de dibujos. A Coruña, Deputación Provincial, 1986.
- GARCÍA ALÉN, L. e GÓMEZ VILASO, X. M.: *A louza tradicional de Niñodagua*. Deseños. Ourense, Deputación Provincial, 1995.
- LARRUGA, E.: *Memorias políticas y económicas sobre los frutos, comercio, fábricas y minas de España*. XLIV. Madrid, 1799.
- LORENZO FERNÁNDEZ, X.: "Etnografía: Cultura Material". En OTERO PEDRAYO, R. (Dir.): *Historia de Galiza*. Vol. II. Madrid, Akal Editor, 1979.
- SIXIREI PAREDES, C.: *A emigración*. Vigo, Galaxia, 1988.



EXVOTOS DE CERA: TECNOLOXÍA E FUNCIONALIDADE

XOSÉ FUENTES ALENDE

Membro da Ponencia de Antropoloxía Cultural do CCG
Museo de Pontevedra


No decorrer polos nosos santuarios, dedicados ó Santo Cristo, á Virxe, baixo as máis diversas advocacións, ou ós Santos, atopámonos con infinidade de exvotos pendurados das súas paredes, desde cadros pintados, nos que se representa o milagre sucedido gracias á intervención da divindade, as máis das veces coa respectiva lenda explicativa, ata as reproducións, non sempre exactas, de embarcacións, e aínda de avións, nas que o oferente estivo exposto ó perigo, pasando polas representacións da enfermidade, como as muletas do coxo, ou da propia morte, como os ataúdes ou as mortallas, e lámpadas ou xoias ofrecidas como agradecemento, sen esquecer outras ofertas en especie, xa de millo, xa de carne salgada, xa de animais vivos, logo poxadas ó remate da festa (Lám. 1).

Pero os exvotos que non faltan en ningunha romaría e que non están chamados a unha perpetua conservación, senón que se revenden para logo ser reutilizados, son os de cera, ben en forma de velas, do altor da persoa pola que se ofrece, ben figurativos, representando a parte do corpo ou o animal sandado por intervención divina, costume que vén desde os primeiros séculos do cristianismo ó acepta-la Igrexa tradicións anteriores das primitivas relixións.

Con respecto a isto último, fagamos un pequeno percorrido pola historia dos exvotos, ofrenda feita á divindade coa finalidade de impetrarlle unha axuda nun momento difícil ou co obxecto de darlle as gracias por conseguir

* Agradecemos cordialmente as atencións que nos prestaron na investigación os cereiros ós que nos referimos na presente comunicación e os seus familiares.

Lám. 1.
Exvotos de cera
pendurados no
santuario de Santa
María de Vilaselán
(Ribadeo-Lugo).



un favor, e depositada permanentemente no santuario para constancia¹. Lembrémo-lo ofrecemento de xoias e do botín tomado ós inimigos feito polos xudeus no seu templo de Xerusalén², o mesmo que os depositados por emperadores romanos, como Augusto, Agripa ou Claudio, ou as riquezas que posuían os templos mesopotámicos, exipcios e gregos. Nos de Roma está documentada a entrega de imitacións de corpos, de mans e de pés, curados por intervención divina, así como modelos de barcos e cadros votivos, segundo nos

¹ *Enciclopedia de la Religión Católica*. Barcelona, Dalmau y Jover, S.A., Ediciones, 1952, t. III, p. 886.

² "Pentateuco". En *Sagra Biblia en galego*. Versión galega de Manuel CASADO NIETO; introducción xeral e comentarios de Xesús PRECEDO LEDO, Compostela, Vigo, Bibliófilos Galegos, Biblioteca de Galicia, XIV, 1975, p. 262.

refire Horacio nos "Carmina". Gregorio de Tours fálanos de que os xermanos ofrecían exvotos de madeira representando o membro curado³, modalidade esta non habitual entre nós, aínda que si podemos atopar algún exemplo, como na capela do pazo de San Mauro en Salvaterra de Miño (Pontevedra)⁴.

No tocante ás imitacións dos membros do corpo ou de animais témo-la constancia de que os etruscos llelas ofrecían ós seus deuses feitas en barro cocido ou terracota. O Museo de Pontevedra exhibe unha ampla serie deles procedentes do santuario de Calvi e datados no século III a. de C., depositados polo "Museo Arqueolóxico Nacional". Amosaremos algún exemplo deles ó falarmos da funcionalidade dos actuais exvotos de cera para comparármola súa semellanza.

O ofrecemento de exvotos unha vez enraizado o cristianismo seguiu na mesma maneira que antes e faíase moi longo detérmonos a enumeralos, aínda que só fosen os máis importantes. Non vén ó caso aquí senón analizármola elaboración dos de cera, primeiro no tocante á súa tecnoloxía e logo á funcionalidade que seguen a ter na actualidade nos nosos santuarios.

TECNOLOXÍA DOS EXVOTOS DE CERA

Preparación da cera

A fabricación dos exvotos de cera é aínda hoxe plenamente artesanal, se ben se está a perde-lo seu manipulado unha vez extraído o mel, motivado isto pola modernización das abellarizas, coa implantación de colmeas con paneis de cera sintética que é reaproveitada, en detrimento dos cortizos, nos que as abellas tiñan que elaborala. Así é que se impoña a parafina, agás raras excepcións, xa que a cera auténtica escasea e sae moi cara a elaboración tanto de velas coma de exvotos a través do antigo procedemento.

O proceso de elaboración da cera, unha vez liberadas as antenas ou paneis do mel, labor levado a cabo xa polo propio dono xa por castradores especializados que percorrían as localidades co chifre en riste capando porcos, cabalos, etc., principia levándoa, daquela en machos ou noutro medio de transporte rudimentario, a unha especie de lagar semellante ós do viño, no que se lle quitan as impurezas e se prepara para a fabricación de velas e de exvotos, ademais de para outras utilidades.

Visitamos un antigo lagar no lugar da Ponte, no concello de Forcarei (Pontevedra), propiedade de Xosé Espiña. De grandes dimensións, está na

³ *Enciclopedia...*, op. cit., p. 886.

⁴ Referencia que agradecemos a Beatriz de San Ildefonso Rodríguez.

actualidade inactivo, desde hai uns cinco anos, por mor da escaseza de cera de abellas e porque o produto obtido por este procedemento sairía moi caro no mercado. Tiña gran sonda en moitos quilómetros ó redor e a el acudían tanto castradores coma cereiros desde moi lonxe, por exemplo desde Sanxenxo (Pontevedra) ou desde Curtis (A Coruña), os primeiros facendo o seu comercio ambulante, ás veces de troque, os segundos a converter-la cera en materia prima coa que levar a cabo o seu traballo.

Ocupa o lagar de Xosé Espiña a totalidade dun alpendre situado preto da súa propia cerería, duns 9 m de longo por 5 de ancho, feito de laxas, a pedra propia da zona, cuberto con tella do país. O chan é terreño, asomando aínda nalgures a rocha do terreo, e lixeiramente inclinado en sentido lonxitudinal cara á porta de entrada situada nun dos lados menores. Foi construído polo seu avó a finais do século pasado, ó considerar que o traballo da cera podía se-lo sustento da súa familia.

Na esquina do fondo, na parte esquerda, segundo se entra, ten un pozo para o almacenamento da auga, que chega desde o exterior, procedente dunha mina, por unha pequena canle. Diante del, e practicamente pegado, está o forno onde se cocen as pelias ou bolos de cera bruta. Consiste nun recipiente de cobre, con fondo hemiesférico, de 0,63 m de alto, 0,76 de diámetro maior e 0,64 de menor (Lám. 2). Está asentada a caldeira nunha base de ladrillos, que substituíu a outra primitiva feita tamén de laxas, duns 0,95 m de alto e cun grosor que oscila entre os 0,18 e os 0,20, que a circunda, agás nos 0,53 m da fronte, abertura que serve de boca para alimenta-lo lume.

Sobre a caldeira sitúase a cambota para recolle-lo fume, feita de laxas encaixadas por un extremo na parede, cunha boca inferior de 0,66 m de profundidade por 1,07 de ancho, troncopiramidal suave no primeiro tramo, estreitándose máis acusadamente segundo se achega ó teito (Lám. 3).

Na caldeira fúndese a cera bruta, con moitas impurezas, mesturada con auga, que se colle do pozo cun cazo de cinc de 0,17 m de fondo e cun diámetro de 0,23, mangado nun pao redondo de 0,80 de longo (Lám. 4).

Unha vez ben fundida, ben cocida, previa remexedura cunha forcada ou cunha vara de madeira, pásase a mestura auga-cera co mesmo cazo a un pío situado á mesma altura do forno e no centro do local no sentido lonxitudinal, sobre o que se dispón a prensa propiamente dita.

O pío está feito de argamasa, cunha forma cilíndrica de 0,60 m de alto por 0,55 de diámetro. A parte inferior posúe 14 buracos polos que sairá a cera e a auga unha vez prensadas. Coa mesma finalidade, as fronteas anterior e posterior, non curvadas ó exterior, senón rectas nunha superficie de 0,34 de ancho, contan cada unha con outros once buracos, dispostos, de arriba abaixo, en tres fileiras de tres e unha de dous (Láms. 5 e 6).



Lám. 2. Forno do lagar de Forcarei (Pontevedra).



Lám. 3. Cambota do lagar de Forcarei (Pontevedra).



Lâm. 4.
Cazo e boca do pío do lagar de Forcarei



Lâm. 5. Fronte do pío do lagar de Forcarei.



Lâm. 6. Taco e fronte do pío do lagar de Forcarei.

Sobre o pío discorre a longa viga de 7 m de longo, descansando sobre un cabalete preto da parede do fondo, cunha circunferencia no extremo oposto de 1,25 m. A 0,75 m deste extremo é atravesada polo fuso de madeira, de 2,50 m de alto desde a superficie superior da pedra, empezando a zona helicoidal a 0,62 m desta (Lám. 7). Nesta parte lisa, de sección cuadrangular, leva incrustada a panca de madeira, de 1 m de longo, para facer xira-lo fuso e maila pedra (Lám. 8). Pola parte de riba da viga, ancorada nela, a cuncha ou rosca, de forma rectangular, na que se introduce o extremo superior do fuso (Lám. 9).

A pedra granítica que pende do fuso é cilíndrica, cunha altura de 0,77 m e cun diámetro da mesma medida, estimándose o seu peso en preto dos 1.400 quilos. Na súa parte superior está atravesada polo medio e medio por un listón de madeira engastado nela, a xeito de cuña, cunha sección trapezoidal de 0,22 m de base maior, 0,15 a menor, e unha altura de 0,20. Neste listón incrustase a parte inferior do fuso. Ó redor da pedra un pequeno foso que a circunda cando está pousada, a unha distancia de 0,15 m.

A viga está amparada por dous pares de tarranchas a cada lado para evitalo seu posible desprazamento lateral por causa do peso da pedra cando está en suspensión. O primeiro par está introducido na parede por unha banda e pola outra suxéitase a uns esteos verticais espetados no chan, dunha altura de 1,30 m situados a unha distancia de 1,45 m do muro (Lám. 10). O segundo par de amparamento constitúeno dous piares feitos de táboas grosas, que van desde o chan ó teito, distanciados da parede 3,75 m (Lám. 11).


Enriba do pío pende da viga o taco, que pode ser corrido cara a atrás para carga-lo recipiente. Está pendurado por dous ganchos de cadansúa lamia de ferro, lonxitudinais, cravadas nos laterais da viga, separadas lixeiramente desta para permiti-lo desprazamento dos ganchos (Lám. 12).

O taco é cilíndrico, minguando lixeiramente na parte inferior, cunhas medidas de 0,50 m de diámetro na cima e 0,45 m de alto. Dous aros de ferro circúndano, dividíndoo en tres tramos, para amarra-las pezas de madeira de que está feito.

Antes de bota-la mestura cera-auga, producto do cocemento, no pío, este recóbrese cunhas esteiras de esparto, para evitar así que as condas ou escouras, barro e outras impurezas da cera, se adhiran ás paredes ou pasen polos buracos coa cera pura.

Cargado o pío, córrese o taco adiante e introdúcese nel, procedendo logo a subi-la pedra, dando voltas ó fuso, para face-lo prensado, nun proceso semellante ó da uva nos vellos lagares. Ás veces é preciso introducir entre a viga e o taco cuñas e travesas de madeira para conseguir unha maior presión.

O líquido, cera e auga, sae polos buracos do pío, pasando a unha quenlla dividida en tres espacios, de 0,30 de longo os dous primeiros e de 0,70 o



Lám. 7. Fuso e parte da viga do lagar de Forcarei.



Lám. 8. Pedra e parte inferior do fuso do lagar de Forcarei.



Lám. 9.
Cuncha ou rosca e
extremo da viga do
lagar de Forcarei



Lám. 10.
Primeiro par de tarranchas
do lagar de Forcarei.

Lám. 11.
Segundo par de
tarranchas do lagar de
Forcarei



Lám. 12.
Taco do lagar de
Forcarei.



último, de 0,34 de ancho e 0,43 de alto, provista dun fondo corrido que permite o paso da auga, quedando a cera líquida, polo seu menor peso específico, nas dúas primeiras arquetas (Lám. 13). Da última das tres parte unha pequena canle, subterránea e en sentido case perpendicular, que leva a auga ó exterior do edificio.

Co cazo da cera, de 0,30 m de alto e cun diámetro na boca de 0,22 e no fondo de 0,18, mangado nun pao de 0,60 de longo, cóllese a cera dos compartimentos e vértese nunhas pías de pedra granítica (Lám. 14). Conta o obradoiro de Forcarei con catro, dunhas dimensións aproximadas que están ó redor dos 0,80 m de longo, 0,40 de ancho e 0,35 de alto, nas que por arrefriado calla a cera en tacos ou panais, cun peso que oscila entre os 40 e os 50 quilos cada un, quedando así xa lista para o seu manipulado.

No curruncho da esquerda, na parede de entrada, sitúase a pateira, espacio construído con pedras de pequena altura, no que se botaba a borrala procedente do forno tralo fundido da cera bruta, para despois ser utilizada como fertilizante dos prados.



Lám. 13. Arquetas de desaguadoiro do lagar de Forcarei.



Lám. 14. Unha das pías do lagar de Forcarei.

Como xa se dixo, este proceso de preparación da cera está xa en desuso. É por iso que, por moito interese que os seus propietarios poñan, este lugar de Xosé Espiña, e outros que aínda poidan existir, aínda que coidamos que non sexan moitos, axiña pode converterse en ruína e pasar logo ó esquecemento. Por tal motivo, é de facer un chamamento ás institucións pertinentes para que concedan unha axuda de cara á súa conservación por seren obxectos do noso patrimonio etnográfico.

Hoxe en día, cando este proceso se leva a cabo, faise en lagaretas, coma as do viño, que ocupan menos espacio, provistas dun sistema eléctrico que derrete a cera bruta, como a que vimos no taller de Manuel París en Negreira (A Coruña).

Elaboración das velas

A cera xa preparada para ser transformada en velas ou en exvotos, ben virxe, ben mesturada con parafina, é trasladada ó obradoiro do cereiro.

Alí, cando toca traballar, de acordo co calendario de romarías previsto ou coas necesidades do culto (hai que ter en conta que o cereiro compaxina o seu propio oficio con outros labores, como a agricultura), procédese primeiro a fundi-la cera en caldeiras quentadas por baixo con leña. Traslada en caldeiros a outro recipiente, a paila, onde se poida manter á temperatura idónea, iníciase a elaboración das velas.

A maneira máis rudimentaria de facelas consistía en ir vertendo cun cazo a cera polas mechas ou torcidas, penduradas dunha roda de madeira, totalmente circular, de arriba para abaixo, ata conseguilo grosor desexado. Era un traballo lento e de pouco rendemento, xa que había que facer vela por vela.

De maior aproveitamento é a utilización da roda poligonal, paralela ó chan, que xira sobre un eixe vertical, de madeira ou de ferro, de xeito que un dos lados estea na perpendicular dun recipiente de cinc paralelepédico, chamado noque, do altor das velas que se vaían facer, incrustado no chan do obradoiro, sobre un fogar subterráneo, coma no caso de Negreira, de maneira que a cera se manteña a unha temperatura constante. Hoxe empréganse xa para iso aparellos provistos doutros sistemas, como a circulación de vapor de auga quente ou un circuíto eléctrico.

A roda de Manuel París é dodecagonal, toda ela de madeira. En cada un dos lados ten unha taboíña con 30 ganchos, dos que penden as mechas, substituíndo esa por outras de menos ganchos, segundo sexa o grosor da vela ou cirio a facer, para evitar que co movemento circular contacten e rocen unhas con outras. A de Xosé Espiña é hexagonal e as taboíñas que posúe son de 20, 10 e 5 ganchos.

O cereiro fai baixar cada unha das taboíñas ata introduci-las mechas totalmente na cera derretida para darlles un baño (Lám. 15). A taboíña sobe logo mercé a uns contrapesos, ben coios ou pedras, ben anacos de chumbo ou de ferro, ou pequenos caldeiros en que se introducen as cargas necesarias segundo o peso da totalidade das velas da taboíña, que caen verticais ó eixe por detrás do operario (Lám. 16).

Facendo xira-la roda, báñanse tódolos conxuntos de mechas, dándolles baños necesarios ata conseguilo grosor estipulado. Para determinar este, faise descender ó longo das velas unha primeira lamia de ferro, con tantos buxeiros coma velas penduren da taboíña e co seu respectivo diámetro, enganchada previamente a esta. Despois desta operación, dásele o último baño e pásaselle unha segunda lamia para pulilas, quedando así rematada unha rodada de velas, no caso de Negreira cun total de 360.

Elaboración dos exvotos

En canto á fabricación dos exvotos, son precisos dous elementos fundamentais: a caldeira para a cera e os moldes.

Na caldeira, de cobre, vértese a cera ou a parafina, ou a mestura das dúas, sólida, e derrétese por medio da calor procedente da combustión de leña ou de butano. O obradoiro de Xosé Espiña posúe un fogar con boca cara ó exterior, por onde se vai alimentando segundo sexa necesario, primeiro para derretela e logo para mantela á temperatura idónea para o seu manipulado, que non ha de ser moi elevada, senón máis ben morna, condición que se aprecia cando se ve que por riba empeza a facer unha especie de tona, é dicir, que principia a callar, tona que se vai apartando a medida que se colle co cazo para utiliza-la que está en estado líquido e a punto para face-las figuras.


Ó lado da caldeira sitúase, principalmente cando os moldes son de madeira, unha talla grande con auga fría, na que se introducen os moldes despois de cada baño de cera, coa finalidade de axiliza-lo seu arrefriado, así como as figuras unha vez extraídas. Se son de xeso ou escaiola adoita haber unha mesa onde se pousan os moldes despois de bañados, agardando que arrefría a cera, mentres se traballa con outros, e tamén unha talla con auga na que se botan así mesmo as figuras.

Os moldes adoitan ser de xeso ou escaiola (Lám. 17), que polas características do material se deterioran co uso e precisan ser repostos por outros novos. Para facelos utilizan modelos que representan a figura que se desexa, modelos que poden ser do mesmo material ou de cera dura e maciza, nos que se tallan cunha trencha ou cunha gubia os seus caracteres. Sobre eses modelos bótase o xeso amasado e brando, agardando a que seque, momento en que se separan as dúas partes e se extrae a figura mestra.



Lám. 15.
Cereiro bañando as velas en
Negreira (A Coruña).

Lám. 16.
Contrapesos da cerería de
Negreira (A Coruña).





Lám. 17.
 Molde de xeso para "santa" da Colección da Familia Estévez (Pontevedra). Museo de Pontevedra.

Lám. 18
 Molde de madeira para
 "santo" da cerería París de
 Negreira (A Coruña).



Na súa parte interior queda, pois, gravado o negativo do exvoto. Pola exterior adoitan ser lisos, aínda que algúns da colección que pertenceu á fábrica da Familia Estévez, de Pontevedra, e que garda o Museo de Pontevedra, sexan totalmente rudos, sen coidar a penas o seu rematado, cousa que non ten unha maior importancia, xa que o importante é a talla interna. Por veces, a forma externa indica, polo seu parecido, a que figura corresponde, pero outras son formas xeométricas case perfectas que ocultan por completo o que representan no seu interior.

Pero atopamos tamén moldes de madeira no obradoiro de Manuel París en Negreira, o único de Galicia que os utiliza dese material (Lám. 18). Tan só conta con tres de xeso (a parte dianteira dun tórax, unha man dereita de meniño e un pequeno corazón) e que, ó parecer polo seu estado (unha parte do corazón está rota), xa non os traballa.

O preparado dos moldes de madeira precisa do concurso dunha persoa con habelencia para a talla en negativo, coma se dun gravador se tratase, xa que despois de escava-lo oco no taco de madeira ten que face-los trazos da figura a representar. Neste caso fíxoos un carpinteiro do Val de Negreira, ou de Barcala, unha especie de milmañas da localidade, como aqueles que había que o mesmo facían zocos, que arranxaban un paraugas ou reparaban o chedeiro do carro.

No caso dos de madeira, ningún manifesta ó exterior a figura a que pertence, xa que as súas liñas son totalmente rectas, facendo coma un caixón máis ou menos grande, dependendo do tamaño do exvoto.

Polo interior é unha talla perfecta e minuciosa, coidando o detalle, o que lle dá á figura un forte realismo, tanto na expresión dos rostros (Láms. 19 e 20) coma nas partes dos membros ou dos mesmos animais.

Os moldes constan de dúas pezas, que poden corresponder ás partes anterior e posterior, ás esquerda e dereita ou ás interior e exterior. Hainos tamén, sen embargo, dunha soa peza, tanto en madeira coma en xeso, cando a figura a representar non precise ser de vulto redondo: peitos (un ou os dous) (Lám. 21), tórax, ventre (só a parte inferior ou tamén cos peitos), caras completas e ollos. Na colección da Familia Estévez hai así mesmo un de tres pezas: unha perna dereita, desde arriba do xeonllo, con parte interior e exterior e coa planta do pé, que lle falta.

Teñen, por norma xeral, guías para encaixar unha parte na outra, dando lugar a pezas machos e pezas femias, segundo a guía sobresaia ou entre. Nos de xeso poden ser unha especie de charnela no bordo que encaixa na parte oposta ou a maneira de bodoques saíntes (circulares, ovais...) que teñen os seus correspondentes entrantes na outra parte.

Nos moldes de madeira estas guías consisten en tornos ou tarugos redondos que entran nos respectivos buracos da peza complementaria. Este sis-



Lám. 19. Molde de madeira para cabeza masculina da cerería París de Negreira (A Coruña).



Lám. 20. Molde de madeira para cabeza feminina da cerería París de Negreira (A Coruña).



Lám. 21. Molde de madeira para peitos da cerería París de Negreira (A Coruña).

tema permite unha maior seguridade na elaboración da figura, xa que, ó queda-las dúas partes perfectamente encaixadas e axustadas, non se separan tan facilmente coma no caso dos de xeso, motivo polo que, ademais de que non se desfán por contacto coa auga coma estes, aínda que si expostos a dilatacións e encollementos por mor dos cambios de temperatura, poden ser somerxidos sen temor a que se deteriore a figura no seu interior.

Polo que atinxe ó numero de guías con que conta cada molde, nin é constante nin obedece ó tamaño de cada un, podendo ter máis un molde pequeno que un grande.

Antes de proceder á confección do exvoto úntanse as partes do molde polo interior cun lubricante, como aceite, un roxón de touciño de porco, xabón... para evitar que, unha vez callada, a cera quede pegada ás paredes coa conseguinte dificultade para extrae-la figura.

Logo, debidamente xuntas as partes, énchese de cera líquida cun cazo ou cun cullerón, bñase, baleirándoa de contado, para volver a proceder do mesmo xeito unha vez que estea fría ata conseguilo grosor necesario (Lám. 22). Despois, cunha navalla, cun coitelo ou cunha rasqueta ráspase a cera sólida vertida polo exterior do molde, que volve botarse na caldeira para ser derretida, e extráese a figura, que, previa introducción na auga, se perfecciona cortándolle os rebordos correspondentes ás xunturas das dúas partes do molde.



Lám. 22. Facendo un exvoto no lagar de Forcarei.


No que se refire ós tipos de moldes existentes, atopámo-los das figuras requiridas no mercado á porta ou nos arredores dos nosos santuarios, representacións, principalmente, do corpo humano: corpos enteiros, de home e de muller, “santos” e “santas” segundo os denominan os cereiros (é de salientar, polas súas dimensións, unha da colección da Familia Estévez, de 0,61 m de altura); cabezas, masculinas e femininas; antebrazos desde o cóbado, coa man; mans soas (Lám. 23); pernas desde arriba do xeonllo (Lám. 24); medias pernas; pés desde o nocello; ventres; tórax; peitos; ollos; caras; orellas; pescozos; corazóns. E tamén de animais, como porcós, vacas (Lám. 25), cabalos, burros, pitos, carneiros ou ovellas.

O tamaño das figuras varía segundo os talleres. As “santas” de Forcarei son máis alongadas, de 0,29 m de alto por 0,085 de ancho máximo no corpo, fronte ós 0,22 por 0,072 das de Negreira. Pola contra, os “santos” de Xosé Espiña (0,255 por 0,08) son máis pequenos cós de Manuel París (0,27 por 0,105). Os “santos” e “santas” da cerería San Román de Pontevedra teñen unha base cadrada, a xeito de peaña. As cabezas de home adoitan ser máis altas e robustas cás de muller. Corazóns hainos case de tamaño natural, sendo o máis pequeno o de Negreira, con 0,093 por 0,05. Os porcós chegan ós 0,163 m de longo por 0,085 de alto. As vacas, ós 0,202 por 0,105. O pito da serie do Museo de Pontevedra, o único que atopamos polo de agora, mide 0,05 de alto por 0,85 de longo.

Lám. 23.
Molde de xeso para man
da Colección da Familia
Estévez (Pontevedra).
Museo de Pontevedra.



Lám. 24. Molde de madeira para perna da
cerería París de Negreira.



Lám. 25. Molde de madeira para vaca da cerería París de Ne-
greira.

FUNCIONALIDADE DOS EXVOTOS DE CERA

“Feito de cera” é o título que o Profesor Filgueira Valverde deu a un dos seus innumerables “Adrais” recompilados nunha espléndida serie de xa sete volumes, que esperamos ver ampliada⁵. Nel parangonaba a semellanza que as figuras de cera tentan ter co membro do corpo ou co animal representado. E se non é unha semellanza obxectiva, real, si é unha reprodución subxectiva de aquilo que se somete, ou someteu, á protección da divindade.

É o oficio de cereiro unha artesanía que segue fiel ós principios de toda artesanía. Faise porque ten saída no mercado, e unha saída coa mesma finalidade coa que foi pensada xa antes da aparición do cristianismo. A súa función, tanto dos exvotos como das velas, segue a se-la de ofrenda á divindade en agradecemento por un ben recibido dela.

Sen embargo, non é doado estimar se as ofrendas de cera son propiamente exvoto ou non. Para selo, terían que ser prometidas nun momento de perigo ou de enfermidade grave, feitas por un voto, coa finalidade de conseguila axuda necesaria. Para Herrmann-Mascard⁶ ha de ser espontánea, non coa intención de compra-la intercesión do santo, xa que, de ser así, estaríamos diante dun caso de simonismo.

Podemos ver tamén nos exvotos en xeral unha reciprocidade entre santo e oferente, como afirma Sigal⁷: un intercambio, un douche se me dás. Teriamos neste caso unha ofrenda condicionada, non quedando o oferente obrigado a cumprila se non consegue o solicitado.

Dado que as ofrendas en cera, o mesmo que outro tipo de exvotos (reproducións de barcos, en especie...), son anepígrafes, é dicir, que non nos queda constancia da súa causa ou motivo, como sucede cos cadros votivos, nos que unha lenda, máis ou menos pormenorizada, nos explica detalles da enfermidade ou do perigo, así como quen é o oferente, a data, localización xeográfica, etc., non estamos en condicións de asegurar se son “a priori” ou “a posteriori”; isto é, se foron ofrecidos como un contradón, a cambio dun don recibido dun santo, ou se son levados ó santuario simplemente como acción de grazas sen lle ter impetrado nada á divindade.

Podemos, pois, coincidindo con Mariño Ferro⁸, considerar dous tipos de exvotos, aínda que no caso dos de cera sexa imposible distinguilos: por unha banda, propiciatorios, ou aqueles ofrecidos para estimular á divindade, sendo


⁵ FILGUEIRA VALVERDE, Xosé: *Adral*. Sada, Edicións do Castro, 1979, p. 167.

⁶ HERRMANN-MASCARD, N.: *Les reliques des saints*. Paris, Ed. Klincksieck, 1975, p. 290.

⁷ SIGAL, P. A.: *L'homme et le miracle*. Paris, Cerf, 1985, p. 78.


⁸ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1987, p. 271.

Lám. 26.
Ilustración da "Cantiga" núm. 166
de Afonso X O Sabio.



a persoa en perigo, ou alguén do seu arredor, que fai o ofrecemento quen toma a iniciativa; serían, polo tanto, impetratorios, formulados antes de que o milagre suceda; pola outra, de recoñecemento por terlle ido ben ó longo do ano, ou por ter saído felizmente dunha enfermidade, dunha viaxe, dunha empresa, sen ter feito o voto previamente; serían, pois, unha sinxela, pero recoñecida, acción de grazas.

Coidamos, non obstante, que os primeiros, os propiciatorios, teñen moito do segundo, de acción de grazas, e tórnanse moitas veces repetitivos; é dicir, que o pagamento non remata nunha soa vez, o primeiro día da romaría, senón que será continuado ó longo dos anos en consideración ó favor recibido. Este é o caso referenciado no número 166 do Códice Rico ou Escorialense das *Cantigas de Santa María* de Afonso X O Sabio, que transcribiu e estudou polo miúdo o Profesor Filgueira Valverde. Trátase dun tolleito que fixo a



Lám. 27.
 Ilustración da "Cantiga"
 núm. 8 de Afonso X O Sabio.

promesa de, se sandaba, ir tódolos anos a Santa María de Salas e levarlle unha libra de cera (non especifica se en forma de vela, se como exvoto, se en bruto, cousa esta que sería máis factible)⁹ (Lám. 26). Tamén cada ano lle levaba a Rocamador un gran cirio o xogar Pedro de Sigrar, da "Cantiga" número 8, que cantaba diante de Santa María e se lle pousaba unha "candela" da Virxe no seu instrumento¹⁰ (Lám. 27).

Así mesmo, tamén os segundos debemos consideralos impetratorios. No seu ofrecemento debemos ver unha petición de axuda para o seguinte ano.

⁹ ALFONSO X EL SABIO: *Cantigas de Santa María. Códice Rico de El Escorial. Ms. escorialense T.I.1.* Introducción, versión castellana y comentarios de José FILGUEIRA VALVERDE, Madrid, Editorial Castalia, "Ódres Nuevos", 1985, pp. 274-275.

¹⁰ ALFONSO X: *Op. cit.*, pp. 24-25.

Apreciámolo nas actitudes que acompañan á oferta: tocar panos á imaxe, pasar por debaixo do santo, levar estampas, ramos de buxo, aguilladas ou rosquillas tocadas ó sagrado... É o leva-la protección do santo para a casa.

Tampouco podemos discernir se a entrega do exvoto no santuario está sempre condicionada a que se produza a curación ou se leva antes, buscando deste xeito o contacto da parte enferma co sagrado a través da súa representación, acelerando así a realización do milagre, da obtención da gracia solicitada.

No tocante á obrigatoriedade do seu cumprimento, mentres que os de simple recoñecemento poden ser pospostos ó ano seguinte, os feitos por un voto han de cumprirse o máis axiña posible e, de non ser factible, quedará encargada de facelo outra persoa, sobre a que caerá a responsabilidade do seu incumprimento. Neste sentido temos, a modo de exemplo, a cláusula que figura no testamento da veciña de Viveiro María Rodríguez, outorgado en 1391: "Item mando ir por min en romaría a Sto. André de Teixido, porque llo teño prometudo, e que lle poñan en o seu altar unha candeia tamaña come é unha muller do meu estado"¹¹. O non facer efectiva a obriga feita por un voto leva consigo a ruptura da relación amigable cos santos e cóidase que pode traer fatais consecuencias para o devoto infiel. Isto é o que lle aconteceu, segundo a "Cantiga" número 43, a unha muller estéril de Daroca (Zaragoza) que foi en romaría a Salas e lle prometeu á Virxe o peso do meniño en cera se concibía, pero despois de parir esqueceuse da promesa ata que ós sete anos lle morre o rapaz¹².

Acabamos de ver dous casos en que o exvoto ten que equivaler á altura ou ó peso da persoa ofrecida. A eles temos que engadi-lo do rapaz de Alcaraz ("Cantiga" número 178) que mediu co cinto a súa mula morta, fixo un cirio do seu tamaño e ofreceullo a Santa María de Salas, revivindo logo o animal¹³ (Lám. 28).

É frecuente que as velas exvoto respondan, pois, a unha das dimensións daquilo que é sometido á protección da divindade, buscando unha equivalencia, unha certa similitude, entre o devoto e o voto feito.


No caso das velas, que, ademais desa equivalencia coa persoa ou animal no tocante á altura, serven como luz nos santuarios para iluminar á Divindade, non é doado saber que parte do corpo, que animal ou que cousa foi obxecto da intervención do santo. Isto si se pode saber no caso dos exvotos propiamente ditos, xa que por seren figurativos representan cunha fidelidade relativa aquilo que se someteu á divina protección.

¹¹ RODRÍGUEZ GALDO, María Xosé: *Señores y campesinos en Galicia. Siglos XIV-XV*. Santiago, Editorial Pico Sacro, 1976, pp. 145-146.

¹² ALFONSO X: *Op. cit.*, pp. 83-85.

¹³ ALFONSO X: *Op. cit.*, pp. 275-276.

Lám. 28.
 Ilustración da
 "Cantiga" núm. 178
 de Afonso X O Sabio.




Entre os exvotos figurativos son moi correntes os corpos enteiros, de muller ou de home, "santas" e "santos", que son as de máis difícil realización. Na "Cantiga" 118, a muller de Zaragoza que paría os fillos mortos ofreceu a Santa María de Salas a imaxe do meniño de cera¹⁴, o mesmo que a moura de Borja da 167¹⁵ (Lám. 29) ou o home de Aragón ó que lle arrincaron os ollos da 177¹⁶. Poden aparecer coas mans dereitas sobre o peito, como en actitude de orante (Lám. 30), ou con elas xuntas sobre o pube (Lám. 31), postura esta que nos pode lembra-lo cadáver no ataúde, do que se librou pola intercesión do santo correspondente. Tampouco aquí podemos saber que parte do corpo

¹⁴ ALFONSO X: *Op. cit.*, pp. 201-202.

¹⁵ ALFONSO X: *Op. cit.*, pp. 291-292.

¹⁶ ALFONSO X: *Op. cit.*, pp. 290-291.

Lám. 29.
Ilustración da "Cantiga" núm.
167 de Afonso X O Sabio.



era a enferma, podendo aventurar que o estado da enfermidade fose tal que levaría a persoa á morte.

Atopamos logo practicamente tódalas partes do corpo humano: cabezas, femininas e masculinas (Láms. 32 a 35), co pelo máis ou menos marcado e peiteado, en ocasións recollido en moño; brazos desde o cóbado, mans (Lám. 36), pernas desde o xeonllo, medias pernas, pés, todos eles dereitos e esquerdos, segundo sexa o que teña a doenza (Lám. 37); gargantas ou pescozos; corazóns; barriga co embigo; barriga e tórax feminino; os dous peitos ou un só; os peitos co tórax; ollos; orellas e rostros enteiros.

Non faltan os animais domésticos. Sobresaen aqueles que teñen unha maior importancia para a facenda da casa, variando loxicamente en función do momento histórico. Polo valor que tiña para a mantenza da familia, destacan as figuras de porcos (Lám. 38). Seguen logo as de vacas (Lám. 39), dependen-




Lám. 30.
Figura feminina, ou
"santa", de cera.



Lám. 31.
Figura masculina, ou
"santo", de cera.



Lám. 32. Cabeza femenina, exvoto etrusco en terracota. Museo de Pontevedra.



Lám. 33.
Cabeza femenina,
exvoto en cera.



Lám. 34. Cabeza masculina, exvoto etrusco en terracota. Museo de Pontevedra.



Lám. 35.
Cabeza masculina,
exvoto en cera.




Lám. 36. Man, exvoto etrusco en terracota. Museo de Pontevedra.



Lám. 37. Pé e perna, exvotos en cera.



Lám. 38. Figura de porco, exvoto etrusco en terracota. Museo de Pontevedra.



Lám. 39. Figura de vaca, exvoto etrusco en terracota. Museo de Pontevedra.

do a súa forma da zona e do uso que se lles dea: noutrora, cando eran animais de tiro, de traballo, non tiñan, ou a penas lles destacaban, ubres; no momento en que apareceu o tractor e se buscou nelas unha produtividade leiteira, o mercado requiriu uns ubres pronunciados, cheos de leite e cos tetos ben marcados, mostra da funcionalidade que teñen os exvotos (Lám. 40). Tamén burros, cabalos (Lám. 41), ovellas e pitos ou galiñas.

Nestas figuras de animais atopamos distintas posicións das patas. No taller de Negreira adoitan telas xuntas por pares, dianteiras e traseiras. Outras presentan as patas esquerdas adiantadas e as dereitas atrasadas. Hainas que teñen as dereitas xuntas e as esquerdas separadas, e viceversa. Tamén aparecen formando cada par o seu buraco, a xeito de S tombado.

Máis raros son os cans e os gatos. Vímolos na cerería San Román de Pontevedra. Os dous están sentados sobre as patas traseiras e os zancos. O can semella ser de caza de perdices, polas súas orellas longas e caídas. Na "Cantiga" número 44 refírese o caso do infanzón que perdeu o seu azor na cacería e lle ofreceu a Santa María de Salas a súa figura de cera para que lle aparecese¹⁷ (Lám. 42).

De maior rareza é a figura dun moucho da mesma cerería. Aquí atopámonos con dificultades para buscarlle a súa funcionalidade. Nos outros que temos visto está clara a busca da súa protección, aínda que sexan animais que poidan ter pouca rendibilidade, como un can ou un gato. Pero un moucho ¿que pode representar? Este animal é coñecido en Galicia como "paxaro da morte", pola crenza existente de que os seus berros preto das casas presaxian un pronto falecemento dunha persoa. Se na figura de cera se quere representala morte da que se salvou o oferente, como se representa nas mortallas e nos ataúdes, estaríamos diante dun simbolismo. Pero tamén de recente os bufos empezan a ser considerados como símbolos da boa sorte, de riquezas. Neste caso sería a maneira de impetra-lo favor da divindade, non por unha enfermidade concreta, senón dun xeito xeral para o devoto e a súa familia.

Se unha das funcións dos exvotos, ademais de dar grazias, é a de ser testemuño, de facer propaganda, actualmente os de cera só a cumpren o día da romaría, xa que despois volven ser mercados polos cereiros para a súa venda. De aí que non sexa preciso facelos a cotío, agás aqueles que rompen ou están en mal estado, previo fundido da súa cera, ou para amplíalas existencia, renovando as que xa posúen os talleres. Tamén isto leva consigo que atopemos nas tendas dos cereiros figuras non elaboradas por eles mesmos, senón procedentes doutros obradoiros.

¹⁷ ALFONSO X: *Op. cit.*, pp. 85-86.




Lám. 40. Vaca, exvoto en cera.



Lám. 41. Cabalo, exvoto en cera.

Lám. 42.
Fragmento da
ilustración da
"cantiga" núm. 44 de
Afonso X O Sabio.



A maior concentración de cera, en forma de exvotos ou de velas, que encontramos en Galicia sen se-lo día da romaxe foi a da imitación da Gruta de Lourdes, en Viveiro, de grande devoción, abarrotada de ofrendas a diario.

Sendo Galicia un pobo con moitos mariñeiros, e tendo en conta a fonda relixiosidade desta xente, botamos en falta, sen embargo, entre os exvotos reproducións en cera de embarcacións, en contraste coas maquetas de madeira existentes en numerosos santuarios. Tal vez os mariñeiros ofrezan corpos enteiros ou velas tan altas coma eles.

O ofrecemento de exvotos de cera leva aparelado outros rituais. Dalgúns xa falamos máis atrás. Sacrificios físicos, en forma de ir a pé, descalzos, ata o santuario ou dar un determinado número de voltas, xeralmente impar, ó redor do templo. E tamén psíquicos, como pode verse no rostro dos "ofrecidos" e das "ofrecidas" plasmado polo obxectivo do fotógrafo Tino Martínez¹⁸.

Estamos, pois, diante dun oficio con moito de artesanía, como o de ceireiro, vivo aínda, e por moitos anos, gracias á profunda relixiosidade, ó seu xeito, pero relixiosidade á fin e ó cabo, do pobo galego, que acode á divindade en momentos difíciles para impetra-la súa protección e rende a súa viaxe anual o día da festa, cumprindo así fielmente o seu voto de recoñecemento e de gracias á imaxe da súa devoción.

¹⁸ MARTÍNEZ, Tino: *Ofrecidos. O Nazareno do Caramiñal*, "Catalogación Arqueolóxica y Artística de Galicia" do Museo de Pontevedra. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1989.

VELLAS ACTIVIDADES ESQUECIDAS DOS CAMPESIÑOS OURENSÁNS

XOSÉ ANTÓN FIDALGO SANTAMARIÑA
Universidade de Vigo: Campus de Ourense

1. PRESENTACIÓN DO TEMA OBXECTO DE ESTUDIO

Con este título fago referencia a unha serie de oficios e actividades ambulantes que un amplo colectivo de campesiños ourensáns desenvolveron durante unha parte da súa vida activa¹. A comunicación tenta responder a determinadas cuestións relacionadas coa identificación e razóns da presenza dos mesmos nunha delimitada zona rural ourensá, así como outras cuestións que supuxen de interese estudar. Velaí os principais aspectos sobre os que incidirei no desenvolvemento do tema: 1) Identificación da zona rural ourensá e da serie de vellos oficios esquecidos que presenta, 2) Determinación dos factores que estimularon ós campesiños da mesma a desenvolver tales actividades ambulantes, 3) Observación da imaxe social que estes campesiños ambulantes van proxectando polos lugares de traballo mentres desenvolveron estas actividades tradicionais, 4) Delimitación do papel que poden desempeñar estes vellos oficios no campo da transmisión dos saberes -actual ensino oficial-, 5) Posición sobre a necesidade de potenciar unha política de salvagarda que impida a desaparición dos vellos oficios tradicionais que desenvolveron estes campesiños ourensáns.

Certamente que no tempo asignado á comunicación non é posible dar unha resposta detallada a todas estas cuestións, pero tentarei propoñe-las liñas básicas que poderían orienta-la dita resposta ás mesmas.

¹ Sobre todo centrareime nos colectivos de afiadores, paraugueiros, serranchíns, augardenteiros, barquilleiros, canteiros, carpinteiros, cesteiros, cordeiros, chocolateiros, fotógrafos, mulateiros, peneireiros, quincalleiros e solateiros ourensáns.

2. MARCO XEOGRÁFICO E DELIMITACIÓN DOS VELLO OS OFICIOS E ACTIVIDADES OBXECTO DE ESTUDIO

O marco xeográfico de estudo comprende a área rural ourensá constituída polos concellos de Castro Caldelas, Esgos, Nogueira de Ramuín, Paderne de Allariz, O Pereiro de Aguiar, Parada de Sil, Maceda e Xunqueira de Espadanedo. Comprenden unha superficie provincial de aproximadamente 400 km², caracterizada sobre todo por nutrir historicamente a esta provincia de Ourense dunha corrente continuada de profesionais dos vellos oficios artesanís, que os practicaron dun modo ambulante, presentando alí por onde os desenvolveron un modo peculiar de ser galegos de Ourense.

Sobre este territorio identificámo-la presenza dun total de 357 vellos profesionais, que manifestaron ter saído desenvolver de forma ambulante polo menos as 15 variedades de oficios e actividades que recolle a seguinte táboa de datos, confeccionada baseándose nas informacións que proporcionaron aqueles cos que mantiven un maior contacto durante a elaboración do traballo de campo na zona.



Fonte: Mapa militar de España. Ourense 2-3. Escala 1:250.000.

TÁBOA I

IDENTIFICACIÓN DOS VELLO OFICIOS E ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLOS CAMPESIÑOS DA ZONA DE ESTUDIO E A SÚA INCIDENCIA NOS MUNICIPIOS DA MESMA

TIPO DE ACTIVIDADE	NÚMERO DE PROFESIONAIS POR MUNICIPIO								
	*C.C.	ESG.	N.R.	PD.A.	PA.S.	P.Ag.	MCD.	XQ.E.	T
Afiador/Paraugueiro	13	17	86	9	4	16	1	7	153
Albardeiro	0	21	1	0	2	0	0	2	26
Serrador (s. aire)	0	0	0	0	1	0	0	0	1
Augardenteiro	0	0	0	0	6	0	0	0	6
Barquilleiro	0	0	0	0	16	0	0	0	16
Canteiro	0	0	0	0	4	0	0	0	4
Carpinteiro	0	0	0	0	9	0	0	0	9
Cesteiro	0	0	1	0	3	0	0	0	3
Cordeiro	0	0	3	11	1	1	11	0	27
Chocolateiro	0	0	0	0	3	0	0	0	3
Fotógrafo	0	0	0	3	0	0	0	0	3
Mulateiro/tripeiro	0	0	0	0	16	0	0	0	16
Peneireiro	0	4	1	0	3	2	0	0	10
Quincalleiro	6	19	29	2	0	3	3	2	64
Zapateiro (solat.)	0	0	0	0	16	0	0	0	16
Totais no Conc.	19	61	121	25	84	15	15	11	357

*Significado de:

C.C.	Castro Caldelas
ESG.	Esgos
N.R.	Nogueira de Ramuín
PD.A.	Paderne de Allariz
PA.S.	Parada de Sil
P.Ag.	Pereiro de Aguiar, O
MCD.	Maceda
XQ.E.	Xunqueira de Espadanedo

Fonte: Elaboración propia a partir das informacións obtidas *in situ*, porporcionadas por campesiños ambulantes e ex-ambulantes entrevistados entre 1988-1993.

A táboa de datos presenta a relación de especialidades adoptada polo colectivo de ambulantes identificados, así como a incidencia das mesmas nos concellos obxecto de estudo. Dos datos consignados dedúcese unha clara preferencia que os varóns de concellos concretos da zona teñen por adoptar determinados oficios e actividades que saen desenvolver de forma ambulante. Pódese observar como os afiadores ambulantes aparecen localizados preferentemente no concello de Nogueira de Ramuín, seguido dos concellos de Esgos, O Pereiro de Aguiar e Castro Caldelas, que proporcionan colectivos de

afiadores nun maior número que os demais concellos da mostra. Tamén se observa que os albardeiros proceden, a maioría, dos municipios de Esgos e Xunqueira, en concreto da parroquia de San Pedro de Pensos, que comparte un territorio que se estende por ámbolos dous concellos². Os cordeiros ambulantes proceden, na maioría, dos concellos de Paderne de Allariz e Maceda, e dentro deles da parroquia de Zorelle no concello de Maceda, con 11 dos 27 constatados, convértese na principal comunidade parroquial de procedencia dos cordeiros ambulantes ourensáns, seguida de lonxe das parroquias de San Xinés de Siabal e San Salvador de Mourisco, ámbalas dúas do concello de Paderne de Allariz, nas que se constataron, respectivamente, 5 e 4 referencias a campesiños "cordeiros" oriúndos das mesmas. En canto ós barquilleiros, mulateiros e zapateiros (solateiros) ambulantes, os informantes situáronos todos no concello de Parada de Sil, aparecendo referencias a pequenas aldeas que se distinguen polo número elevado de persoas dedicadas a esta clase de actividades. Se facemos caso ás informacións recibidas teríamos que: os barquilleiros de máis sona, aqueles que ensinaron a outros que levaron a modo de "criados", eran sobre todo da cabeceira municipal do concello de Parada de Sil, e, en concreto, do barrio coñecido como "Fondo da Vila"³; os mulateiros eran sobre todo de Santa María de Caxide, en concreto da aldea de Caxide, a cabeceira parroquial⁴; os solateiros (zapateiros) que recolle a mostra localízanse na aldea de Requián (Santa María de Parada) e na aldea de Caxide (Santa María de Caxide), en moito maior número que en calquera outro lugar⁵. En

² Dun total de vinteun albardeiros identificados neste concello, os informantes localizaron 13 deles na referida parroquia de San Pedro de Pensos.

³ Estes barquilleiros da cabeceira do concello chegaron a gozar dun certo prestixio sobre os demais da zona. Moitos convertéronse en "amos" doutros barquilleiros novos oriúndos das aldeas de diferentes parroquias do municipio, ós que levaron consigo e deron aloxamento e traballo. Algúns tiveron varios rapaces que percorrían cos barquillos e "obleas" os distritos da cidade de Madrid. O barrio de Aluche foi identificado como o principal enclave residencial do colectivo de barquilleiros ambulantes ourensáns. "Aluche era o cuartel xeral dos barquilleiros de Parada", dixeron os barquilleiros informantes deste concello. Pero estes "amos" empregadores dos novos aprendices de barquilleiro, instaláronse temporalmente en moitas outras cidades de Castela-León e do País galego, aínda que, neste caso, moitos deles compatibilizaron esta actividade co oficio de fotógrafo que exercían ó ar libre nalgún parque importante da cidade residencial.

⁴ É esta unha das actividades ambulantes máis valoradas dos campesiños informantes, porque estes "mulateiros" son homes expertos que "gañan moito diñeiro ma merca e venda do gando (equino) que fan vender a Castela". A medida que se foi introducindo o uso do tractor nas labours dos campos casteláns e extremeños, estes mulateiros da parroquia de Caxide (Parada de Sil) tiveron necesidade de se reconverter, e adoptaron a actividade de "tripeiros" mercando tripas de porco por Galicia e transportándoas a Castela e Estremadura, onde as vendía ás carnicerías e fábricas de elaboración de embutidos. Co tempo, moitos destes "mulateiros" reconvertidos en "tripeiros"- aséntanse nalgunha localidade que visitaban vendendo as tripas, onde hoxe residen varios coa familia traballando no sector do comercio e servizos, rentando chacinerías, carnicerías, tendas de comestibles, etc.

⁵ Unha informante da aldea de Requián expresábase así sobre os solateiros oriúndos da súa aldea: "Se lle digo a verdade neste pobo [Requián, Santamariña de Parada] casi todos eran zapateiros. fan á provincia de León. [...] Hoxe xa non hai ningún zapateiro na aldea porque os vellos xa morreron e dos novos

canto ós chocolateiros, proveñen, de acordo cos datos obtidos destes informantes da zona de estudo, das aldeas de Lama (Santa María de Edrada) e Teimende (Santa Mariña de Parada), onde levaban a cabo o proceso de elaboración do produto, desde a moenda do cacao á fabricación dos chocolates que logo vendían polas tendas da zona, polas feiras da provincia e de Galicia. E os quincalleiros, os informantes localízanos en diferentes parroquias dos concellos de Nogueira de Ramuín e de Esgos, nas que se constatan 48 das 64 persoas identificadas con esta actividade. Deses 48 quincalleiros, a 29 localízanos no concello de Nogueira de Ramuín e 19 no de Esgos.

Este nutrido colectivo de profesionais aparécenos como unha representación dos diferentes sectores da máis tradicional ambulancia típica da provincia de Ourense. Trátase dunhas actividades e oficios humildes que estes campesiños saíron desenvolver, compatibilizándoos con calquera outra habilidade que lles permitise maximizar a saída profesional, quitando dela un maior proveito posible. Así, sabemos do colectivo de afiadores que aqueles profesionais que percorren traballando a Iberia seca⁶ dedícanse ó afiado de navallas de afeitar, afiado de coitelas das máquinas segadoras, ó preparado de obxectos de punta e corte, e ademais diso, a castrar gatos e outros felinos caídos en desgracia así como a vender algúns tipos de utensilios de corte e varios produtos de droguería, como os xabóns de tocador, entre outros, que transportan nos caixóns da máquina de afiar tradicional. Pola súa parte, aqueles outros afiadores que ían traballar pola Iberia húmida⁷, o afiado de coitelos e navallas de afeitar como actividade principal aparece vinculado ós arranxos de paraugas (paraugueiros), cazolas de barro (cantorleiros) e de follas de lata (latoeiros); e algo semellante ocorre cos barquilleiros ambulantes de Parada de Sil, que ademais de dedicarse polos lugares de traballo a confeccionar e vender os barquillos e "obleas" tamén ofrecían ós clientes unha pequena serie de xogos de azar, que podían empregar para conseguí-los barquillos. Os dítos xo-

ninquén quere aprender a zapateiro". [Información de Lola Pérez García. Requián, Santa Mariña de Parada (Parada de Sil). Setembro de 1993]. Na aldea de Caxide, outro informante que tamén estivo tempo de zapateiro ambulante, informaba á vez que os zapateiros desta localidade ían sobre todo á provincia de León e á Bañeza, así como polas provincias de Palencia, Salamanca, e outras cidades de Castela-León onde na actualidade algúns fillos dispoñen de obradoiros e comercios de calzado. Foi así como se explicou este bo amigo: "Eu son un dos que marchei. Os zapateiros de aquí [Caxide. Santa María de Caxide] íamos a León, a Salamanca, a Palencia tamén. Eu fun ós 10 anos á Bañeza, e botei alí hastra os 19 anos. Ós 11 anos levaba nunha bicicleta 10 ou 12 pares de zapatos polas aldeas leonesas, que daquela aínda non tiñan carretera. Despois eu puxen establecemento pola miña conta nun pobo da provincia de León..." [Información de D. Francisco Cajide. Ex-zapateiro ambulante. Caxide. Santa María de Caxide. (Parada de Sil). Setembro de 1993].

⁶ Son aqueles afiadores ambulantes que percorren traballando os territorios do centro e o sur peninsular.

⁷ Trátase do colectivo de afiadores ambulantes que percorren a parte noroeste e do norte peninsular.

gos proporcionábanlles ós barquilleiros uns beneficios adicionais aínda máis importantes cós provenientes da venda directa dos productos que ían ofrecendo⁸. Pero durante as parénteses de saída de ambulante, todos aceptarán desenvolver calquera outro traballo que un cliente lles solicite, pois estes profesionais da ambulancia farán fronte a todo non desprezando nada que lles poida achegar un diñeiro adicional, que rendibilizase a xornada de traballo sobre a área de acción profesional. Algúns deles utilizaron uns períodos fixos de saída, como os barquilleiros, que se ausentaban da casa desde o empezo da primavera (primeira quincena de marzo) ata o final do outono (segunda quincena de outubro, novembro), cando xa remataron as festas por onde ían vende-los barquillos. Sen embargo, outros volven á casa nos "tempos fortes" de traballo agropecuario, en especial no tempo de colleita, de sementeira, e tamén no tempo da matanza, para contribuír na realización destes labores. A maioría permanecerá no fogar os principais meses de inverno, cando a choiva e o frío lles impide traballar na rúa, como é o caso de moitos afiadores, cordeiros, peneireiros, e mesmo dos canteiros, etc. Mentres eles permanecen por fóra son as súas donas, nais e irmás as que no fogar desenvolven as diferentes tarefas das explotacións agropecuarias e as relacionadas cos coidados das persoas vellas e das máis novas do fogar.

⁸ Estes profesionais transportan un contedor cos barquillos dentro chamado "bombo". Na tapadeira leva disposta unha ruleta coa que se levan a cabo os xogos de azar que tamén ofrecían ós clientes. Había xogos de varios tipos que os barquilleiros informantes identificaron así: "xogar á tirada"; "xogar ós tres golpes"; "xogar ó maior e menor"; "xogar ó clavo". Tamén explicaron que "as obleas vendíanse, os barquillos vendíanse ou xogábanse. Na venda libre viñan e decíanche: 'dáme unha perra chica de barquillos', e dábaslle 10 barquillos; 'dáme unha perra gorda de barquillos', e dábaslle 20 barquillos. E había tamén as obleas que vendía a 10 céntimos ou eso, pero esas non se xogaban... Xogar á tirada ou 'tirada libre' custaba unha perra e dábaslle dúas tiradas, ou un patacón e dábaslle cinco tiradas. O xogador tiraba as veces que tiña dereito, e segundo os números que sacase en cada tirada íbaos sumando e o total era o número de barquillos que lle pertencían. No 'xogo ós tres golpes' o xogador xogaba contra a roda ou contra o barquilleiro, o que permitía ó xogador tirar dúas veces: unha vez pola roda ('tiro pola roda', dicía) ou polo barquillero ('tiro polo barquilleiro'), e a outra por el mesmo. Para gañar, cando tiraba por el tiña que quitar un número maior có da outra tirada. No caso de 'xogar ó maior ou menor', o xogador o facía contra o barquilleiro que neste caso debería intervir no xogo. O cliente era quen escollía 'xogar ó maior ou menor', e unha vez decidido os dous tiraban e o que quitara o número máis outo, ou máis baixo, có contrincante -segundo a fórmula concertada previamente por ambos- gañaba o xogo. Os números que ían saíndo sumábanse e o total eran os barquillos que pertencían ó gañador". Pero "para tirar o cliente xa tiña que haber pagado antes, e tirábase polo valor do que se pagara. O barquillero solamente perdía capital no caso en que o acumulo de puntos fose moi grande e a diferencia co pagado fora moi grande". Por último, "no 'Xogo do Clavo', o xogador non tiña límite de tiradas. A roda tiña catro cravos e ó tirar sí a 'ballena' lle quedaba nun cravo da ruleta o xogador perdía tódolos barquillos que hasta agora levaba acumulado. Se non caía no cravo levaba os barquillos que sacara". [Información porporcionada por D. José Campo Herrero. Parada de Sil. Setembro de 1993].

3. FACTORES DA ESTRUCTURA CAMPESIÑA DA ÁREA DE ESTUDIO, QUE APARECEN COMO RESPONSABLES DA ADOPCIÓN DESTA SERIE DE OFICIOS E ACTIVIDADES AMBULANTES IDENTIFICADOS

a) **As características demográficas da zona de estudio.** Un dos factores responsables deste tipo de actividades ambulantes na área xeográfica de estudio constitúe a elevada taxa demográfica que presentan as unidades domésticas asentadas nestes concellos rurais. Este peso demográfico obsérvase nos propios fogares dos ex-ambulantes informantes, que no momento de saíren eles de ambulantes por primeira vez, contaban, a miúdo, con 9, 10, 11 e máis persoas que compartían co informante periodicamente o fogar. Nunha recollida de datos levada a cabo por medio da técnica da "entrevista dirixida" entre 50 fogares de informantes escollidos por esta ampla zona rural ourensá, na que a práctica destes oficios citados máis arriba veu sendo habitual, atopei un saldo total de poboación dos fogares de 327 persoas, que dá unha porcentaxe media de 6,5 persoas por fogar. Os datos tamén permitiron comprobar que na data en que o informante manifesta ter saído traballar de ambulante por primeira vez, unhas 143 desas persoas, isto é, o 43,7% dos membros deses fogares xa se atopaban practicando a ambulancia profesional⁹.

Se nos detemos a examinar con maior detalle a natureza da demografía que caracteriza ós fogares destes ex-ambulantes informantes, comprobámo-la existencia no interior de 10, 11, 12, e 13 membros, tal como constata a seguinte táboa de datos. Ademais, do conxunto de datos que nela se sintetizan dedúcese igualmente unha preferencia daqueles campesiños que viven sós por marcharen de ambulantes antes que permanecer todo o tempo na localidade, e obsérvase, incluso como a medida que medra a demografía da casa tamén o fai esa necesidade, e mesmo a obrigación, de que parte dos membros da mesma teñan que "ir polo mundo" traballar de ambulante. Velaí, na táboa III a resposta que van dar estas unidades domésticas á elevada demografía con que contan. A dita demografía doméstica estímúalos a saír do fogar cando van tendo idade para traballar, tal como aparece claramente manifesto na relación de datos que resume a columna (e), que recolle o número de profesionais que ca-

⁹ Velaquí unha síntese de datos da demografía doméstica relativa ós fogares dos informantes enquisados, existente no momento de saí-los informantes por primeira vez a desenvolver un oficio ambulante:

N.º de fogares incluídos na mostra dos ambulantes entrevistados	N.º de persoas coas que conta o fogar no momento de saí-lo informante	N.º de persoas que xa practicaba un oficio ambulante	Porcentaxe de profesionais ambulantes entre a poboación total da mostra
50	327	143	43,7%

A relación está elaborada a partir de informacións extraídas das entrevistas realizadas sobre esta cuestión ós profesionais da ambulancia residentes nos fogares da mostra.

da fogar do informante consultado nutría á serie de oficios e actividades ambulantes existentes na zona. A columna amosa como naqueles fogares de pouca xente marcharon desenvolver unha actividade ambulante o pai e tódolos fillos varóns ou case todos.

Tal como se indica na síntese de datos, polo menos o 43,7% da poboación integrante destes fogares da mostra viuse na necesidade de saír traballar por tempadas fóra da localidade de residencia actual. Os membros de maior idade sairán acompañados dos irmáns pequenos, sobriños, veciños, e coñecidos máis novos, ós que protexerán e ensinarán a especialidade que eles desenvolven, e estes nun principio obedeceránlles e farán de “mutilos” (criados) sobre as áreas de traballo profesional. Mestres e aprendices, vellos “naceiros” e novos “mutilos” oriúndos dos citados concellos ourensáns irán reproducindo o tradicional sistema da ambulancia ourensá, e alimentando un ano tras outro e xeración tras xeneración, esta corrente de ambulancia temporal que vai botando para fóra da comunidade natal preto de metade dos membros varóns

TÁBOA II

SITUACIÓN DEMOGRÁFICA NOS FOGARES DOS CAMPESIÑOS AMBULANTES NUNHA MOSTRA DE 50 PROFESIONAIS ENQUISADOS, RELATIVA Ó MOMENTO DE SAÍREN POR PRIMEIRA VEZ DESENVOLVER UN VELLO OFICIO E ACTIVIDADE DE MODO AMBULANTE

PERSOAS NA CASA (a)	N.º DE CASAS (b)	CAMPESIÑOS NAS CASAS (a x b)	AMBULANTES (c)	IDENTIFICACIÓN DOS FOGARES DA MOSTRA (d)	N.º DE MEMBROS QUE ACHEGAN Á AMBULANCIA (e)
1	1	1	1	4	1
2	0	0	0	0	0
3	5	15	10	15,19,22,35,36	2,2,3,2,1
4	11	44	25	1,9,10,14,18,20,23,28,34,37,46	1,1,2,3,2,2,4,2,4,2,2
5	5	25	11	3,5,21,27,50	3,1,3,3,1
6	5	30	15	6,38,41,45,49	1,5,3,3,3
7	4	28	16	7,40,42,44	3,5,4,4
8	6	48	17	2,12,16,17,30,47	1,5,1,2,4,4
9	5	45	18	26,31,33,35,48	6,2,2,4,4
10	2	20	8	29,43	3,5
11	2	22	4	11,32	3,1
12	3	36	11	8,24,39	1,5,5
13	1	13	7	13	7
	50	327	143	—	43,7%

Fonte: Elaboración propia a partir de informacións dun colectivo de 50 informantes, ex-ambulantes e ambulantes, que residen nos asentamentos rurais dos diferentes concellos ourensáns da área xeográfica abarcada por este estudo.

do fogar, desde unhas idades que non superan os 11, 12, ou 13 anos, segundo manifestaron os máis vellos ambulantes con respecto ós seus casos persoais.

b) **O minifundio excesivo das explotacións agropecuarias dos profesionais da ambulancia.** Ó lado da alta taxa demográfica coa que contaban os fogares dos ex-ambulantes enquisados, atopamos nestes concellos ourensáns un minifundio excesivamente acentuado que presentan estas explotacións agropecuarias. Naqueles concellos da zona que proporcionan un maior número de campesiños desenvolvendo estes oficios tradicionais, apreciamos ese acentuado minifundio como trazo máis significativo do que participan as propias explotacións agropecuarias que existen no seu interior.

A seguinte táboa de datos recolle a división en parcelas das explotacións familiares do colectivo de 50 ex-ambulantes e ambulantes informantes da zona de estudo. Os datos amosan claramente ese minifundio acentuado como outro trazo peculiar desta zona rural, e revelan a incapacidade das explotacións para soporta-la demografía doméstica a que nos referimos máis arriba.

TÁBOA III
SUPERFICIE TOTAL E DIVISIÓN EN PARCELAS DAS EXPLOTACIÓNS AGROPECUARIAS
DUNHA MOSTRA DE 50 AMBULANTES RETIRADOS E EN ACTIVO, RESIDENTES NA
ÁREA XEOGRÁFICA COMPRENDIDA POLO ESTUDIO

Unidade doméstica de informantes da mostra (Cód. Identificación)	Superf. total da explotación familiar			División en parcelas da explotación familiar
	Ha	A	Ca	
1	-	18	78	3
2	4	94	58	37
3	4	03	15	29
4	2	34	85	16
5	1	46	80	28
6	5	39	47	77
7	-	73	85	14
8	20	25	95	81
9	-	02	60	2
10	1	33	60	22
11	-	06	55	2
12	8	58	90	59
13	2	17	11	40
14	-	10	28	3
15	1	32	61	34
16	2	42	78	29
17	4	79	55	49

(Continuación Táboa III)

Unidade doméstica de informantes da mostra (Cód. Identificación)	Superf. total da explotación familiar			División en parcelas da explotación familiar
	Ha	A	Ca	
18	5	02	94	73
19	4	65	54	58
20	13	11	12	70
21	3	95	73	31
22	8	50	98	46
23	3	40	62	40
24	4	07	21	50
25	2	60	57	23
26	4	74	27	28
27	6	20	95	91
28	4	28	55	57
29	1	94	02	23
30	2	35	86	43
31	2	19	52	49
32	-	29	20	7
33	-	42	06	5
34	-	73	80	13
35	2	17	50	35
36	1	94	00	20
37	3	54	15	39
38	2	46	42	18
39	2	97	92	35
40	6	76	64	67
41	3	08	83	33
42	-	72	65	8
43	4	29	39	58
44	-	10	64	4
45	6	33	19	85
46	5	66	34	60
47	3	42	70	32
48	4	25	19	69
49	2	48	80	39
50	3	25	10	50
TOTAIS	182	23	86	1.884

Fonte: Arquivo da Delegación de Facenda de Ourense. Datos relativos ás explotacións agrarias das unidades domésticas da mostra.

Na táboa de datos obsérvase como un feixe de explotacións dos nosos informantes están divididas en máis de corenta e de cincuenta leiras, e tamén como as 182 Ha, 23 A, 86 Ca aparecen repartidas en 1.884 parcelas, que veñen a constituír un índice de parcelamento de 37,68 parcelas por explotación agropecuaria, dunha extensión media por parcela de 0,09 Ha, totalmente inadecuada para calquera intento de laboura mecanizada. Consecuentemente, este tipo de estruturación territorial traerá como consecuencia que á poboación destas zonas lle sexa imposible explotar convenientemente as propias explotacións e de acomete-la transformación das mesmas baseada ata agora no cultivo dunhas poucas terras de centeo, millo e patacas, e a moito menos escala, hortalizas, legumes, froitas e viño, así como no coidado dun reducido número de animais domésticos das especies bovina, porcina, ovina, etc. Todo isto non era suficiente para mante-la poboación do fogar, polo que parte da xente se verá obrigada a marchar parte do ano desde moi novos, a desenvolver un destes oficios por fóra da comunidade.

c) **A modalidade de herdanza vixente na zona.** Tamén a natureza do sistema de herdanza vixente nestes concellos ourensáns aparece como outro factor que estimula á xente a saír de ambulantes e a emigrar. Trátase do sistema coñecido como "sistema de partillas", que obriga a dividi-las explotacións en tantas partes como herdeiros hai, e a dividi-las vacas, porcos, ovelas, e ata as mantas e vaixela do fogar. Un sistema desta natureza traerá como resultado unha atomización continuada da explotación e a imposibilidade de que os herdeiros prolonguen a estadia nun fogar repartido entre varios, así como a de formar un novo fogar na parte da explotación recibida por herdanza debido ó reducido da mesma. Ante estas dificultades o mellor é partir a traballar por fóra, sexa desenvolvendo un oficio ambulante ou marchando á emigración de alén-mar, co obxectivo de gañar unhas cartos cos que mercar unhas terras que engadir ás propias antes de facer unha casa na aldea, na que instalarse independentemente coa dona ou para casar.

d) **As peculiaridades xeográficas dos concellos da área rural estudiada.** Aparece un cuarto factor a ter en conta para explicar estas saídas profesionais dos campesiños ambulantes da zona de estudo. Refirome ás peculiaridades xeográficas destes concellos nos que constatámo-las vellas actividades ambulantes. Neste sector do territorio ourensán atópanse grandes extensións de espazo nun estado practicamente improductivo, debido ó relevo e á topografía do mesmo, que converten parte destes chans ás veces en moi pendentes, imposibles de traballar, e outras facendo o traballo neles en máis duro aínda cá ambulancia. Noutros casos trátase de terreos pedregosos e carentes de substancias para o cultivo. Doutro lado, nunha gran parte destes concellos rurais as características do clima acentúan a irregularidade das colleitas

debido ás xeadas que abundan nas zonas máis altas e ás néboas que inundan as fondas. Todo isto fará que ese vello ideal do autoconsumo e do conseguir "vivir de seu" fose a estes campesiños moi difícil de lograr. As casas pretenden unha autarquía que lles resulta imposible. A miúdo teñen que importar de fóra varios artigos de primeira necesidade: sal para a matanza, semente para os cultivos de patacas, productos pesticidas (funxicidas) para libera-las colleitas das pragas, bebidas e productos comestibles para as festas do ciclo anual, aceite e múltiples productos aplicables para a vida corrente da poboación doméstica; tamén hai que substituí-los utensilios de traballo: construír un novo carro, un arado, mercar un novo animal. Incluso hai que arranxa-la casa, engadirlle unha nova sección para un membro que vai casar ou facer unha palleira, corte ou arrimo calquera. No seo da pequena explotación non se xera un excedente suficiente para levar a cabo estas obras, nin para satisfacer-los fondos de renda, de substitución e cerimoniais que aplica E. Wolf ó mundo campesiño en xeral¹⁰. Para facer fronte a todas estas necesidades unha parte da poboación masculina terá que "marchar polo mundo a traballar", e dese modo, en lugar de "cambia-la situación" do sistema agropecuario familiar cambiarán eles mesmos de situación, adoptando algunha das diferentes actividades identificadas, que saen desenvolver por un tempo, ou mesmo saíndo a ofrece-la súa forza de traballo por terras castelás durante os tempos de sega do trigo, da vendima, e polas cidades e vilas de preto e de lonxe do fogar, e máis recentemente nas fábricas de calquera enclave un pouco industrial do interior de Estado, ou dos países de Europa central.

e) **As peculiaridades da educación transmitida ás novas xeracións desta zona rural.** Un quinto factor que invitou a estes profesionais da ambulancia, cos que tratei, non só a saír de ambulantes senón a xustifica-la saída, é o que se refire á educación (aculturación) recibida no interior da casa e aldeas nas que viviron a infancia. Todo nelas invitaba a saír para ser coma os demais. Tal como manifestan os informantes, ós nenos inculcábaselle-la necesidade de saír desde a máis nova infancia, e estes comprobaban como os compañeiros de xogo se ían por primeira vez en compañía de familiares, veciños, e coñecidos, tan só con 11 ou 12 anos recién cumpridos. Chegar ós dazaseis anos e non ter saído da casa ningunha vez xa se fai difícil de soportar, sobre todo cando se teñen irmáns máis novos e se carece de bos motivos que xustifiquen a permanencia na aldea. Doutro, a aculturación recibida invita a xustifica-las saídas. Tal como refiren os informantes sobre os rapaces que saían por primeira vez, estes "aunque non gañen moito por fóra, non gastan na casa". Doutra parte, este rapaz da aldea que ós 11 ou 12 anos se "vai polo mun-

¹⁰ Cfr. WOLF, E.: *Los campesinos*. Barcelona, Labor, 1975, pp. 14-19.

do" de "mutilo" (criado) dun afiador, barquilleiro, cordeiro, quincalleiro, solateiro, etc., non fai outra cousa que a que xa fixeron outros rapaces da súa idade o ano anterior. E para ser coma eles, para ser como un máis da aldea, tamén agora deberá saír el como antes xa o fixeron outros. É así como os fogares e aldeas da zona van renovando a corrente de saída e como as comunidades aldeás van descargando unha porcentaxe de poboación excedentaria que lles resultaría difícil alimentar no interior do fogar.

f) **A enraizada tradición ("espírito") da ambulancia nos concellos rurais delimitados polo estudio.** Un último mecanismo estimulador da corrente constante de saídas periódicas do fogar constitúeo o enraizado costume de saír polo mundo a traballar, que se atopa espallado por estes concellos rurais ourensáns. Para seguir practicando xeración tras xeración este tipo de vellos oficios e actividades ambulantes polas comarcas do interior e exterior do País, non é suficiente aínda coa influencia de tódolos factores que xa temos constatado. É preciso, ademais, unha vella tradición de partida que invita as súas xentes a deixa-la terra ingrata da infancia, e un soño que alente a certeza de que a sorte será boa e a existencia polo menos non máis dura que a vida. Unha tal tradición aparece abundantemente espallada por estes concellos rurais ourensáns sometidos a observación. Sabedores de poboar unha zona que presenta os aspectos xa enumerados, os seus habitantes viñeron cultivando, desde os tempos máis tradicionais, este vello espírito de partida que ben podemos considerar como un tradicional e enraizado costume local.

3. **IMAXE SOCIAL DOS PROFESIONAS AMBULANTES NAS ZONAS HABITUAIS DE TRABALLO AMBULANTE**

¿Que imaxe de si mesmos, e da provincia e País de procedencia, van deixando estes máximos representantes dos vellos oficios tradicionais por onde os foron desenvolver? Na nosa literatura culta e, sobre todo, na literatura popular de tradición oral atopamos interesantes testemuños que nos falan desta imaxe que proxectaban nas zonas de traballo estes pequenos embaixadores culturais. A dita imaxe aparece sobre todo na serie de atributos que lles aplican aqueles que os ven pasar ou lles dan traballo. Apuntarei en principio que aqueles profesionais da ambulancia que desenvolven a actividade sobre os chans de Madrid, Lisboa, ou no alén-mar, aparecen como uns expoñentes dos atributos de ignorancia, brutalidade, desconfianza, falta de hixiene, e similares que se lles teñen aplicado, e por medio deles ós demais galegos que habitan por estas terras. Todos estes atributos quedan resumidos na verba "gallego" e o significado que se lle vén dando polos lugares que eles andaron,

que, por exemplo, en Madrid conserva aínda hoxe un certo sentido despectivo, en Lisboa equivale a algo así como "parvo", ou a home de ínfima condición social, e en Bos Aires (Arxentina) chégano-la información que a expresión "Gallego de mierda" se continúa usando na actualidade como un insulto.

Pero é, sen embargo, no propio folclore popular onde mellor aparece reflectida a imaxe social que proxectaban, e a consideración persoal que alcanzaron estes humildes colectivos de campesiños ambulantes polas provincias e comarcas de traballo, de dentro e de fóra do País natal. As coplas que se lles dedican son as que mellor revelan as virtudes e defectos que lles atribúen os seus clientes ocasionais mentres os observan desenvolvendo o oficio tradicional. Así, tocante ó colectivo de afiadores-paraugueiros, que podemos considerar como os prototipos desta clase de vellos oficios e actividades ambulantes, a valoración que o folclore fai aparece centrada na desconfianza posta nelles por parte das poboacións que visitan traballando. Unha mostra disto constitúea o segmento da copla que lles canta:

*- Afiador andareiro
que corres a terra toda
non pares no meu portelo
que non quero home de roda.*

Unha actitude semellante mantena o pobo con respecto ós solateiros (zapateiros de portal), dos que tamén as coplas din:

*- Zapateiro que me rondas
á porta do meu curral
vaite de aí zapateiro
que me queres zapatear.*

E o mesmo se pode dicir con respecto ós canteiros que van polo mundo traballar, se facemos caso a estoutro segmento da copla popular que di:

*- En palabras de canteiros
rapazas non vos fiedes
collen os picos e vanse
rapazas, ¿Que lles queredes?¹¹.*

Trátase dunha actitude de desconfianza latente que vai conducir a unha sensación de precaución á hora de establecer relacións de traballo con estes

¹¹ PÉREZ BALLESTEROS, J.: *Cancioneiro popular galego*. Tomo II. Madrid, Est. Tip. Ricardo Fé, 1886, p. 217.

profesionais. Isto pode deberse, en parte, ó feito de que todas esta xente que chegan ás zonas de traballo, van ser concibidas nelas como "homes de mundo" que non están sometidos ós sistemas de normas locais, nin ós valores e pautas de comportamento adecuados que rexen entre os membros das comunidades por onde pasan traballando. A estas xentes alleas á comunidade toléraselles que fagan nela aquilo que non se lles ocorrería facer na súa propia, e por iso, ata certo punto pénsase que se poden vano facer. Sabedores disto e extrapolados nunha sociedade de acollida agresiva e externa que só lles importa como campo de traballo, algún dos afiadores, zapateiros, cordeiros, barquilleiros, etc. ambulantes, da mostra, atrevéronse a levar a cabo comportamentos que nunca puxeron en práctica no propio concello e parroquia natal. Algunhas desas conductas son as que inspiran ós creadores anónimos que lles compoñen e cantan as coplas variadas nas que uns aparecen convertidos en experimentados artífices de promesas amorosas incumpridas, a outros atribúenselles esporádicas relacións sexuais, trampas e enganos, e mesmo pequenos furtos que só se xustifican con base nesa non pertenza ó grupo. De todos estes comportamentos mencionados dan proba variados segmentos do noso folclore popular relativo a este tipo de vellos oficios e actividades tradicionais.

Do apercibimento por parte dos colectivos de profesionais da ambulancia, desta actitude de desconfianza sobre eles, e aínda de certo desprezo da súa persoa que ás veces teñen notado nas áreas de acción profesional, derivarase unha dobre estratexia que utilizaron para se relacionaren coa xente dos variados asentamentos que visitan: consiste, dun lado, en procurar non meterse en problemas coa poboación residente e aparentar e demostrar seren persoas honradas, laboriosas e boas. Para logralo procurarán diferenciarse a toda custa dos demais grupos marxinais cos que se atopan nos camiños, pousadas e lugares de traballo, buscando facerse coñecidos e amigos das xentes das zonas que visitan traballando. Tamén solicitan a miúdo dos curas das parroquias de pertenza un certificado de boa conducta e de ser fregueses honrados, que amosan onde lles é necesario. E ós curas das zonas de traballo pídenlles outro escrito que constate ter cumprido o precepto pascual anual, para amosarllo ó párroco no momento da chegada ó fogar e o siga considerando como un fregués máis. A outra estratexia que poñen en práctica, en especial nos tempos clásicos da ambulancia ourensá, consiste na elaboración e utilización dunha xerga de oficio como foi o caso do Barallete que falaban todos estes afiadores, quincalleiros, cordeiros, barquilleiros e outros profesionais procedentes destes concellos ourensáns enumerados. A esta xerga de oficio, os profesionais da ambulancia remataron converténdoa nun mecanismo de retención do saber e do sistema de vida "específico" que practicaban nas zonas de traballo. Trábase dunha xerga que chegou a facer dos colectivos de profesionais que a em-

pregan, uns grupos peculiares e en parte distintos dos demais grupos de profesionais da ambulancia galega e das outras localidades do Estado.

Pero hai máis aspectos da imaxe social que o pobo foi elaborando destes protagonistas da práctica dos vellos oficios ambulantes. O pobo traballador e os poetas cultos tamén os contemplan nos lugares de traballo como uns auténticos homes libres e sen ataduras, desarraigados dos medios dos que proceden e do que visitan por motivos de traballo. Mergullados nunha sociedade sedentaria sometida a estrictos horarios de traballo, estes visitantes que aparecen de vez en cando percorrendo a aldea, ou chamando á porta de calquera casa para ofrecerlle a propia habilidade profesional, van ser concibidos como uns expoñentes auténticos desa liberdade que os residentes case sempre desexan para si. A pouco que un se fixe nos textos que proporcionan sobre estes profesionais, tanto a literatura popular como a nosa literatura culta, é fácil descubrir esta idealización que deles se elabora. Os protagonistas máis populares destes oficios ambulantes sérvenlles tanto ó pobo anónimo como o poeta culto para manifestar publicamente, a través de coplas populares e de composicións literarias cultas, un manifesto desexo de liberdade e de independencia ás que aspiran os cidadáns, en xeral case sempre atados ós traballos na explotación da que non poden ausentarse, ós horarios dos tipos de emprego que teñen que atender, e a unha estrutura familiar que lles neutraliza boa parte das súas iniciativas persoais. Esta é a situación real e psíquica que presentan as series de coplas que o pobo elaborou, e difúndeo sobre algúns dos máis ilustres profesionais da ambulancia, como son os populares afiadores ambulantes ourensáns, que son concibidos como uns auténticos seres libres e sen ataduras, expoñentes máximos do espírito de aventura e liberdade que os leva ós asentamentos máis afastados das zonas chairas e máis altas da Península empurrando o seu instrumento de traballo, a roda de afiar, para ofrecerlles ós residentes os seus servicios.

Se nos parasemos a ollar con detención a tradición literaria culta, tamén notaríamos como os diferentes poetas e escritores galegos se ocuparon nas súas creacións en verso e en prosa destes populares personaxes da rúa, e como neles se observa unha tendencia semellante a como ocorre na literatura popular, a difundir unha visión idealizada deste tipo de oficios, aínda que os motivos que os conducen a facelo e o sentido que lles asignan non foron explicados de todo ata agora. Con respecto a isto apuntarei que unha das claves que servirían para descubri-lo porqué destas consideracións tan idealizadas que fan dalgunha destas profesións, e o sentido cultural que se lles pode atribuír ás mesmas, consiste, ó meu entender, en orientala análise das mesmas tendo en conta aquela tradicional imaxe negativa de Galicia, tipicamente rural e empobrecida da época do predominio da ambulancia galaica, que estes emigrantes temporais galegos ían difundindo por onde chegaban nas súas andai-

nas profesionais, e que os nosos pensadores e literatos galegos tentan superar. Esta vella imaxe de Galicia, e a realidade social á que apuntaron durante séculos estes embaixadores culturais que os obrigou a ausentarse do País sen un rumbo definido, e dispostos a realiza-los máis humildes traballos, vai se-lo mecanismo que fará pensar ós nosos principais escritores, poetas, pensadores, coñecidos e anónimos, ata dar con esta interpretación da ambulancia capaz de transformar en positivo todo o que de negativo presentaban estas humildes actividades, e de converter a estes esforzados campesiños galegos que as van desenvolver polo mundo nun trazo de cultura étnico, positivo e exportable ó mundo exterior. O que se propón a sociedade coa súa produción popular e anónima na que aparecen idealizados estes oficios tan humildes, é a tarefa de reelaborar unha lectura de tipo positivo destes vellos oficios e actividades ambulantes, descubriendo neles aquilo que conteñen de bo e definidor do noso común fondo étnico. En tal proceso redefinidor, os afiadores ambulantes convértense, sen dúbida, por ser os máis típicos e coñecidos, nos principais alimentadores da nova lectura. Os pensadores acoden a eles para difundir ese espírito de traballo e de sacrificio que sempre caracterizaron a toda a poboación galega, e ese orgullo manifesto que os impide mendigar dentro das localidades de orixe abondosamente poboadas ata hai unhas décadas. Unha vez que fai deles os expoñentes máximos da ambulancia galaica tratarase de eleválos, nun principio, a símbolo daquel concello rural que máis contribuíu a manter viva esta especialidade artesá que agora estamos a piques de perder para sempre, como foi sobre calquera outro o concello de Nogueira de Ramuín, e despois como un símbolo dese espírito de sacrificio e de aventura que todo emigrante galego, temporal e definitivo, debe manter, e esa actitude de apertura que unha sociedade de emigración continuada como a nosa precisa atopar nas demais que imos visita-los galegos demandando un traballo. Nesta nova lectura tratarase, en definitiva, de erixi-lo oficio de afiador nun símbolo expresivo de ourensanismo e aínda de galeguidade, con base en que alí onde resida un galego ó que lle sexa dada a oportunidade de contempla-la figura típica dun afiador ourensán, se aprestará a recoñecer nela un expoñente máximo desta terra galega e localidade que lle deu o ser.

4. PAPEL DOS OFICIOS TRADICIONAIS NO ACTUAL SISTEMA DE ENSINO

A forma como se leva a cabo a aprendizaxe e a práctica cotiá destes vellos oficios e actividades ambulantes proporcionan importantes datos de interese, sobre todo no ámbito dos chamados "saberes informais". Son numerosos os autores que distinguen saberes "formais" e "informais". Esta distinción re-

mite, no noso sistema de ensino actual, á oposición entre os dous modelos de transmisión do saber que predominan hoxe na sociedade: a transmisión formal, codificada, programada, que se leva a cabo na escola e na universidade mediante programas explícitos de transmisión verbal dos principios fundamentais dos coñecementos e técnicas especializadas, que aparece contraposta a estoutas modalidades de transmisión informal baseadas no contacto e convivencia co experto transmisor de saberes e técnicas, e de aprendizaxe adquirida por demostración e pola práctica no desenvolvemento da actividade. Ámbolos modelos de transmisión de coñecementos seguen constituíndo o criterio diferenciador entre o saber artesán e o técnico, entre o aprendiz dun oficio e o estudante dunha especialidade, entre o saber "formal" da aprendizaxe académica e o saber "informal" propio da aprendizaxe popular. A diferenza do que ocorre co ensino e aprendizaxe oficiais, na adquisición das habilidades e técnicas dos que irán practicar estes vellos oficios artesanais, todo parece ocorrer como se houbera unha ausencia de comunicación por explicación. Claudine Boisenat constata isto con relación á aprendizaxe do oficio de alambiqueiro en Fouguerolles (Francia)¹², e tamén R. Lioger se estraña nun estudio que fai do oficio dos "lamineiros de Syam" (Francia), de que alí todo ocorra como se o sistema de aprendizaxe da técnica fose insensible, interna, e que só bastase, tal como lle constata un lamineiro, "observar e facer"¹³. Dun modo semellante, entre os nosos vellos colectivos de artesanais ambulantes e sedentarios, a aprendizaxe "informal" que levan a cabo tanto os aprendices de canteiro, carpinteiro, ferreiro, zoqueiro, zapateiro, xastre, costureira, como os afiadores, albardeiros, cordeiros, quincalleiros, cesteiros e outros vellos oficios ambulantes que desenvolven campesiños galegos de Ourense, veuse facendo tradicionalmente ó lado do mestre, practicando cóbado con cóbado con el. Esta aprendizaxe íaa levando a cabo o aprendiz durante un período máis ou menos longo de tempo, e non só abarca a adquisición das capacidades e aptitudes mentais propias de cada oficio -capacidade para preve-las reaccións da materia, aptitudes para conxectura-las características da materia, etc.- senón a adquisición duns saberes que desbordan o marco estrito das técnicas de traballo para mergullarse intimamente coa aprendizaxe da cultura cotiá da profesión. Na transmisión dun oficio, polo tanto, ademais da transmisión formal ou informal da habilidade técnica específica deberá asimilarse tamén as súas formas específicas de retención dos saberes, e os seus propios rituais, pois a transmisión dun oficio como os que aquí estamos a considerar, implica a asi-

¹² Cfr. BOUSENAT, C.: *Destiller à Fouguerolles*. Besançon, Cêtre, 1991.

¹³ LIOGER (Richard): "Le Savoir-faire des lamineurs de Syam". *Rapport au Conseil du Patrimoine ethnologique*. 1988. p. 81.

milación do conxunto de prescricións sociais, así como a apropiación social dos saberes propios da especialidade e modalidade de existencia do colectivo de profesionais. En varios traballos etnográficos recóllense datos sobre estas maneiras particulares de retención dos saberes que aparecen, entre outros, no caso dos telleiros de Tui e do norte de Portugal, os cesteiros de Mondariz, os canteiros de Forcarei, os afiadores (quincalleiros, peneireiros, cordeiros...) de Ourense, etc. É sabido que todos estes colectivos de profesionais se serviron de diferentes xergas de oficio capaces de impedir ós non iniciados o acceso ó seu saber e modo de vida específico dos microgrupos profesionais. Pero tamén a transmisión dos saberes vai vinculada ás veces a uns modos particulares de reprodución (devolución) do emprego, e así, obsérvase que algúns oficios se transmiten só ós familiares, tal como adoitaba ocorrer entre os reloxeiros e outros¹⁴. Aínda que a maioría son máis abertos, a transmisión de calquera oficio implica sempre unha impregnación lenta e progresiva das habilidades e cultura do oficio que os neófitos van adquirindo sen a penas darse de conta. Ó longo deste proceso vanse asimilando -“agarrando” é a palabra usada polos informantes- non só os aspectos técnicos senón incluso a xestualidade do oficio, o status que ten cada membro dentro do microgrupo profesional ou taller artesán, o lugar do propio oficio dentro do conxunto das actividades artesanais, o sistema de normas, valores, e outros aspectos da cultura de oficio e do medio en que os profesionais do sector acostuman desenvolver a especialidade. Noutros casos, a transmisión é máis aberta, admitindo como aprendices do oficio ós membros da veciñanza ou a persoas coñecidas. Dominar un vello oficio artesán implica ter aprendidos os “xestos” propios da especialidade, respecta-la xerarquía que ten cada membro dentro do grupo profesional, e ter aprendido ademais o sistema de valores e normas que estan vinculados ós oficios e ós estatutos profesionais.

Penso que unha potenciación da investigación neste ámbito da transmisión informal dos saberes nos podería proporcionar numerosas ideas aplicables ó actual sistema de ensino oficial, na procura de novas alternativas á actual programación académica da transmisión do saber. Recuperar estas vellas modalidades de transmisión por contacto directo e por demostración do mestre e por observación e imitación do aprendiz (alumno), parécenos algo positivo e instructivo que estes profesionais achegan á modalidade de ensino actual. Desde esta perspectiva, as profesións artesanais aínda achegan hoxe unhas técnicas de aprendizaxe que conservan toda a súa validez, ás veces incluso superior á dos modelos de explicación explícita e de presentación verbal dos


¹⁴ Os reloxeiros tradicionais procuraban transmitir a habilidade ós fillos ou familiares achegados, tratando deste modo de eliminar a competencia profesional no medio en que eles traballan.

principios xerais do coñecemento académico actual. Débese, polo tanto, tomar en consideración este papel que o sector dos nosos vellos oficios artesáns pode xogar, aínda hoxe, no campo do ensino medio e universitario no que os colectivos xuvenís actuais se están a desenvolver, e no que as aprendizaxes das materias levadas a cabo cóbado con cóbado cos profesores das mesmas semellan ser moi escasas.

5. NECESIDADE DUNHA POLÍTICA DE SALVAGARDA DOS OFICIOS TRADICIONAIS

Farei unha última reflexión orientada agora a manifesta-la utilidade que tería unha recuperación do sector aquí tratado da pluriactividade artesanal. Corresponderíalle, sobre todo, á Dirección Xeral do Patrimonio velar polo estudo, así como a conservación destes diferentes vellos oficios e prácticas tradicionais campesiñas enumeradas que hoxe se perderon ou están a piques de se perder. Pero esta diversidade e particularidades dos saberes e técnicas preindustriais que aínda se poden atopar en moitos asentamentos rurais confírelles unha importancia intrínseca que xustifica unha política patrimonial de inventario, recuperación e conservación por parte desta institución. Os vellos oficios artesáns e actividades hoxe esquecidas practicadas polos campesiños galegos representan un capital de diversidade cultural que lles permitiu a numerosas persoas e grupos profesionais subsistir e adaptarse. Constitúen todos eles uns conxuntos de saberes, técnicas, maneiras de facer hoxe esquecidas pero que mañá poden presentar novo interese, reatopar e renova-la súa utilidade. Doutro lado, o coñecemento e a análise dos modos de transmisión das técnicas constitúe a clave para unha política de salvagarda destes vellos oficios e habilidades técnicas existentes na Galicia tradicional, así como para a un curto prazo tentar construí-la indispensable memoria das técnicas (museo dos oficios e das técnicas tradicionais) que ningunha comunidade con identidade propia deberá esquecer realizar. Para iso deberanse elixi-los medios e, con respecto a isto, apuntaría como remate algúns que considero máis útiles, a saber: a) O “filme etnográfico” pode ser moi útil como forma de reproducir unha técnica dada; b) Os “museos técnicos” e ecomuseos poden contribuír á transmisión destas técnicas ameazadas de desaparición; c) Os lugares específicos de produción e de aprendizaxe (talleres), que xa están a experimentar un aumento nos últimos anos pero só nalgún ámbito, como o da pedra e carpintería coas escolas-taller espalladas polas localidades de Galicia; d) A creación de institucións e iniciativas especiais de apoio á investigación sobre a nosa pluriactividade tradicional. Pero todas estas propostas e necesidade de acometer tales ta-

refas esixe a contribución das entidades culturais, da administración pública, da colectividade en xeral, e a daqueles profesionais da etnografía, antropoloxía, historia, socioloxía e demais ciencias humanas e sociais. Porque debe quedar claro que existencia de oficio artesán e habilidade técnica non significan necesariamente transmisión do saber nin vontade de transmitilo, nin tampouco conservación continuada no espacio e no tempo. Deben atoparse medios para que todos aqueles que un día os desexen seguir conservando poidan facelo, e este obxectivo pasa, no momento actual, pola investigación dos mesmos co obxecto de ter todo disposto para cando sexa necesario.



NOTAS PARA UNHA XÉNESE DA CULTURA MARIÑEIRA EN GALICIA

FRANCISCO CALO LOURIDO

Membro da Ponencia de Antropoloxía Cultural do CCG

Os estudos relacionados co mar en Galicia (poderíamos facer esta afirmación extensible a toda España) foron escasísimos ata hai moi poucos anos, cando comezaron a aparecer traballos dedicados sobre todo á bioloxía e á economía mariñas. Bastantes deles levan un capítulo introductorio de etnografía, ou mellor, de descrición material dos diferentes aparellos de pesca e artefactos para mariscar, é dicir, de tecnoloxía. Pero os antropólogos semellan non sentir interese por este campo¹.

Algunha vez tentei explica-lo porqué disto, e o único que se me ocorre é que, malia resultar máis atractivo o alleo á nosa cultura, o chocante, todos -eu tamén así o fixen- temos unha certa tendencia a ocuparnos do máis inmediato, e aqueles que, con mellor ou peor fortuna, se dedicaron en Galicia ó estudio da antropoloxía, etnografía e folclore eran homes de "terra adentro" e do mar sabían máis ben pouco e entendían bastante menos. Vexamos un exemplo. Este simposio está dedicado "in memoriam" do noso grande etnógrafo D. Xaquín; cando Sebastián González-García Paz iniciou as escavacións do castro de Baroña (Porto do Son) con el estaba Xocas, pero máis que andar a remexer na terra, cousa que tamén fixo con bos resultados en bastantes comarcas galegas, preferiu deixarse caer polo Son e estudia-las dornas (naquel momen-

¹ Unha moi completa relación das publicacións feitas sobre esta temática témola en GALVÁN (1989: 19-21). O autor cualifica o meu primeiro libro (CALO, 1978) como "obra pioneira", cita tamén o de 1980, que destaca por "introducir unha perspectiva histórica", así como o meu traballo de 1984 no que "desenvolveu a análise da familia pescadora como comunidade económica". Engade que "Tralo traballo deste autor non houbo continuidade...".

to o que había, xunto coas lanchas xeiteiras). Sebastián fai unha atinada análise do asentamento castrexo (GONZÁLEZ-GARCÍA PAZ, 1933: 20 e ss.) e Xocas deixounos en *NÓS* un magnífico estudio descritivo da embarcación, pero nas súas notas de campo trascaleirou un par de respostas, e algo que para un mariñeiro é tan cotián como unha *gradella* ou o que cobra un rapaz nun barco, para o noso investigador foi algo estraño e a súa interpretación foi errada. ¿Que sucedería se no canto de facer unha descrición material dun barco tivese que interpreta-lo que económica e simbolicamente este significa para unha familia mariñeira ou para unha comunidade fronte a outras...?

Non é de estrañar que os investigadores do interior tenten describir e analiza-las súas culturas e que o mundo do mar estivese sempre desatendido.

Despois desta introducción, xustificativa da carencia de traballos, entremos en materia. E teño que facelo mesmo sinalando os límites do campo de estudio. A costa galega é posible que teña 1195 Km de lonxitude², o que tampouco ten excesiva importancia, pois a final de contas a meirande parte dos núcleos de poboación que foron xurdindo a carón do mar viviron sempre de costas a el, dedicándose os seus habitantes a actividades ben distintas da pesca. Comunidades de pescadores sempre houbo poucas e a costa galega foi, por unha serie de razóns, rica nelas, sobre todo se a comparamos coa veciña de Portugal, onde sempre foron escasas e as máis delas son de recente fundación.

En dous traballos que teño en prensa (CALO, 1994a e 1994b) desenvolvo cun certo detalle a miña hipótese de que o home só se fai mariñeiro por estricta necesidade. Neles tento demostrar que, se eliminámo-la poesía do "home de terra" ou do mariño de guerra, que moitas veces suspira por un emprego en terra firme, pero que chama ó mar en feminino dicindo que é a noiva dos mariños (os mariñeiros de verdade sempre falan do mar), ninguén abandona a terra polo mar se non hai unha razón moi poderosa. E cando un conxunto de homes teñen esas poderosas razóns aparecen as comunidades de pescadores.

² Non sei se algún día o saberei con certeza, pois ignoro o que pasa coas medicións, xa que entre os 693 Km que se lle asignan en CORTIZO (s/d, 250) e os 1309 de GONZÁLEZ VIDAL (1980: 19) semella que a diferenza é superior a medi-la costa coa marea baixa ou con preamar, contando o perímetro das illas ou mesmo desprezando as penínsulas. Non sei. Por outra banda se collemos a GUITIÁN (1981: 689) vemos que acepta os 1195, pero engade: "aproximadamente el 30% de la (costa) total de la Península", o que tampouco é certo, pois a Península ten (ou din que ten) 5.849 Km, aínda que si se aproxima ó que mide o contorno da España peninsular (3.167 Km). Nunca pensei que en algo tan árido como é medir unha liña, houbera tanta alegría.

Fagamos un repaso do que nos ensina a historia

Sabemos que en Galicia hai presenza humana xa desde o Paleolítico, e precisamente os restos (líticos) máis antigos, do Paleolítico Inferior, foron atopados na zona costeira, concretamente nas praias fósiles ou rasas; pero este feito non é indicativo de nada para o que agora nos ocupa, por dúas razóns. En primeiro lugar, temos que pensar que, igual que hoxe e sempre, pode haber xente vivindo a carón do mar, pero de costas a el, e, en segundo lugar, non podemos perder de vista que durante a última das glaciacións, a wüirmiense (70 000/60 000 - 11 000 B.P.) o mar estaba entre 90 e 120 m máis baixo que na actualidade, polo que a costa galega (chega con ver un mapa con curvas batimétricas) era moi diferente da actual e, por suposto, o que hoxe son rías serían cazadoiros dos homes do Pleistoceno. De tódolos xeitos é lícito pensar que o home aproveitase os recursos mariños xa desde os primeiros tempos, e sobre todo se pensamos que sendo cazador-colleitador non desprezaría o que a zona intermareal lle ofrecese.

Non temos tempo para traer aquí a problemática dos chamados "picos camposanquienses", "picos ancorienses" nomeados polos nosos veciños de alén do Miño, que poden ter unha cronoloxía que vai desde os inicios do Holoceno ata a plena romanización e que servirían quizais para mariscar polas rochas do litoral. Tampouco nos imos ocupar da cerámica "cardial" atopada na costa N da ría de Vigo, nin dos achados da Idade do Bronce que se localizaron na beira (actual) do noso mar.

Todo canto se diga ata aquí de actividade piscatoria ou marisqueira non é máis ca unha simple conxectura, lóxica, pero sen pasar do grao de presunción por falta de datos. Teremos que esperar á chegada da Cultura Castrexa para constatar de xeito indubidable unha relación directa do home co seu medio mariño.

Vai ser agora cando atopemos artefactos feitos para a pesca, como por exemplo os anzós, con ou sen pestana, así como posibles pesos de rede ou, cando menos, factibles de ser empregados a xeito de chumbos para a pesca con liña ou cana, do tipo do que eu recollín nas miñas escavacións do castro costeiro de Baroña (Porto do Son) (Cfr. CALO-SOEIRO, 1986, fig. XIII, 7 e CALO, 1993: 158-159). Non sabemos se empregarían redes, pois, como era de esperar, polo seu material, non deixarían nin deixaron restos, pero liñas con anzós tiñan. Aínda temos máis datos directos: os cuncheiros.

Nos castros da beiramar hai zonas de máis ou menos potencia cheos de cunchas, restos óseos e espiñas. Gracias a isto sabémo-lo que comían os seus habitantes, pero, para o que agora a nós nos ocupa, son indicadores de que practicaban a pesca e o marisqueo dun xeito importante. Hai restos de ostra,

ameixa, centola, percebe, mexillón, berberecho, lapa, mincha, ourizo, navalla..., é dicir, da maior parte dos mariscos da beiramar; pero temos tamén espiñas ou vértebras de maragota, pescada, prago, xurelo, dourada, muxo, robalo..., e, tendo en consideración que hai castros mesmo en illas relativamente afastadas da costa, ás que non chegarían nadando, podemos pensar que pescaban tanto desde terra como desde embarcacións, e que empregarían liñas e aparellos, así como trampas feitas a base de pedras dispostas en forma de media lúa ou atalladas de paos e rede, o que aínda se segue a facer hoxe e que non ten por que deixar necesariamente restos no terreo.

Chegan ó Noroeste os romanos e comeza unha forte aculturación que nos vai meter, o mesmo que ó resto da Península, na órbita das culturas do Mediterráneo. De todo canto Roma trouxo a esta terra, o que agora nos interesa é o relacionado co mundo mariñeiro, e neste campo o Mediterráneo púnico e romano ía moi por diante de nós, cunha avanzada tecnoloxía extractiva, conserveira e transformadora. Sen saír da Península podemos pensar en factorías como Escombreras (Cartaxena) que debe o seu nome ós escómbridos (xardas) que servían para prepara-lo tan caro e apetecido "garum"; poderíamos deternos, pola abundancia de bibliografía, en portos que chegaron a alcanzar a categoría de *municipium* como Baelo Claudia, a actual Bolonia (Tarifa) ou, se fose a nosa intención, facer fincapé no extenso artigo sobre "As cidades marítimas da Lusitânia" (MANTAS, 1990: 149-205) ou no de Edmondson sobre "Le garum en Lusitanie..." no mesmo volume (EDMONDSON, 1990: 123-147); poderíamos recorrer a Galeno cando fala do atún hispánico ou a Oppiano describindo como o pescaban os de Cádiz (Cfr. BLÁZQUEZ, 1978: 452)..., pero coñecemos que nada disto é preciso, pois a tecnoloxía romana está contrastada. E se tiñan desenvolvido aparellos complicados tipo tramallo ou, aínda máis, almadrabas (Cfr. MORENO-ABAD, 1971: 209-221), podemos pensar que toda a súa tecnoloxía pesqueira foi espallada polas nosas costas nas moitas *villae* marítimas que cada vez máis se están a descubrir (Cfr. NAVEIRO-PÉREZ, 1992: 63-90), tipo Centroña, Toralla, Adro Vello no Grove (con píos de salga), etc.

Chegamos ó Baixo Imperio e, coa incursión dos pobos xermanos, entramos tamén no mundo da pesca nunha época pouco clara. As fontes escritas non din nada con respecto a isto e as arqueolóxicas aínda non foron suficientemente interrogadas, polo que ignoramos se houbo unha continuidade das actividades piscatorias ou unha cesura máis ou menos total. A impresión que temos é a de que houbo unha interrupción neste tipo de faenas, a vulgar polo, cando menos aparente, abandono dos asentamentos costeiros. Dá a impresión de que as xentes se espallan polas terras próximas cubrindo o territorio de *villae* e *vici* e dedicándose á agricultura, aínda que esta apreciación pode ser modificada co avance das investigacións.

Vai pasar moito tempo ata que cheguemos ó s. XII, no que volveremos atopar documentación sobre comunidades de pescadores nas costas galegas, e o mesmo poderíamos dicir do N de Portugal. Xurdirán agora coutos e burgos marítimos e comezarán a dictarse ordenamentos para rexerse e a facerse doazóns a unha serie de comunidades: Viveiro, Ribadeo, Baiona, A Guarda... Tódolos núcleos que vemos aparecer neste momento nacerán por algunha destas razóns: mandamento real ou señorial, intereses dos mosteiros ou decisión asumida polos grupos máis desfavorecidos, a partir dalgunhas faenas agro-marítimas. Noutros foros e publicacións teño defendido e mantido a miña hipótese de que o mar e o home en principio non se levan alá moi ben e que este só se fai mariñeiro por imposición superior ou por absoluta necesidade de subsistencia. Poderíamos traer aquí para corroborar isto testemuñas actuais a esgalla, pero o que hoxe nos ocupa é a xénese, non o estado actual, das comunidades de pescadores.

Xa desde o S. XII a documentación estanos a constata-la aparición de comunidades de pescadores. A monarquía ten interese en que se ocupe a zona do litoral con xentes que exploten o mar; pero hai algo que é esencial no proceso de converter ó labrego en mariñeiro, e ese algo son os mosteiros e, en menor medida, os bispados. A Igrexa xogou, sen dúbida, un papel moi importante neste asunto, e a razón disto vén dada pola obrigatoriedade de se abster de carne durante a Coresma, ou mesmo algunha orde, como o Císter, todo o ano. Había que facerse con peixe como fose e de aí procede a construción de pesqueiras nos ríos, os preitos que motivaron e o interese por facerse con coutos na beira do mar.

Vexamos algúns exemplos

En decembro de 1152 Alfonso VII doa ó mosteiro de Celanova a illa N das Cíes, chamada de Sto. Estevo (a de S. Martiño pertencía ó mosteiro cisterciense de Oia) e o privilexio de Couto a S. Salvador de Coruxo, tamén dependente de Celanova ata 1378 en que pasará por permuta coa igrexa da Madanela, en Ribadavia, a depender da mitra de Tui.

Fernando II de León concede en xaneiro de 1176 ó mosteiro de Melón a posesión de reguengo de Vigo cos seus pastos, montes e... pesqueiras.

En marzo de 1169, Afonso I de Portugal, dono no tempo de case todo o territorio do bispado de Tui, confirma ó bispo D. Juan "para sí y sus sucesores" a cesión de reguengo de Benevivere (antes da mitra compostelá) que comprendía 17 casais e cinco barcos coa súa tripulación no barrio mariñeiro de Santa María de Vigo.

Pero os monarcas farán algo máis que doazóns ós mosteiros e bispados, xa que tamén concederán privilexios ós propios mariñeiros e vilas, como é o

caso de Alfonso IX dando á vila de Baiona unha carta de poboamento e eximíndoa de pagar portaxe en todo o reino.

Fernando III o Santo, en 1248, quizais pola intervención de Paio Gómez Charino con tripulación galega na toma de Sevilla, concede un privilexio a tódolos mariñeiros e grumetes das rías para que, agás por traición, non poidan sufrir pena afrontosa.

Os Reis Católicos, o 22 de marzo de 1480, confirman desde Tarazona os privilexios que tiñan os homes de mar de Muros, Noia, A Pobra do Deán, Vigo, Arousa, Pontevedra, etc..., polo que todo mariñeiro condenado, agás polo delicto de traición, sería tratado como fidalgo. (Cfr. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, 1980: 87-102).

Todo canto estamos a dicir para Galicia poderíamos extrapolalo, coas súas persoas e situacións concretas, para o norte de Portugal. Chegue con dicir que os dominios de tódolos mosteiros do arcebispado de Braga se concentran na costa e foron constituídos nas fins do S. XI ou principios do S. XII, tendo en consideración que as primeiras referencias ós mesmos aparecen nas "Inquiriões" de 1220 (MATTOSO et alii, 1985: 232).

Sen saírmos de Portugal e como unha proba máis que incide na nosa idea de que o home só é mariñeiro por extrema necesidade, vexámo-lo que aconteceu en Caminha no S. XV. Segundo di Lourenço ALVES (1985), Caminha sería no século X unha pequena aldea de pescadores. En 1406 era unha "terra de homiciados -pescadores, mareantes e outra gente marítima foragida- por ser porto de mar e por estar muito despovoada". En 1439 hai queixas de que, por non paga-los décimos, emigran os pescadores ós portos próximos de Galicia, quedando o lugar sen xente. Pídese a El-Rei D. Afonso V que faga á vila Couto "para virem a ela alguns homens marítimos que fossen criminosos". O ano seguinte concede El-Rei que vaian, quedando libres, 40 criminais; non foi ningún. Insístese na petición a D. João II, quen tamén responde favorablemente en 1490; fará o mesmo D. Manuel en 1497, e esta vez sen límite de criminais, e outro tanto veremos que fai D. João III en 1525... ¿Que sucede en Portugal?, ¿non hai criminais ou é que prefiren seguir presos ou perseguidos antes que se facer pescadores?...

É evidente que á vida de mariñeiro só chegarían os máis desfavorecidos pola fortuna, fuxindo do mar todo aquel que podía, malia a insistencia da Igrexa e dos monarcas.

Outras comunidades de pescadores naceron sen dúbida de xeito espontáneo a partir de certas faenas vinculadas á agricultura, como é o caso da apaña do argazo para fertiliza-las terras.

É bastante habitual ver como moitos dos camiños de carro que baixan ata os areais das nosas costas están lousados e mesmo adoitan amosar unhas

fondas rodeiras, o que está a testemuñar un prolongado tránsito de carros ben cargados, e sabemos que a carga que levaron ó longo de séculos foi argazo, e en menor medida pateiro, que se apañou nas praias e se transportou ata as leiras; isto aínda se fai hoxe, aínda que a incidencia dos fertilizantes químicos viñera desprazar ós extraídos directamente do mar. Nas terras non só se deitaba argazo e pateiro, senón mesmo sardiña, unhas veces porque o mar a estragaba antes de que puidera ser metida a bordo (LÓPEZ, Atanasio, 1914: 100) e noutras ocasións porque non había quen a mercase (RODRÍGUEZ SANTA-MARÍA, 1923: XXIX). Na actualidade, desde que o mexillón se transforma na industria conserveira, é bastante común estra-los campos coa súa cuncha para aproveita-la achega de cal. O mar segue a ser un bo aliado dos campesiños, e un traballo recente sobre a apaña do argazo na costa da Guarda podemos atopalo en VÁZQUEZ VARELA (1990: 305-318). Pero vexamos algúns datos máis antigos.

Os labregos das terras veciñas ó litoral acudiron desde tempos recuados ás praias, sobre todo despois das marusías invernais, que coincidían coas épocas de pouco traballo no campo, para apaña-lo argazo que o mar deixaba nos areais e nos penedos. Neste caso collíase a pé enxoiro, pero tamén era habitual apañalo desde balsas ou "jangadas" de madeira navegando pola beira da praia; facíanse moreas con el ou estendiase para que secase (perdendo o salitre) e logo transportábase para as leiras en cestos á cabeza, a lombo de cabaerías ou en carros de vacas.

Este tipo de actividade agro-marítima non tería por que deixar constancia documental se non fose polas restriccións e prohibicións eclesiásticas, baseadas sobre todo en dous aspectos: non traballar en festivo e facelo con decoro. Con respecto ó primeiro chegouse sempre a un entendemento, pois os labregos argumentaban, con razón, que ó argazo vai e ben coas mareas e hai que apañalo cando está na praia, sexa ou non festivo, e a Igrexa acepta o razoamento, pero interesadamente, dicindo que non se pode baixar á praia ata despois de oír misa e que hai que apañar tamén para o igrexario.

Sabemos que no condado de Santa Marta de Ortigueira os veciños poden coller argazo sempre que queiran, pero os domingos e festivos ten que ser para a Igrexa, para, co seu valor en metálico, alumear permanentemente ó Santísimo Sacramento e custea-la festa do Corpo de Deus. Para isto facíase unha subhasta anual o día de Reis e adxudicábaselle o dereito ó mellor ofertante, que normalmente eran varios veciños asociados. É posible que esta práctica, que chegou viva a este século, proveña dos privilexios concedidos por El-Rei D. Alfonso X e a súa muller D^a. Violante (GARCÍA RAMOS, 1912: 49-50).

Se queremos recorrer á documentación, como en tantos outros campos, temos que ir a Portugal. E así vemos que en Nabais, ó N de Póvoa de Varzim

hai os mesmos problemas relacionados cos festivos xa desde o S. XIII. Noutra orde de cousas atopamos prohibicións eclesiásticas de faena-las mozas solteiras de noite xa en 1703, e en 1743 e 1767 prohibese mesmo que o fagan as casadas. Tamén en 1730 se prohibe que os homes traballen con saia (Cfr. SOARES, 1985: 267-273). Certamente nada disto deu resultado e cada quen seguiu a face-lo que lle daba a gana. Unha proba de que os homes continuaron a empregar-la típica saia témola en VEIGA, GALHANO e PEREIRA (1975).

Os labregos de preto de Caminha tiñan cabanas comunitarias na praia de Cabedelo, e nelas vivían na época da apaña do argazo (ALVES, 1985: 453). Témo-lo mesmo no litoral de Baiona e en moitas outras praias da nosa costa. Hábía tamén "criados de ir ao mar" e empregábanse embarcacións para colle-lo argazo e o pateiro, así como medio-mundos ou "rodafoles" para pescar e manterse mentres estaban na praia. Por Santos JUNIOR (1985: 171-174) sabemos que tódalas familias fortes de Mindelo tiñan casa na beira do mar, a "casa do mar", feita en pedra, con porta ancha para permitir mete-lo barco, e teito de xunco ou palla. Polo mar de Monte Louro, na bocana N da ría de Muros, había casas semellantes nas que mesmo se gardaban carneiros que algunhas veces suplían a falta de pesca dalgúns mariñeiros da zona sen escrúpulos.

Sempre pensei que nestas actividades agro-marítimas ten que esta-la orixe de moitos asentamentos mariñeiros.

Os desfavorecidos pola fortuna, xentes sen terra, traballadores para outros pola mantenza tiñan que pasar na beira do mar os meses do inverno apañando argazo e pateiro, é dicir, facendo esterco para levar ás terras do amo. Durante os longos meses de invernia terían que se manter co que mariscaban polos penedos do litoral, co que collían cos medio-mundos, etc., e isto foinos afacendo a entende-lo mar, foinos familiarizando con este elemento hostil; pero simultaneamente iríanse dando de conta de que eran máis autónomos que cando estaban traballando nas terras do amo... e chegaría un momento en que algúns decidisen continuar na praia todo o ano, facéndose, sen darse de conta, mariñeiros.

Por outra banda, os labregos do litoral buscaron desde sempre un complemento alimenticio no mar. Polas "Inquirições" de D. Afonso II (1220) e D. Afonso III (1258) sabemos que os labregos ían pescar ó que andando o tempo sería Póvoa de Varzim (FANGUEIRO, 1984: 105). Podería achegar agora unha serie de datos, pero non me vou deter nesta cuestión por tela abordado nos traballos citados en bibliografía. Simplemente remato dicindo que para min está moi claro que as actividades mariñeiras comezaron como un complemento da produción agrícola dos campesiños desfavorecidos.

Aínda hai outra actividade que tamén incidiría na aparición de comunidades de pescadores. Refírome ás salinas. Non é cousa de lembrar aquí a im-

portancia que o sal tivo ó longo dos tempos, mesmo na aparición de culturas importantes a nivel europeo, caso do Hallstatt na zona do actual Salzburgo. Se temos en consideración as vilas romanas con vocación de factorías de salga que están a aparecer no noso litoral, é lícito pensar que, aínda que trouxeran sal do Sur, tamén tentarían extraelo nas proximidades. Cando si xa temos mención explícita documental é na doazón do ano 886 que Alfonso III fai á Igrexa de Santiago dunhas salinas e viveiros confiscados ó conde Hermenexildo Pérez entre o lugar de Padrenda e A Lanzada (estamos na terra do Salnés). Posteriormente haberá doazóns mesmo ó mosteiro de Celanova, xa nos tempos da nai de S. Rosendo (Cfr. BARREIRO SOMOZA, 1988: 246). Os bispos de Mondoñedo ordenan facer salinas e fornos para propicia-la evaporación (RODRÍGUEZ GALDO, 1976: 137).

Non vou falar aquí das salinas da costa portuguesa, xa desde época medieval, remitindo a Brochado de ALMEIDA (1979) e AMORIM (1985: 63). Tampouco entrarei no tema da "espionaxe industrial" e das prohibicións por parte dos gobernos portugueses de exportación de técnicos e tecnoloxías (Cfr. OLIVEIRA, Aurelio, 1985: 91-92). O que si penso é que o traballo nas salinas, nas que non faltaban viveiros, como vemos na Lanzada xa no S. IX, foi outro dos factores que colaboraron no proceso de adaptación e transformación do labrego en mariñeiro.

Resumindo todo o anterior direi que facerse mariñeiro é consecuencia de extrema necesidade vital. Isto mesmo detectouno perfectamente no seu tempo Lucas LABRADA (1971: 202) cando fala da pobreza das terras litorais e da incapacidade dos labregos de soporta-la presión impositiva dos donos das terras. Un autor actual dixo: "El mar entretanto sirve de ayuda, de complemento a unos labradores que poco tienen y menos les queda. En principio parece factible que esta fuese la principal razón de ser de la pesca: contribuir a paliar la miserable situación campesina" (LABARTA, 1979: 17); e xa por último remato con outra cita allea: "La conclusión de todo lo que llevamos dicho es que el hombre de la costa ha sido lanzado del medio agrícola debido a su mínima rentabilidad" (GONDAR, s/d, 97).


En resumo. O home é terrestre e só se fai mariñeiro cando non ten outras posibilidades. O medio mariño debeu de ser aproveitado desde a máis remota antigüidade, pero só temos certeza disto cando chegamos á Cultura Castrexa. Sabemos que baixo Roma o mundo do mar vai sufrir un forte pulo. Non sei o que sucede nos primeiros séculos medievais, pero posiblemente houbo un abandono da pesca para reaparecer, segundo os testemuños documentais, alá polas fins do S. XI. A partir de agora os poderes fácticos (reis, señores laicos e Igrexa sobre todo) teñen moito interese en que unha parte da forza de traballo das súas posesións se dedique á pesca, e así xurdirán burgos e enti-

dades de poboación autónomas dedicados a esta actividade; pero no espacio dunha comunicación non hai posibilidade de desenvolver máis estas cuestións.

BIBLIOGRAFÍA:

- ALMEIDA, Carlos Alberto Brochado de (1979): "Salinas medievais entre o Cávado e o Neiva". Sep. de *Bracara Augusta*. T. XXXIII, fasc. 75-76 (87-88), Braga.
- AMORIM, Manuel (1985): "A evolução biofísica do litoral poveiro e a presenza do homeni na antiguidade". *Actas do Coloquio "Santos Graça" de Etnografía Marítima*. Vol III. Póvoa de Varzim, 21-63.
- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, José María (1980): "Cuadros de Vigo en la Edad Media". En VV.AA.: *Vigo en su Historia*. Vigo, 61-124.
- ALVES, Lourenço et alii (1985): *Caminha e o seu Concelho*. Caminha.
- BARREIRO SOMOZA, Xosé (1988): "As Rías Baixas Galegas nos séculos IX-XIII: Economía e Sociedade". *Coloquio de Etnografía Marítima* (Santiago, 1984). Noia, Museo do Pobo Galego-Consellería de Pesca, 245-250.
- BLÁZQUEZ, José María (1978): "Economía y sociedad de Hispania durante la dinastía de los Antoninos y de los Severos". En VV.AA.: *Historia de España Antigua*. T. II: *Hispania Romana*. Madrid, Ediciones Cátedra, S.A., 443-488.
- CALO LOURIDO, Francisco (1978): *La cultura de un pueblo mariner: Porto do Son*. Madrid, Universidade de Santiago.
- CALO LOURIDO, Francisco (1980): "As artes de pesca". *Cadernos do Museo do Pobo Galego*. N.º 1. Santiago.
- CALO LOURIDO, Francisco (1984): "The Seafaring Fishing Family as an Economic Community in Porto do Son, Galicia, Spain". En: *The Fishing Culture of the World*. Budapest, Akademiai Kiadó, 261-279.
- CALO LOURIDO, Francisco (1993): *A Cultura castrexa*. Ed. A Nosa Terra, Porto, Portugal.
- CALO LOURIDO, Francisco (1994a): "Nacemento das comunidades mariñeiras". *Revista de Guímarães*. En Prensa.
- CALO LOURIDO, Francisco (1994b): *Unha cala na cultura mariñeira*. Vigo. En Prensa.
- CALO LOURIDO, Francisco e SOEIRO, Teresa (1986): "Castro de Baroña. Campañas, 1980/84". *Arqueoloxía/Memorias*. N.º 6. Xunta de Galicia, Pontevedra.
- CORTIZO, Javier (s/d): "Costas". En *Gran Enciclopedia Gallega*. T. 7. Vitoria, 250-251.
- EDMONDSON, Jonathan C. (1990): "Le *Garum* en Lusitanie urbaine et rurale: Hiérarchies de demande et de production". En *Les Villes de Lusitanie Romaine*. Éditions du C.N.R.S., Paris, 123-147.
- FANGUEIRO, Oscar (1984): "A historia poveira e a obra etnográfica de Santos Graça". En *Actas do Colóquio "Santos Graça" de Etnografía Marítima*. I. Póvoa de Varzim, 99-135.
